

foz

O Concello presentou o Plan de Mobilidade, resultado dun intenso traballo colectivo. **Pax. 8**

alfoz

Aumenta nun millón de euros o orzamento municipal deste ano. **Pax. 17**

cervo

O remanente municipal irá para sete actuacións diferentes en todo o municipio. **Pax. 19**

o vicedo

Entrevista ao rexedor, Jesús Novo, na que fala do presente e futuro do Concello. **Pax. 23**

trabada

Adxudicadas as obras de mellora do polideportivo do CEIP Plurilingüe Celso Currás. **Pax. 25**

Viveiro prepárase para a súa cita internacional



Achegar o patrimonio ao público

Xove prepara unha publicación sobre os vestixios arqueolóxicos locais. **Pax. 17**

Aprobación do Plan Único en abril

A Deputación acorda urxirle á Xunta que asuma o custo da acometida ás torres de telefonía. **Pax. 27**

Volve a Copa Deputación de fútbol

Dará comezo o 17 de maio e participarán 76 equipos das diferentes categorías. **Pax. 28**

Preparando as patronais



Comeza a preparación das festas burelesas, que serán do 3 ao 6 de xuño. **Pax. 10**

Club VespaFaba e Clásicos



O club laurentino fala da organización desta tradicional cita co motor. **Pax. 21**

Trail do Caolín ao Fuciño



O Vicedo acollerá unha nova edición da proba o próximo 22 de maio. **Pax. 28**

Pásate á MEGA FIBRA DE ADAMO



Chama xa gratis ao
900 651 679

Visítanos en www.adamo.es



eero
an amazon company

A revolución da Wi-Fi chega con Adamo! Instalámosche gratis o mellor router do mercado

Fibra 1.000 Mb
Móbil 50 GB
con chamadas ilimitadas

Aforra
168€!

30 €/mes
~~44€/mes~~

Dto. durante 12 meses!

adamo
La mega fibra

Oferta válida exclusivamente para novos clientes que non contrataran Adamo nos últimos 3 meses e que contraten entre o 01/02/2022 ao 30/04/2022, ambos inclusive. Non combinable con outras promocións. Internet FAST! + móbil ilimitado 25 GB coa promoción, durante os primeiros 12 meses, só pagarás 30 €/mes, despois PVP total 44 €/mes. Ademais, por contratar móbil 25 GB, levas de agasallo 25 GB adicionais para sempre. Prezo final con IVE e cota de Iña incluídos. Promoción suxeita á permanencia dos servizos de Adamo durante 12 meses. Cota de activación 12,10 € (IVE incluído) que inclúe a instalación dun router premium. En caso de que o cliente solicite a cancelación do servizo e se dese de baixa antes de transcurrir 12 meses, terá un cargo da parte proporcional de 163,35€ (IVE incluído) en concepto de permanencia. Líñas adicionais limitadas a un máximo de 4 por cliente.

A MARIÑA

Arranca a Semana das Artes

O Complexo Sargadelos de Cervo acolleu o acto de inauguración da 7ª Semana das Artes Plásticas da Mariña Lucense celebrada na Sala de exposicións do Complexo Sargadelos de Cervo. Presentáronse as distintas actividades que se realizarán ao redor da figura de Quique Guerra, artista homenaxeado nesta edición, entre as que se atopan visitas guiadas á mostra que se levará a partir de abril ao Cinema de Foz dun total de once centros educativos da comarca da mariña, sufragadas pola Deputación.

Despois da presentación en Cervo das distintas actividades, inaugurárase a obra do artista no Cinema de Foz, ofrecendo a oportunidade a preto de 2.000 escolares e profesores de 11 centros educativos da comarca de achegarse a este espazo para descubrir de primeira man a mostra e realizar obradoiros ao redor desta temática.



Así, nos meses de abril e maio levarase a cabo un calendario de visitas para que o alumnado descubra a obra de Quique Guerra, como patrimonio que é xa de todas e todos o mariñáns, coñecendo a achega do seu traballo na contorna e as relacións emocionais coas sensibilidades da comarca.

Cajoto pide unha reunión sobre Altri co consorcio Impulsa Galicia

O presidente da Mancomunidade da Mariña e alcalde de Foz, Fran Cajoto, vén de solicitar unha reunión coa directora xeral do Consorcio Impulsa Galicia, Enyd López Fernández, para que a planta de fibras téxtiles de Altri veña para a Mariña.

“O gabinete do conselleiro Conde, despois de dúas solicitudes de reunión por escrito o 18 de novembro de 2021 e o 27 de xaneiro deste ano, derivounos a que fagamos unha nova petición de reunión, desta volta á Sociedade para o Desenvolvemento de Proxectos Estratéxicos de Galicia SL (Consorcio Impulsa Galicia), que controla a Xunta e que ten a sede nas oficinas do IGAPE. Fixemos a petición este venres, 11 de marzo, coa mellor das actitudes, co único obxectivo



de que Altri veña para a Mariña, sexa cal sexa o concello. Esperamos que a reunión se faga á maior brevidade e que sexa de proveito. Están pasando os meses e parece que se lle están dando de novo as costas a toda unha comarca”, indicou Fran Cajoto.

O presidente da Mancomunidade da Mariña sinalou que “está subindo o prezo do gasóleo a uns niveis

nunca vistos. A economía afogada, o transporte imposible. E neste contexto a Xunta pretende alonxar unha factoría da materia prima, do eucalipto, que está aquí. ¿Isto é razoable? A lóxica debe estar por encima dos intereses. Estamos a sufrir unha grave crise industrial, con poucas certezas e con peches ao longo destes anos: Ecar, Mobles Hermida, Vestas Viveiro,... Queremos poñer todo da nosa parte, alcaldesas e alcaldes de todas as cores e resolver os problemas que van xurdir, para implantar unha fábrica destas características”. E engadiu que “necesitamos unha resposta, necesitamos que a Xunta nos dea unha resposta clara e nítida. A resposta lóxica, a única que cabe, e que traballemos todos xuntos: Altri para a Mariña SI”.

O Hospital da Mariña dotarase cunha resonancia magnética

O conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, destacou no Parlamento de Galicia, en resposta a unha pregunta do BNG referida á atención sanitaria na Mariña Lucense, que o Executivo galego incluírá unha resonancia magnética fixa para o Hospital Público desta comarca e, a tal efecto, está previsto que as actuacións necesarias para a súa instalación se inicien xa neste ano.

O BNG recriminou á Xunta no Parlamento galego o incumprimento sistemático dos acordos acadados co voto a favor do PP para mellorar a sanidade pública na Mariña que, na actualidade, non mudou en nada “o colapso diario no hospital de Burela onde, ao igual que nos centros de saúde, seguen sen cubrirse nin as baixas, nin as vacacións nin as pra-

zas”.

“As derivacións a Lugo e a ausencia de servizos seguen aí e, o que é peor, non melloraron nin o que se comprometeron a mellorar”, reprochou o deputado nacionalista Daniel Castro. Recordou que o PP votou a favor da recuperación do servizo de HADO/Paliativos en todos os concellos do distrito sanitario “e segue estando só en catro”; dá cobertura de todas as prazas coas que contaba o servizo de radioloxía do hospital comarcal “e segue habendo dúas traballadoras, con sorte 3 algúns días da semana, dos cinco co que conta o servizo”; e do cribado íntegro de cancro de mama na Mariña sen ningunha derivación a Lugo “e ata o último día do proceso seguiron derivando pacientes a Lugo”.

Formoso presenta medidas para actuar ante a guerra de Ucraína

O secretario xeral do PSdeG, Valentín González Formoso, presentou o Plan urxente de medidas económicas e sociais de Galicia. Trátase dun decálogo de medidas co obxectivo de facer fronte a situación de emerxencia derivada da guerra de Ucraína e axudar a superar a situación ás persoas e sectores máis afectados. Consciente de que “a situación é moi crítica, con sectores estratéxicos moi afectados”, Formoso indicou que con estas 10 medidas “os e as socialistas póñense ao servizo da sociedade galega”. En paralelo, tamén lle reclaman á Xunta “que nos chame e que se sente con nós para poder definir as prioridades e os mecanismos axeitados para que

a vida dos galegos e galegas, así como a economía e o emprego, se recuperen na medida do posible”. Tras incidir en que a Xunta “está ausente no peor momento do país dos últimos anos”, o líder socialista lembrou que hai xa 48 horas que se solicitou unha reunión urxente “cun Feijoo máis preocupado por amar Madrid que por amar Galicia”. “Decidiu que a súa prioridade non era este país, e faino no peor momento para adoptar esa decisión”. Ante esa falta de resposta, Formoso subliñou que “o PSdeG é un partido de goberno e que entende que ten a obriga moral de aportar a esta situación na que o conxunto da sociedade está pasando carestías”.

Enmarcou neste contexto a presentación destas dez medidas no eido social e económico. Entre outras cuestións contemplan rebaixas da fiscalidade e incentivos tanto para aos sectores máis afectados como para as familias que o están a pasar peor ou propostas como que se triplique o orzamento destinado ao bono social eléctrico, co obxectivo de chegar a 15.000 beneficiarios. Ademais, para a consecución deste obxectivo, Formoso reivindicou a necesaria coordinación co goberno do Estado, “que loxicamente tamén ten que adoptar medidas de moitísimo calado”.

Consulta o decálogo en www.amariñaxa.com

MEMBER OF
Dow Jones Sustainability Indices
In Collaboration with RobecoSAM

Changing Tomorrow Now

ya llevamos 14 años cambiando hoy el mañana

edp

edp.com

in

O Goberno anuncia rebaixas no combustible e outras medidas

O presidente do Goberno, Pedro Sánchez, presentou o Plan de Resposta ao impacto da guerra en Ucraína e que inclúe o veto aos despedimentos e a bonificación cun mínimo de 20 céntimos o litro de combustible a todos os cidadáns, non só a transportistas. Este plan está valorado en 16.000 millóns de euros.

Estas medidas foron publicadas tras dúas semanas de folga nos transportes con importantes repercusións en todos os sectores, en especial na provincia de Lugo, onde a plataforma convocante ten moito peso social e que participou activamente nas protestas a través de manifestacións, cortes de tráfico, etc...

Este plan conta con cinco eixos que abarcan axudas a familias, traballadores, desprazados e ao tecido empresarial, así como medidas en materia de transportes, ciberseguri-

dade e enerxía.

Entre as medidas para axudar ás familias, traballadores e persoas desprazadas destaca a bonificación cun mínimo de 20 céntimos o litro de combustible a todos os cidadáns, non só aos transportistas.

O Goberno aplicará unha rebaixa de 15 céntimos e as petroleiras un mínimo de 5 céntimos, aínda que algunhas compañías xa anunciaron rebaixas superiores.

Este eixo dirixido a cidadáns tamén incorporará a limitación das revisións das subidas dos prezos dos contratos de alugueiro de vivenda ao 2% no próximos tres meses, así como o aumento do 15% na contía do Ingreso Mínimo Vital (IMV) para chegar a máis familias vulnerables.

Ademais, estenderase a 600.000 familias máis o bono social eléctrico, ata chegar aos 1,9 millóns de foga-



Os transportistas cortaron a A-6 á altura de Guitiriz

res, se prorroga ata o 30 de xuño a rebaixa impositiva na luz e permitirase que as empresas acudan a medidas de flexibilidade, como os ERTE, á vez que se prohiben os despedimentos, como xa sucedeu durante a pandemia.

No que respecta á parte enerxética, Sánchez anunciou que presentará a Bruxelas unha medida "excepcional e temporal" para fixar un prezo de referencia do gas; ademais actualizará o réxime retributivo específico da produción de enerxía eléctrica a

partir das fontes de enerxías renovables, coxeración e residuos, o que supoñerá unha rebaixa dos cargos do sistema eléctrico ata o 55% en 2022. En canto ás medidas para apoiar ao tecido económico e empresarial, o presidente anunciou unha nova liña de avais de créditos ICO por 10.000 millóns de euros para cubrir necesidades de liquidez provocadas polo aumento temporal do custo da enerxía e os combustibles. Tamén haberá axudas directas ás empresas de transporte.

EN BREVE

IMAXINA. O Festival Audiovisual da Mariña Imaxiña xa prepara a súa duodécima edición, para 2022. O presidente da Fundación Imdecum, Marcelino Luna, e o artista multidisciplinario viveirense, David Catá, visitaron o IES Alfoz-O Valadouro, triunfador do concurso fotográfico en 2021, que conta coa colaboración da Deputación. Os traballos desta edición darán paso a unha mostra que abrirá o Imaxiña 2022 en breve, co concurso no outono.

UNED. A UNED Sénior abriu xa o prazo de matrícula para o segundo cuatrimestre no que, en Lugo retomárase a Informática Básica, unha actividade titorizada por Rocío Cuiña Cotarelo, e a Iniciación ao Inglés, impartida por María Soledad Fernández López. Informática Básica será presencial os martes de 18:30 a 20:30 horas a cargo de Rocío Cuiña Cotarelo. Pola súa banda, inglés de iniciación A1 será online e presencial, os xoves de 12:00 a 14:00 horas con María Soledad Fernández López como titora.

A Fundación Caixa Rural Galega Tomás Notario Vacas convoca as primeiras bolsas

A Fundación Caixa Rural Galega Tomás Notario Vacas, formada en outubro de 2021, fixo pública a primeira convocatoria de dúas bolsas para estudos de posgrao que poderán ser cursados entre 2022 e 2023 en territorio nacional ou no estranxeiro, en escolas de recoñecido prestixio e no ámbito agroalimentario ou forestal.

Cada bolsa terá unha dotación máxima de 40.000 euros que poderán destinarse a matrícula e

estancia e cuxo importe definitivo dependerá do lugar e centro no que se realicen os estudos.

Para poder optar a algunha das bolsas, os solicitantes deberán ter un título universitario, ter vinculación con Galicia e poderán ser estudantes recentemente licenciados ou profesionais que xa estean a traballar na actualidade.

O prazo de presentación de solicitudes xa está aberto e finalizará o 6 de maio.

Convocan unha nova edición do programa Mares de Cultura

Comeza unha nova edición do programa *Mares de Cultura, os Nenos e o Mar*, promovido polo GALP A Mariña-Ortega. Trátase dunha campaña escolar de sensibilización e divulgación dos valores e dos recursos do mar, presentada a través dun completo programa de actividades.

A campaña está dirixida a escolares de infantil e primaria de entre 5 e 12 anos de idade dos municipios costeiros da Mariña.

Cada centro educativo poderá so-

licitar a participación de balde na campaña que inclúe unha charla/presentación no centro, e unha xornada de actividades. Cada grupo pode escoller dúas ou tres actividades, para realizar ao longo dunha xornada. O número de participantes por cada centro limitarase a 50 escolares, ampliable dependendo da dispoñibilidade de prazas.

O prazo de inscrición é ata o 19 de abril de 2022 e as actividades realizaránse do 19 de abril ata o 22

de xuño de 2022. Estas consistirán en obradoiro de limpeza de praias, roteiro ornitolóxico de observación de aves, obradoiro de especies invasoras, roteiro interpretativo da Ría, roteiro interpretativo intermareal, Museo Provincial do Mar, carpintería de Ribeira, redeiras Cabo Burela, peixería O Almacén do Peixe, lonxa de Burela, varco Museo Reina del Carmen, Centro de Cultivos Mariños de Ribadeo e kaiak e Surf.



Tenemos lo que necesitas para AMUEBLAR y DECORAR tu hogar






RIBADEO
Rúa San Francisco, 2-4 Bajo 6
Tel.: 636 761 883

BARREIROS
Pol. Ind. Cruz do Lobo
Nave 10
Tels.: 982 585 709
652 110 377

BURELA
C/ Curros Enríquez, 12
Tel.: 660 402 954

“Todo o lixo que remata no chan volve a nós dunha forma ou outra”

Sara Rey é unha das coordinadoras da plataforma A Mariña sen Plástico

Que é A Mariña sen Plástico?

É unha asociación sen ánimo de lucro, de carácter medioambiental, que busca protexer e coidar a nosa contorna loitando principalmente contra a contaminación provocada por plásticos. Enfocámonos na creación de eventos de concienciación contra a contaminación e na divulgación de información sobre este tipo de lixo a través das redes sociais.

Como xurdiu?

Nós pola nosa conta adoitabamos a ir limpar as praias de vez en cando e alí nos conocimos. Empezamos a coincidir e a quedar para facer limpeza de forma máis habitual entre nós. Un día pensamos en que sería xenial que nos xuntáramos máis persoas para limpar, que nos gustaría ensinar as cousas que atopábase nas praias e traballar na nosa propia concienciación e na dos demais sobre este problema do plástico. Entón decidimos crear a asociación, para poder organizar actividades e poder colaborar con outras entidades e así ter máis forza e proxección.

Tan só están na Mariña lucense?

Todos os compoñentes de A Mariña sen Plástico vivimos na Mariña, polo que centramos as nosas accións nesta comarca. Aínda así, non descartamos levar a cabo actividades noutros lugares de Galicia ou España, xa que existen moitas asociacións e colectivos interesantes cos que nos gustaría colaborar.

Cada canto tempo facen limpeza?

A nosa idea é organizar limpeza de forma mensual ou polo menos trimestral, pero a covid e tamén os nosos propios traballos complíannos moito cumprir estas expectativas, polo que nos estamos centrando, sobre todo, na concienciación a través das redes. Nós, pola nosa conta, intentamos ir todas as semanas e tratamos de animar á xente a que vaia tamén sen que nós teñamos que organizar nada. Ao final se todos saímos a dar un paseo na nosa zona e recollemos algo de lixo, o que poidamos, será igual de efectivo (ou máis) que organizar unha limpeza conxunta. Non obstante, temos en mente organizar algunha limpeza en breve, agora que chega mellor tempo.

É necesario limpar de novo as praias nas que xa actuaron?

A verdade é que repetimos moitas praias. Cada un de nós ten a súa praia “favorita”, por chamalo de algunha forma, e sempre nos gusta volver a elas. Frecuentamos moito A Marosa en Burela, Arealonga no Vicedo, Lóngara en Barreiros ou a Caosa en San Cibrao.

Contan con apoio municipal ou estatal?

Actualmente non contamos con axu-

da económica porque tampouco a solicitamos. Para a nosa labor non precisamos gran cousa, tan só tempo. O primeiro ano contamos coas cotas dos socios que nos axudaron a conseguir material para as limpeza, pero actualmente xa non cobramos cota porque non o vemos necesario. Para organizar unha limpeza preferimos, por exemplo, solicitar o material e o seguro a Surfrider. Valoramos moito o apoio que nos poidan brindar as institucións contando con nós na organización de actividades, xa que isto apórtanos visibilidade. Agora mesmo, por exemplo, estamos participando no proxecto BurelaIN organizado polo Concello de Burela.

Que eventos fan?

Principalmente organizamos limpeza de praias, xa sexa pola nosa conta ou con outros colectivos. Limpamos a praia e despois analizamos o lixo que recollimos e facemos unha pequena reflexión. Non descartamos levar a cabo outro tipo de actividades nun futuro, como charlas ou obradoiros, pero de momento non contamos cun local propio, o que complica moito poder xuntar material e poder ofrecer un espazo de traballo.

Cal é a cousa máis rara que atopastes?

A verdade que sorprende todo o que a xente tira polo váter da súa casa, que a veces confúndese cunha papeleira, sen pensar que realmente é unha porta ao mar. Hai moitas cousas que nos chaman atención, os xoguetes ou envases antigos por exemplo, pero quizáis o máis raro que atopamos é unha pequena figura que semella un faro de xoguete. É raro no sentido de que hai moitas persoas que o atoparon en diferentes puntos de Francia, España, Portugal, e ninguén foi quen de averiguar aínda que é exactamente.

E o máis grande?

O máis grande posiblemente sexa algunha rede. Hai algunhas tan grandes que son imposibles de retirar. De feito nunha das limpeza na praia de San Pedro en colaboración con

Coge3 e o Concello de Foz tratamos de sacar unha rede coa axuda dunha grúa e ao final rebentou o cable e a rede nin se moveu. É angustiante pensar que esas redes fantasma enormes viaxan polo mar arrastrando todo ao seu paso.

Cal foi a praia que máis sucia atoparon?

Son varias as praias que, ou pola súa localización cerca de portos ou polas correntes mariñas, acumulan máis lixo que outras. Por exemplo, a zona do Perdouro de Burela é unha zona moi contaminada. Ademais, debido ao difícil acceso é moi complicada de limpar. Pero alí podes atopar todo tipo de lixo, a maioría procedente do sector pesqueiro: nasas, pneumáticos, botas de traballo, luvas, centos de botellas, redes, etc. Outra praia na que atopamos moito lixo,



pero neste caso plásticos pequenos, é a de Lóngara en Barreiros. A primeira vez que fumos quedamos moi sorprendidos, xa que aínda que as praias dos lados estaban máis ou menos limpas, Lóngara estaba plagada de lixo.

E por peso en quilogramos?

Non nos gusta valorar o éxito das limpeza baseándonos no peso do recollido, xa que en Lóngara, por exemplo, que o lixo é moi miúdo, non tería ningún sentido. Ao final non é unha cuestión de quilos.

Vin que ata recolleron envases doutras partes do mundo...



A verdade é que é algo moi común. Moitas cousas posiblemente veñan dos mercantes que pasan pola zona pero moitas outras chegan aquí a través das correntes marítimas, ao igual que o noso lixo aparece tamén noutros lugares afastados. Por exemplo, sabemos que os tarugos das bateas das Rías Baixas están aparecendo na costa de Gran Bretaña. Nas praias da Mariña é moi habitual atopar cousas dos EEUU que chegan aquí a través das correntes marítimas. Por nomear algo, atopamos

de comprar botellas de plástico, etc. Estas pequenas cousas son sinxelas e sen embargo poden supoñer accións revolucionarias se todos as poñemos en práctica.

Todo este lixo afecta ao ser humano e aos animais?

Totalmente. Todo o lixo que remata no chan ao final volve a nós dunha forma ou outra. O plástico que remata no mar vaise desfecendo pouco a pouco converténdose en microplásticos que os peixes confunden con alimento ou que inxiren sen pretendelo. Polo que nós, cando comemos peixe, estamos consumindo plástico. Existe un dato que afirma que unha persoa come á semana unha cantidade de plástico equivalente a unha tarxeta de crédito. Dá que pensar. Por outro lado, os animais son os grandes damnificados, os peixes como acabamos de mencionar, as aves que tamén o inxiren e constrúen os seus niños con este materiais, todos eses animais que morren atrapados polas redes fantasma ou feridos, etc.

A xente está concienciada?

Creemos que é un problema do que se está falando máis nos últimos tempos, pero aínda queda moito por facer. Dáanos a impresión de que a sociedade coñece este problema que é o plástico pero que non acaba de relacionar as súas accións diarias con el. Non somos conscientes do noso poder de acción, tanto para o bo como para o malo. É común ver a alguén dicir “que pena dá ver isto así cheo de lixo” pero que ao segundo tira a cabicha do seu cigarro a un sumidoiro (costume, por certo, moi arraigada e normalizada). Creemos que é importante facer ver que nós no noso día a día podemos facer moito dano ou moito ben, depende do que fagamos e decisións que tomemos. Que este problema medio ambiental tamén é o noso problema. Está claro que as grandes multinacionais e os políticos deberían asumir responsabilidades e tomar medidas urxentes e así llelo debemos esixir, pero non podemos ignorar que nós como consumidores, como sociedade, podemos tamén cambiar a torna das cousas, xa que realmente, ao noso ver, temos máis poder como consumidores que como votantes.

Pódese ler a entrevista completa en www.amariñaxa.com.

NOVAS

viveiro

Viveiro prepara a Semana Santa



A Semana Santa 2022 de Viveiro celebrarase do X ao XX de abril na que centos de fieis congregaranse un ano máis para gozar cunha das mellores celebracións de Semana Santa de Galicia. A festa está declarada como Festa de Interese Turístico Internacional.

Ademais das tradicionais procesións haberá unha presentación do proxecto de coroa para a imaxe da Nosa Señora da Clemencia na capela da Misericordia, un concerto benéfico da Banda a favor de Afa Viveiro ás 18.00 nas Concepcionistas e o pregón de Aurelia Balseiro ás 20.30 horas no teatro. Tamén no teatro o mércores 13 será o primeiro concurso de Marchas Procesionales Blas García Liz e o xoves 14 proxectarase un documental sobre os 75 anos da Irmandade do Prendimiento.

As procesións arrincan o venres 8 coa Virxe das Dores ás 21.00 horas e seguirán o Domingo de Ramos, día 10, coa Borriquito ás 12.00 horas, coa tradicional bendición de ramos e palmas na praza Maior. Ese mesmo domingo será a procesión do Ecce Homo ás 19.30. Todas elas terán saída dende San Francisco.



Xa a semana grande comeza coa Tamborada o luns ás 21.00 horas na praza Maior e seguirá cos Vía Crucis desde San Francisco, o martes o de mulleres ás 21.00 horas e o mércores o de homes 22.00 horas.

Dende San Francisco tamén saíran as procesións do Xoves Santo, a da Última Cea ás 19.30 e O Prendimiento ás 22.00 horas, ás 00.30 será a da Misericordia pero dende o Ecce Homo. Outros actos como O Encontro o Venres Santo ás 10.00 horas na praza Maior, o Sermón das Sete Palabras na Igrexa de San Francisco ás 12.00 horas, o Desenclavo con imaxes articuladas ás 18.30 no atrio de Santa María, a procesión do Santo Entero ás 19.30 desde Santa María, a Pasión ás 22.00 horas desde San Francisco, o Sermón da Soidade ás 00.00 horas e a procesión dos Caladiños ás 00.30.

O 16 de abril é Sábado de Gloria e comezará coa procesión da Esperanza da Resurrección que comezará ás 19.30 horas con saída de San Francisco e o domingo será o Encontro de Resurreccións ás 12.00 desde Santa María. Pecharán os desfiles do Vía Lucis ás 19.30 dese San Francisco.

VISITAS. O Centro Comercial Histórico e a Xunta de Confrarías organizan todos os días xunto co guía Suso Martínez unha serie de visitas desde a praza Maior. O luns, martes e mércores ás 18.00 horas, xoves ás 12.00, venres 13.00, o sábado ás 17.30 horas e o domingo ás 13.00 horas. Os grupos serán de 35 persoas máximo e para participar haberá que reservar praza chamando ao 650 506 717.

OBRADOIROS. O Concello presenta o seu programa de obradoiros gratuitos, dirixidos á infancia entre 4 e 12 anos. En total, realizaranse tres talleres, co obxectivo de ofrecer unha proposta de lecer durante as vacacións escolares e facilitar a conciliación familiar.

O primeiro será o luns 11 de abril sobre papiroflexia, xogos e baile. O martes, 12 de abril, os cativos e cativas gozarán de malabares, xogos e happy ioga. Por último, o mércores 13 de abril, os participantes terán unha ginkana, xogos e retos de lóxica. Nas tres xornadas o horario será de 10:30 a 13:30. Para participar, cómpre realizar a inscrición por WhatsApp no teléfono 654 208 333.

O PSOE elixe a executiva local en asemblea



A agrupación municipal do PsdG-PSOE elixiu María Loureiro García Secretaria Xeral por aclamación. A Executiva Local do PsdG-PSOE queda formada por María Loureiro García, como Secretaria Xeral; Lara Fernández Fernández-Noriega, como Vicesecretaria Xeral ao cargo de Muller, Igualdade e Cultura; Mari Carmen Franco Díaz, como Secretaria de Organización; Vicen-

te Hermida Rodríguez, á fronte da Secretaría de Política Municipal e Medio Rural; Covadonga Viamonte Aguiar, na Secretaría de Emprego, Industria, Comercio e Turismo; Óscar Canoura González, na Secretaría de Xuventude e Deporte; Victoria Baamonde Gómez, na Secretaría de Acción Social e Educación; e Jesús Fernández Fernández, na Secretaría de Facenda e Pesca.



20 ANOS. A Banda Naval de Viveiro vén de cumprir os seus primeiros 20 anos de historia formando parte das vidas da veciñanza viveirense. A alcaldesa estende a felicitación polo aniversario á nova directora da banda, Inma Costa.



VA VEIGUELA ABOGADOS

30 AÑOS DE EXPERIENCIA EN DERECHO LABORAL

INCAPACIDADES | DESPIDOS | ACCIDENTES LABORALES

1ª CONSULTA GRATUITA
Llámanos: **982 228 606**

Plaza Mártires de Carral, nº 7, Entlo. Dcha., Lugo. 982 228 606

veiguelabogados | veiguela abogados

O PP e Por Viveiro esixen cambios para o polígono de Landrove

O PP de Viveiro esixe a Loureiro que cumpra o acordo plenario para mellorar o polígono de Landrove e critica que en 5 anos non pedira as subvencións da Xunta para parques empresariais.

Segundo espuxo o PP no pleno, entre outras necesidades do polígono de Landrove están o aumento de iluminación, a cobertura de internet, o incremento do número de contedores para a recollida do lixo, así como a dotación de sinalización tanto interior como exterior do parque. Óscar Rodríguez sinala: "Este goberno sen ideas e totalmente esgotado deixou pasar cinco ocasións para conseguir subvencións da Xunta para a mellora de parques empresariais. Subvencionan un 85% ata un máximo de 120.000 euros; incluso é posible conseguir un adianto do 25%. Que se lles pasara a primeira convocatoria, non sendo xustificable, podería ser entendible; pero é que pasaron todas as convocatorias e non se acolleron a ningunha. E dicir, pasaron 600.000 euros por diante da porta do Concello e non se molestaron en pedir nin un euro".

POR VIVEIRO. O Grupo Municipal de Por Viveiro trasladará unha nova proposta para a súa aprobación en pleno que consiste na bonificación do 100% do recibo do imposto de bens inmobles (IBI), no ano de solicitude da licenza de nova actividade para o parque empresarial de Landrove. Ademais considera que esta bonificación aplicará tamén para os dous anos posteriores.

"A pesares do incremento de solicitudes dos últimos anos, a día de hoxe, case 11 anos despois da súa inauguración, aínda hai bastantes parcelas sen ningunha actividade. En Por Viveiro entendemos que o Concello de Viveiro debe adoptar as medidas necesarias para facilitar a implantación de novas empresas no parque empresarial de Landrove, sendo moi importante a bonificación das cargas impositivas nos primeiros anos de actividade", engaden.



O BNG di que a rúa Misericordia segue sen servizos básicos

O BNG vén de facer público que os veciños da rúa Misericordia levan 20 anos cun único acceso ás súas casas, sendo este sen saída e estreito, non tendo o ancho suficiente de dous vehículos o que provoca que de atoparse, un deles ten que ir marcha atrás.

"Despréndese desta característica que un vehículo como o de bombeiros ou unha ambulancia, non pode acceder a este burgo

de casas polo que en situación de emerxencia non sería posible acceder a esta zona co conseguinte perigo para a veciñanza. Tampouco pode acceder o camión do lixo, polo que se recolle a man nunha furgoneta por parte dos operarios e son os veciños quen limpan os colectores, a pesar de pagar impostos coma os demais", din os nacionalistas viveirenses.

Panorama e Remember Queen, pratos fortes do Viveiro Music Fest

Presentado o Viveiro Music Fest, un festival que terá lugar o 8 de abril de 2022, a partir das 11.00 horas, no campo de fútbol de Celeiro, organizado pola Asociación de Festexos A Medorra coa colaboración do Concello.

No programa do Viveiro Music Fest inclúese a primeira actuación da Gira 2022 da Orquestra Panorama e a homenaxe a Queen e Freddie Mercury de Remember Queen, que é o tributo oficial nº 1 en Europa, así como a actuación da discoteca móbil Decibelios.

As entradas están á venda dende as 13:00 horas do día 17 de marzo. As entradas anticipadas poden adquirirse a través de ticketea.com ou nos puntos de venda física que a organización comunicará proxima mente. Tamén se poderán com-



prar o mesmo día da actuación na taquilla, que abrirá ás 16:00 horas. O Concello de Viveiro colabora coa organización deste festival, que terá lugar o Venres de Dolores e para o cal se tivo en conta o seu horario, de modo que as actuacións non empecen ata que acabe a procesión.

O Concello esixirá seguro para a saca de madeira

O Pleno do Concello de Viveiro aprobou a Ordenanza reguladora do uso común especial dos viais municipais para a saca de madeira coa abstención do BNG e o voto negativo do PP e Por Viveiro.

O concello considera prioritario o sector forestal para a economía local e quere impulsar a súa actividade. O obxectivo da nova norma é regular a saca de madeira e compatibilizala coa correcta conservación dos viais e camiños públicos nun concello como Viveiro, con paraxes naturais, montaña e diferentes rutas de sendeirismo. Así, no texto da ordenanza requírense 300.000 euros como mínimo en concepto de seguro en caso de sinistro, ademais os maderistas deberanse inscribir no rexistro municipal para poder controlar o desenvolvemento das actividades. Por outra banda, se a empresa carecera de seguro pediráselle unha garantía para a reparación dos danos que poida ocasionar cunha fianza en metálico ou aval bancario de 2 euros por tonelada de madeira a ex-

traes, de 2 euros por cada metro lineal de vía con pavimento de terra ou zahorra, e 4 euros por metro lineal en vías pavimentadas con asfalto, aglomerado ou formigón.

Tamén será necesario informar ao Concello cunha solicitude previa para as actividades extractivas de madeira como de biomasa e cunha antelación de 15 días. Esta ordenanza contempla sancións de ata 600 euros por infraccións leves, 1.500 por graves e ata 3.000 euros por moi graves. Esta ordenanza entrará en vigor cando transcorra o prazo de 15 días hábiles tras a súa publicación íntegra no BOP.

A finalidade desta ordenanza é polo tanto poder regular o uso común especial dos viais municipais para este fin, compatibilizando a actividade forestal coa conservación dos viais de titularidade municipal e establecendo o procedemento a seguir para tramitar e obter as autorizacións necesarias para a realización desta actividade no termo municipal de Viveiro.

O CIM xa ten gañadores do seu concurso de fotografía

Entregou os premios do concurso de fotografía amateur Mulleres e Traballo e o de debuxo escolar Mamá traballadora, ambos convocados pola delegación municipal de Muller e o Centro de Información ás Mulleres (CIM) de Viveiro con motivo da conmemoración do Día Internacional da Muller. O primeiro premio, dotado con 300 euros foir para a fotografía *Muller galega*, traballo e tempo, de Sandra López López. O segundo, dotado con 150 euros foi para a fotografía *Al tajo* da autora Reyes Cedá Mira.

Finalmente, o terceiro, dotado con 100 euros correspondeu á fotogra-

fía *Traballadora do campo*, do autor lago Manuel Souto Lorenzo.

Concedeuse tamén un premio especial do público, dotado con 100 euros, para a fotografía *A cultura segura*, inclusiva e feminista enche de vida, da autora María Simón Cundíns.

No concurso de debuxo escolar Mamá traballadora os premios foron para Beltrán Pernas Pernas, de 3º de Primaria do CEIP Lois Tobío; Beatriz García Fernández, de 4º do CPR Landro; Alejandra Raquel Olivares Alcántara de 5º do CPR Landro, e Juanjo Bouza Chao, de 6º e tamén do mesmo centro.

MENÚ DIARIO
MENÚS ESPECIALES
PESCADOS

Plaza Conde Fontao, 3 (Puerto) - Foz - Tel.: 982 140 433

ABIERTO TODOS LOS DÍAS

Reforzado o alumeado en tres parques infantís do municipio



O Concello de Viveiro informa do remate dos traballos para reforzar o alumeado dos parques infantís do paseo marítimo de Viveiro, de Lodeiro e de Parquemar.

No parque do paseo marítimo de Viveiro colocáronse dúas columnas de oito metros, con dous proxectores en cada unha delas, de 100 vatios e de 50 vatios. Ademais, cada unha destas columnas ten na parte baixa unha luminaria como as que

xa había anteriormente.

En Parquemar instalouse unha columna de 10 metros con tres proxectores de 100 vatios e en Lodeiro tamén se instalaron dous proxectores novos. No parque de Lodeiro, queda pendente a colocación de tres luminarias para substituír as xa existentes, quedando este labor pendente por falta de subministración como consecuencia da folga de transportistas.

O Concello pechou o 2021 con estabilidade orzamentaria

O pleno do Concello de Viveiro incluíu na súa orde do día a dación de conta da liquidación do orzamento municipal de 2021, en cumprimento da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira. "A liquidación do orzamento xeral do exercicio 2021 cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria, cunha capacidade de financiamento de 1.178.728,15 euros", di Loureiro. Polo que respecta á regra de gasto, aínda que quedou suspendida por mor da pandemia para os exercicios 2020-2021, faise constar no informe de intervención que o concello cumpre esta regra, ao ser a diferenza entre o gasto computable do exercicio de 10.360.628,05 € e o gasto

máximo de 11.885.555,12 € (segundo o Plan Económico Financeiro, 1.524.927,07 €, o que representa unha variación do gasto computable 2021/2020 de -0,92%).

Así mesmo, o período medio de pago do Concello de Viveiro do cuarto trimestre foi de 3,15 días e se cumpre co Plan de Saneamento cun aforro neto positivo de 339.811,57 €, un aforro bruto positivo de 1.525.206,11 € e un remanente de tesourería para gastos xerais de 874.446,14 €.

Finalmente, tamén se cumpre co límite de débeda pública, cunha débeda vida que ascende a 9,3 millóns, que supón o 68,96% dos ingresos correntes.

Viveiro enxalza a figura de Maruja Mallo



Viveiro acolleu o primeiro ciclo de conferencias *Maruja Mallo. Viveiro e a vangarda do século XX*. A cita, co obxectivo de enxalzar a figura da artista viveirense, contou cos relatorios de José Luis Ferris e Carlos Nuevo Cal.

Na conferencia, ambos expertos sobre a figura de Maruja Mallo deron a coñecer facetas feministas desta muller, ata o momento ocultas. A cita suscitou un interesante debate sobre a traxectoria tanto persoal como cultural de Maruja Mallo.

O ciclo de conferencias continuou co programa do Día Internacional da Muller do Concello de Viveiro, que tiña como eixo central a figura desta artista viveirense, para dar visibilidade ao percorrido das mulleres artistas.

Estas conferencias continuarán nos próximos meses, dado o éxito da primeira edición. Como xa adiantou o Concello de Viveiro, a vindeira cita será o 21 de abril, da man de Antón Reixa, quen falará sobre o seu documental *Maruja Mallo, mitad ángel, mitad marisco*.

A Asociación de Veciños Casco Antigo fai unha excursión

Dende a Asociación de Veciños Casco Antigo de Viveiro veñen de informar que participarán no programa da Deputación Coñece a túa provincia. A excursión que realizarán será o día 21 de abril e conta con 23 prazas. A saída farase dende a estación de autobuses de Viveiro, ás 8.40 e a primeira parada será a Castro Ribeiras de Lea para poder visitar a Granxa Gayoso Castro. Máis tarde seguirán o camiño cara Monforte de Lemos para visitar o Pazo de Tor, o casco histórico, o colexio do Cardeal e Centro do Viño da Ribeira Sacra.

Dentro dos servizos están incluídos o transporte, un guía acompañante, o xantar que consta dun menú con primeiro e segundo prato, sobremesa, café ou infusión e bebidas, ademais das entradas aos lugares de visita e o seguro de viaxeiros.

Confirmada a III Carreira de Cabalos Cidade de Viveiro

Por terceira vez, Viveiro acollerá a Carreira de Cabalos Cidade de Viveiro, na que os amantes dos equinos poderán presenciar as mellores carreiras. Este torneo vaise disputar os días 10 e 11 de setembro no campo de fútbol de Celeiro, sempre e cando as circunstancias sanitarias o permitan. En anos anteriores participaron a asociación Cabaleiros do Landro, a Federación Galega de Hípica, a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Viveiro. En 2019 contaron tamén con feira de gando e premios para os que levaban o maior número de reses equinas e outros cen para o número maior de cabezas de vacún. Ademais dos premios para as diferentes modalidades do torneo.

Xullo acollerá a quinta edición do festival viveirense Ether

Este ano volve o festival Ether, An Electronic Odyssey, que chega á súa quinta edición despois da parada provocada pola covid, realizarase nos Xardíns Noriega Varela de Viveiro o 30 de xullo.

A oferta cultural ofrecida polo Ether 2022 divídese en dúas partes: os Etherkids e o festival de música. Por un lado, os Etherkids serán realizados na semana anterior ao festival de música. Nestas actividades de

lecer para os meniños, o comportamento creativo é promovido através de novos contextos tendo a música electrónica como protagonista. Por outro lado, o festival de música comezará coa sesión vermú, que se conectará co resto das actuacións con presenza de artistas nacionais e internacionais de Techno, House e Disco principalmente.

Ether – An Electronic Odyssey é un festival único da música electrónica.

Regresa a Romería do Bispo Santo entre o 13 e o 15 de maio tras dous anos sen celebrarse

Este ano volverá celebrarse a Romería do Bispo Santo, organizada pola asociación cultural que leva este mesmo nome e que estivo parada durante dous anos debido a pandemia da covid.

Así, a cita será entre os días 13 e 15 de maio pero o programa aínda se está a preparar e que xa avanzan que estará limitado debido ás circunstancias actuais e á falta de orzamento debido á premura da celebración.

A asociación cívico-cultural Obispo Santo no estivo parada estes dous anos xa que estivo a reunir fotografías da celebración da romería co obxectivo de conter o material necesario para solicitar a declaración de Festa de Interese Turístico.

Esta romería ten lugar coincidindo coa celebración das Letras Galegas, o 17 de maio, e todos os anos congrega a centos de persoas durante varias xornadas.

Presentado o Plan de Mobilidade

O Concello de Foz presentou na Casa da Cultura o Plan de Mobilidade Sostible, nun acto público para as veciñas e veciños do municipio. Participaron o alcalde, Fran Cajoto; o concelleiro coordinador da Axenda 2030, Carlos García, e técnicos da empresa redactora.

Os asistentes foron informados dos resultados dun traballo colectivo, no que participaron non só os técnicos da empresa e o equipo de goberno, senón todos os grupos políticos, técnicos municipais, Policía Local, Protección Civil, asociacións de veciños, asociacións de comerciantes, profesionais de moitas materias e numerosos veciños e veciñas de a pé. O alcalde destaca que “cando todos estamos a sumar nótase. Este documento é unha guía, un plan marco que nos dá unha imaxe moi clara das deficiencias que temos na vila e no conxunto do concello en canto á mobilidade e que camiño debemos seguir. Analizáronse os desprazamentos diarios das persoas e definíronse eixos claros en torno ao transporte público, aos estacionamentos, ás rutas peonís, ao uso da bicicleta. Tamén no relacionado aos accesos



O momento da presentación do Plan de Mobilidade

ao núcleo urbano, ao que se incorpora o Acceso Foz Centro, que está a proxectar o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana. É un documento completo, susceptible de modificacións, pero que xa se está a empregar en actuacións que se iniciaron hai ben pouco, como na urbanización de Costa do Castro -subida ao cemiterio de Foz- e na renovación da rúa Limoeiros”.

O concelleiro Carlos García incide no proxecto de futuro que ten Foz, no que “está moi presente o

obxectivo 11 da Axenda 2030, que establece que as cidades e pobos deben ser inclusivos, seguros, resilientes e sostibles. Debemos ir cos tempos: primar a seguridade, eliminar barreiras arquitectónicas e que Foz sexa máis amable, máis cómodo, máis atractivo para vivir. En función dos orzamentos imos desenvolvendo as distintas accións”. Fran Cajoto desvelou a seguinte actuación para a que se está buscando orzamento na vila: o eixo que conforman Salvador de Madariaga e a Avenida dos Irmandiños. “

O IES de Foz quiere implantar un ciclo formativo sobre Turismo

O IES de Foz empeza este venres, día 25, unha mesa de traballo cos representantes dos concellos da Mariña para elaborar a oferta formativa do vindeiro curso, dentro da cal podería incluírse un ciclo dual sobre turismo.

O director do IES de Foz, Nicolás Asensio, explica que “A Mariña é unha potencia no sector turístico, en auxe, que precisa de profesionais que capitalicen proxectos turísticos tanto de dinamización como de desenvolvemento e guía. Froito da colaboración entre administracións, vaise analizar a posible implantación dun ciclo formativo de grao superior de Guía, información e asistencia turística, en modalidade dual. Nestas reunións participarán alcaldes e alcaldesas, concelleiros/as de Turismo e técnicos/as de Turismo xunto con representantes do IES de Foz. Este venres ás 10:00 horas será a primeira das reunións no propio instituto e seguirán a vindeira semana en Ribadeo e Viveiro”.

O Concello presentou as alegacións ao proxecto da A-74

O Concello de Foz presentou, dentro do prazo legal establecido, alegacións ao Proxecto Autovía A-74, de A Mariña. Tramo: Burela-Foz. O documento está a disposición de todas as veciñas e veciños no portal de transparencia do Concello.

O rexedor municipal destaca que “a autovía é un proxecto moi importante, crucial, para Foz e para toda a comarca. A nivel local dispoñer dunha autovía vai servir para potenciar o parque empresarial e que máis persoas nos veñan visitar, ademais da redución de tráfico en

travesías tan perigosas como son as de Fazouro, Nois e Cangas”.

Fran Cajoto engade que “o proxecto ten un impacto evidente sobre as infraestruturas existentes. Planexáronse modificacións para a mellora na reposición da estrada LU-P-2007, hai alegacións sobre a reposición de camiños que consideramos deben ser subsanadas, pedimos un estudo sobre o impacto e o posible cambio de tipoloxía dunha obra de drenaxe en Fazouro e o estudo de diversas afeccións sobre a rede de abastecemento municipal”.

O PSOE refórzase coa nova executiva

O alcalde Fran Cajoto colle o relevo como secretario xeral do PSOE da man de Chema Linares, que tamén forma parte da nova executiva.

A executiva está reforzada no plano político por Carlos García, Vicesecretario Xeral e responsable de Proxecto Político e Acción Electoral.

María Luisa Piñeira Núñez continúa como Secretaria de Organización e ocuparase tamén das áreas de Administración, Educación e Saúde. José María Linares Rodríguez pasa a ser Secretario de Facenda, Turismo e Cultura e Jesús Hermida Carracedo Secretario de Política Municipal, Deporte e Xuventude. Completan a executiva Ana Matea Rojo Eijo,





Secretaria de Igualdade, Benestar e Dependencia; Javier Fraga Fernández, Secretario de Medio Rural, Medio Ambiente e Transición Ecolóxica; Vanina Cabrera Sánchez, Secretaria


de Emprego e Comercio; María Nelly Castro Neira, Secretaria de Xubilados e Pensionistas e José Ramón Villariño Neira, Secretario de Pesca e Patrimonio.

VEN A REPOSTAR
A  Ortegal Oil

ESTACIONES DE SERVICIO ABIERTAS 24H Y 100% SEGURAS
OFRECIENDO SIEMPRE LO MEJOR PARA NUESTROS CLIENTES

 www.ortegaloil.es

 [Ortegaloil](https://www.facebook.com/Ortegaloil)

 881 93 18 56

Escanea y visita
nuestras estaciones



Renovan o parque infantil do Paseo de Colón



O alcalde e o concelleiro de Turismo, diante do parque infantil

O Concello de Foz, con cargo ao Plan Único do 2021, está procedendo á renovación completa do parque infantil de Paseo de Colón. O alcalde, Fran Cajoto, explica: “retiráronse os xogos e as antigas losetas de caucho e agora mesmo estase reparando o valado perimetral. O parque vai contar cun pavimento novo acabado en encapsulado aplicado in situ e novos xogos: unha estrutura con zona de escalada e tobogán, un columpio mixto e dúas figuras de muelle. É un parque moi utilizado e estamos desexando velo rematado para que poidan desfrutar

todos os pequechos”.

O concelleiro de Turismo e Asuntos Económicos, Chema Linares, destaca a renovación do parque infantil da zona turística de referencia en Foz, A Rapadoira: “esta é a nosa fachada, a nosa carta de presentación como pobo turístico. O parque, ben preto de locais de hostalería e afastado do tráfico, é moi utilizado e queremos que estea en óptimas condicións”.

O Concello de Foz pide desculpas polas molestias ocasionadas polas obras e agarda que rematen o antes posible.

O BNG focense esixe frear a perda de persoal na oficina da AEAT

O BNG esixe frear a perda de persoal na oficina da AEAT pois dende o ano 2000 houbo unha redución de postos de traballo nas administracións.

“Galicia non ten capacidade fiscal e normativa plena, po lo que unha boa parte das actividades tributarias e dos impostos que pagan as galegas e galegos son de xestión estatal e corresponden a Axencia Estatal da Administración Tributaria. Esta Axencia Estatal ten unha oficina en Foz que da servizo a toda a Mariña”, din os nacionalistas focegos.

“Dende o ano 2000 sufrimos un recorte de persoal perdéndose máis de 100 postos de traballo en Galicia, o que prexudicou a prestación de servizos. Tamén no noso Concello, cunha redución de máis do 30% na delegación de Foz”, din. Dende o BNG cren necesario frear o desmantelamento das oficinas en todo o territorio galego, mentres non se avance nas competencias da Axencia Tributaria Galega.

“A preocupación dos traballadores das delegacións é evidente pois trá-

tase dun servizo público que debe dar cobertura ás necesidades de información e xestión da cidadanía no ámbito tributario, que implica unha grande responsabilidade e complexidade para as persoas non expertas que conduce a que cada vez máis galegos e galegas delegan este tipo de tarefas en xestorías”, din dende a formación política.

En vísperas de iniciar en abril a campaña do IRPF, “voltaremos a sufrir as eivas dun servizo tamén esencial po lo que solicitamos o apoio do Pleno do Concello de Foz para instar ao goberno central para que a administración da AEAT en Foz recupere, aos traballadores do ano 2000 garantindo a atención presencial ao público para o asesoramento e servizos que presta”.

Ademais piden que se inste á Xunta a trasladar a súa disconformidade ao goberno central pola drástica redución de postos de traballo que sufriron as administracións da AEAT en Galicia e no entanto a tomar medidas para evitar a discriminación por fenda dixital.

Os alumnos do Martínez Otero fórmanse en técnicas de supervivencia

Dentro da programación da materia de Educación Física de secundaria, e relacionado coa cadea de supervivencia, desenvolveuse, na tarde do luns 14 de marzo, no colexio Martínez Otero, unha actividade que o centro considera vital, como é a de formar ao alumnado e ao profesorado nas técnicas básicas de supervivencia.

Grazas a Carmen Pernas, médica especialista en familia e formadora, os nenos de 4^º da ESO puideron coñecer, máis polo miúdo, como actuar en casos de perda de coñecemento, atragoamentos ou as maniobras relacionadas coa RCP. A formación combinou sesións teóricas e prácticas. Nestas últimas, Carmen estivo acompañada tamén por persoal sanitario, Camilo Vázquez, Sara Muíña e Patricia Amigo, que colaborou na explicación.

As sesións prácticas baseáronse en tres estacións, polas que o alumnado debía ir rotando, onde se executaba o aprendido nas clases teóricas: ventilacións, masaxes, posicións laterais de seguridade, uso do DEA etc. Ademais grazas a unha campaña impulsada pola ANPA o Colexio Martínez Otero é un centro cardioprotexido.

AR

Hijos de Ramón Rubal

COMPRAMOS MADERA PINO Y EUCALIPTO

982 55 86 00

ASERRADERO Y APROVECHAMIENTO FORESTAL

DPTO. FORESTAL 665 69 72 99 - 671 72 22 42

www.hijosderamonrubalsl.es
alfoz@hijosderamonrubalsl.es

EN BREVE

PASADA DAS CABRAS. A asociación Pasada das Cabras, de Burela, organiza unha nova ruta para o 9 de abril. Este roteiro será de 8 quilómetros e pasará pola fervenza do Bellelle en Neda. A saída será ás 8.30 horas da Estación de Autobuses de Burela e é necesario anotarse para este roteiro en Gráficas Arfe ou chamando aos teléfonos 982 580 504 e 657 821 194. Dende a organización lembran que é imprescindible anotarse para participar e o prezo da ruta é de 25 euros para socios e 30 para os que non o sexan, e inclúe o autobús, o almorzo e o seguro.

ESPECTÁCULO. O 14 de maio chegará a Burela o novo espectáculo de Cantajuego. A xira de 2022 denomínase Viva mi planeta e terá lugar en dous pases, ás 16.30 e ás 19.00 horas. Este é un gran espectáculo infantil a cargo do grupo Scenasound e no que as cancións e coreografías deste grupo farán as delicias de todo o público asistente. Cantajuegos é a oportunidade para os adultos de achegarse aos nenos, reír e gozar de belas cancións xunto aos personaxes que conviven no mundo da fantasía e do xogo.

CRUZ VERMELLA. O Concello colabora coa Cruz Vermella para recadar fondos económicos destinados a financiar as primeiras necesidades dun grupo de ucrainos que chegaron hai uns días á localidade. As doazóns económicas poderán realizarse durante dúas semanas na seguinte conta de ABanca: ES77 2080 0101 5630 4001 0079. O Concello de Burela agradece “toda a colaboración cidadá para que estas persoas que fuxiron da guerra se atopen do mellor xeito posible entre nós”.

MINERAIS CONTRA O CANCRO. Burela asinou un convenio de colaboración coa Facultade de Veterinaria en Lugo para poder axudar no desenvolvemento do proxecto de investigación de minerais contra o cancro. Llano contou que “axudaremos todo o que poidamos neste proxecto que cremos que é o moi necesario, moi bo para toda a poboación e que precisa da colaboración de todas as institucións, incluso de todas as persoas que poidan axudar neste aspecto”. O alcalde de Burela explicou que “fíxose unha exposición do que se pretende, o tempo que vai levar e a poboación que vai ser investigada. Parécenos que iso repercute moi positivamente na loita contra o cancro e ademais penso que vai derivar tamén nunha mellor formación para establecer a alimentación máis adecuada para evitar enfermarse de cancro ou os que enfermen poidan curarse antes.

Avanzan na preparación das festas patronais



A comisión de festas de Burela

As festas patronais de Burela desenvolveranse do 3 ao 6 de xuño. A comisión organizadora comezou a pedir donativos polos negocios locais, segundo anunciou a concelleira de Festexos, Toñi Eijo.

A edil burelesa explicou que “a comisión de festas vai saír á rúa a pedir donativos polo comercio e pola hostalería para as festas de Burela, que serán os días 3, 4, 5 e 6 de xuño. Intentamos ter a colaboración máxima porque este ano non está a situación como cando fixéramos as últimas festas. Entón esperamos ter axuda tanto de comercio como de hostalería, pero tamén temos unha conta aberta en Abanca para que calquera particular que queira dar un donativo, aínda que sexan 2 euros, poida

facelo; vennos todo xenial”.

Toñi Eijo dixo que “xa temos contratadas as orquestras, pero para o resto do programa contaremos co que se vaia recadando para facer unhas cousas ou outras. Se recadamos o diñeiro necesario e temos a sorte de que se poida facer todo o que se facía nos últimos anos así o faremos”. A comisión xa confirmou a participación de varias orquestras. Así, América e Saudade estarán o venres 3 en Burela; Dimensión e Salvaje o sábado 4; Ritmo Joven e El Combo Dominicano o domingo 5, e o luns pecharán as celebracións Solara e Panorama.

As Encaixeiros de Burela colaborarán coa comisión organizadora das festas patronais de 2022.

O Camiño do Mar promoverase entre a mocidade burelesa

A Concellería de Turismo promocionará o Camiño do Mar nos Ceips Virxe do Carme e Vista Alegre. Ramiro Fernández Rey considera que se trata dun acicate turístico moi importante para toda a Mariña “e hai que intentar explotalo da mellor maneira posible”.

O concelleiro de Turismo contou que “a iniciativa que vamos poñer en marcha, grazas ao Plan Único da Deputación Provincial, á que quero agradecerlle esta axuda, levarase a cabo coa colaboración dos centros educativos, neste caso os CEIP Virxe do Carme e Vista Alegre, cuxos directores participaron na xuntanza que tivemos coa organización sen ánimo de lucro que nos vai axudar a sacar o proxecto para adiante. Trátase de dar a coñecer entre os nenos e as nenas, neste caso o alumnado de Primaria, o que é o Camiño do Mar. Este trazado está en cernes e esperamos que en breve se poida oficializar como un camiño recoñecido pola Xunta de Galicia pois

todos os pasos indican que vai ser así. E queremos que os nosos nenos empecen a familiarizarse co Camiño do Mar, co seu trazado en Burela”.

O edil burelés sinalou que “consiste en promover o Camiño do Mar entre a nosa xente nova e ademais cunha concienciación medioambiental, que vamos aproveitar para darlle tamén para poder ver a fauna e a flora da zona e incluso a evolución de Burela. Eu penso que é unha iniciativa positiva, que vai ter moi boa acollida, de feito os directores dos colexios apuntáronse rapidamente a participar e a colaborar. É un primeiro paso para esa promoción do Camiño do Mar e esperamos poder seguir avanzando e facendo novas iniciativas que poidan axudar a ese impulso do Camiño do Mar porque eu penso que vai ser un motor económico, turístico e hostaleiro na Mariña. Estas iniciativas son positivas para Burela e para toda a comarca”.

Convocada a segunda edición do Certame de Vídeos Musicarte

Burela acollerá o segundo Certame de Vídeos Musicais Musicarte que organiza a Concellería de Cultura. O edil de Cultura, José Díaz, informou que “comezamos con ela o ano pasado, ocorréusenos a idea pola pandemia que non permitía ás escolas de música actuacións en exteriores e así tiñan esa posibilidade de gravar un vídeo clip e participar nun concurso a nivel autonómico”.

Díaz adiantou que “este ano vai haber algúns cambios respecto a as bases do 2021 para buscar máis participación e máis repercusión social, non soamente en escolas de música, aínda que por suposto tamén. Pero todos eses detalles presentáremosos mañá, a partir de únaa do mediodía no Conce-



llo, coa presenza de quen será un ano máis a presidenta do xurado, a quen lle agradezo como sempre a súa implicación en todas as actividades, proxectos e propostas culturais do noso Concello desde fai xa uns cuantos anos, que é Estibaliz Veiga”.

O PP local propón a restauración da histórica Casa do Caminero

O Grupo Municipal Popular de Burela propón a execución dun proxecto de restauración e posta en valor da casa do caminero, unha vivenda que forma parte da historia da nosa vila. Os populares defenderán no vindeiro pleno que se recupere de forma que poida ser empregada para usos sociais, culturais, formativos ou divulgativos. “É un ben de titularidade municipal e, polo tanto, é obriga do Concello protexelo e coidalo”, sinala o voceiro, Manuel Rouco.

Rouco que subliña que “está caendo a cachos” e, polo tanto, lamenta a “deplorable imaxe que supón o seu

mal estado para as persoas que visitan Burela porque é a primeira casa que se encontran na entrada á vila vindo dende o veciño Concello de Cervo. Desafortunadamente, o seu estado é un bo reflexo da situación na que se atopa a Burela de hoxe en día”, conclúe.

Os populares agardan, nesta ocasión, que “a diferenza do que fixeron ao longo deste mandato, o goberno do señor Llano teña a ben apoiar esta iniciativa do Grupo Municipal Popular para a defensa e a conservación doutro emblema da rica historia da nosa vila”.

Convocan unha acción formativa de alfabetización de adultos

O Programa de Inmigrantes da Concellería de Inmigración, Cooperación e Integración de Burela vai organizar de novo unha acción formativa de alfabetización de adultos/as para a aprendizaxe dos idiomas oficiais que se falan en Galicia. Está financiada pola Consellería de Política Social da Xunta e polo Fondo Social Europeo e comezou o 1 de abril.

Noelia M^a Ben comentou que “con esta formación trátase de axudar a lograr unha adquisición lingüística favorable para o bo desenvolvemento tanto na vida social como laboral

das persoas estranxeiras, xa que entendemos que o bo coñecemento e o bo uso do idioma é un dos motores principais para a integración integral”. As persoas interesadas en obter máis información poden dirixirse á Casa do Concello ou chamando por teléfono ao 982 58 60 00 ou 982 58 06 09.

A concelleira de Inmigración e Integración lembrou que “segue aberto o prazo para a participación nos Cursos de Lemas e Debuxo-Pintura do Día Internacional para a Eliminación da Discriminación Racial”.

A Xunta compromete 5,2 millóns para un novo colector

A Xunta investirá 5,2 millóns de euros na execución do novo colector xeral de Burela, que mellorará o sistema de saneamento do municipio. Estas obras, que desenvolveranse como colaboración técnico-financiera da Xunta co Concello de Burela. Constitúen unha primeira fase da mellora do sistema de saneamento e depuración do municipio e completaranse coa execución da nova depuradora, cuxo proxecto está redactado e pendente da tramitación ambiental.

As actuacións proxectadas teñen como obxectivo o reforzo da capacidade dos colectores existentes, evitando os alivios sen tratamento previo e concentrando nun único punto as augas a tratar para o seu envío á depuradora, funcionando como bombeo de cabeceira. O pra-

zo de execución dos traballos é de 15 meses.

De modo máis detallado, acometerase unha estación de bombeo e tratamento de augas residuais que recollerá a maior parte das augas residuais de Burela para impulsalas cara á futura depuradora.

A intervención tamén inclúe a renovación da rede de colectores xerais de saneamento para dirixir as augas residuais á nova estación, e a execución de novos colectores secundarios para dar servizo de saneamento á zona portuaria, reducindo a infiltración de auga ao sistema.

Ademais, construíranse unha impulsión á nova depuradora, unha conducción de vertido entre a nova instalación e a depuradora actual e un bombeo secundario e a correspondente impulsión da zona adxa-

cente á lonxa.

As obras contarán co cofinanciamento da Unión Europea, no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2014/2020.

NOVA DEPURADORA. A execución do colector xeral complementárase coa nova depuradora de Burela, cuxo proxecto está xa redactado e actualmente en fase de supervisión. A nova instalación, que virá resolver as deficiencias da actual planta, incluírá sistemas de pretratamento, tratamento biolóxico e desinfección.

A nova planta de tratamento de augas residuais situarase na zona de servizo do porto de Burela nunha parcela duns 3.500 m² nas inmediacións do novo viario de acceso ao porto.

Estudantes piden a Llano un carril bici e melloras no transporte



Alfredo Llano, mantivo unha xuntanza con alumnado do IES Perdouro na que os rapaces lle pediron a creación dalgún carril bici e avogaron por un transporte público con máis horarios para poder desprazarse pola comarca a realizar diferentes ciclos formativos. O alumnado aposta polos desprazamentos a pé e en bicicleta en Burela para evitar o emprego do coche e así reducir a contaminación. O alcalde explicou que "con respecto ao que solicitan, vaise estudar e hai que destacar que, por exemplo, sobre o do transporte público xa estamos traballando niso, xa temos

reclamado máis transporte público aquí, na Mariña, con enlaces en diferentes lugares. Iso favorecería o que piden eles, que é poder ir a ciclos formativos que se ofertan en calquera concello desta comarca, desprazándose con todas as garantías e con horarios que deben ser respectados. E tamén sobre o transporte a Santiago e á Coruña é algo que levamos tempo demandando porque agora mesmo está moi mermado, sobre todo as fins de semana. Estamos insistindo en que se volvan recuperar os horarios que había antes". 170 rapaces asinaron o escrito.

Escollido o mural que decorará a conserveira da rúa Berbés

Durante os meses de febreiro e marzo, o proxecto Burela IN lanzou un concurso arredor da presentación dunha proposta artística que reflecta o carácter mariñeiro da vila, empregando materiais reciclados e acondicionando un muro en desuso, o situado na rúa do Berbés, facendo esquina con Eijo Garay, e que foi cedido pola Confraría de Burela ao Concello de Burela para dedicala a esta actividade.

Presentáronse un total de 10 obras artísticas, de distintas persoas e colectivos da Mariña. O xurado,

composto polas entidades que forman parte do proxecto, e outras contempladas nas bases do concurso, reuniuse o 16 de marzo para valorar as propostas e nomear á gañadora. O xurado estivo composto por 9 entidades.

A obra que salientou sobre todas as propostas foi a nomeada *Burela, o mar e as súas xentes*, presentada polos artistas locais Belén Mogo e Martín Lestao, que recibirán un premio de 3.000 euros, ademais do apoio do Concello de Burela e as entidades implicadas no proxecto

Burela IN na realización da obra.

Ademais, o proxecto Burela IN continúa a súa andaina para a concienciación sobre a problemática do lixo mariño e a transformación de residuos. Para iso, elaborará unha mostra informativa, empregando os refugallos recollidos nas actividades ambientais, e explicando a súa orixe e consecuencias. Esta mostra terá un carácter itinerante, e será elaborada entre as asociacións participantes no proxecto. No mes de xullo, planifican unha xornada de presentación de resultados.



GLORIA DO CORNETA. Cunha concentración e coa lectura dun manifesto tiveron lugar en Burela os actos para celebrar o Día Internacional da Muller. A burelesa Gloria González Niño (Gloria do Corneta) xa conta cunha rúa na súa vila. Este mediodía descubriu unha placa con moita emoción e recibiu un ramo de flores.



VEN A VISITARNOS

SEMANA SANTA EN VIVEIRO
DECLARADA DE INTERÉS TURÍSTICO INTERNACIONAL



Concello de Viveiro
aViveiro

BREVES

EXCURSIÓN. A Agrupación Cultural Francisco Lanza de Ribadeo organiza para o sábado 23 de abril unha excursión cultural pola Chaira. A saída farase dende a praza de Abastos de Ribadeo ás 9.00 horas e a volta será ás 19.30 horas. Durante todo o día visitarase varias marabillas culturais como a Casa Museo Manuel María en Outeiro de Rei, o monumento Romano de Santa Eulalia de Boveda e a Domus do Mitreo en Lugo. Así mesmo, lembran que se os participantes que queiran asistir teñen deberán avisar mandando un Whastapp ao teléfono 699 809 606.

ALINGUA. O Concello integrouse no colectivo Alingua, a asociación de entidades locais pola lingua galega que foi presentada en Santiago. Esta localidade é a única da provincia en sumarse a esta iniciativa da que forman parte un total de 18 concellos. Alingua, Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega, naceu co obxectivo de desenvolver proxectos conxuntos no ámbito da normalización do idioma. A organización xorde para "lles dar resposta aos múltiples retos de futuro que o galego debe afrontar". Esta iniciativa conxunta trata de fomentar a cooperación entre institucións locais e o traballo en rede.

XINETES DE REMOURELLE. Os xinetes de Remourelle, de Ribadeo, organizan para o 7 de maio a X Ruta Cabalar, que foi cancelada pola prohibición de celebración nos momentos da pandemia. A xornada dará comezo pola mañá, ás 10.30 horas, coa recepción dos participantes para máis tarde das saída a ruta e ao xantar. Na metade da ruta farase unha parada para tomar uns pinchos e repoñer forzas. A organización do evento lembra a os interesados que fagan a súa reserva chamando ao 659 629 417, 636 864 132 e 676 770 918.

EMMED. A Escola Municipal de Música e Danza (EMMeD) impulsa nove audicións nas diferentes disciplinas ata o mes de xuño. Trala de vento madeira, xa celebrada, seguirán a de acordeón (6 de abril – EMMeD), vento metal (27 de abril – Teatro), danza (29 de abril no Auditorio), guitarra (11 de maio – Teatro), música tradicional (13 de maio – Teatro), percusión (20 de maio – percusión), piano (26 de maio – piano) e canto (6 de xuño – EMMeD). Todas as actividades serán ás 20.00 horas e abertas ao público ata completar aforo.

REFUXIADOS. O centro de Pedro Murias que está preparado con habitacións, cociña, calefacción, etc, para acoller a refuxiados da guerra de Ucarina.

Propoñen a avenida de América para instalar o novo centro de saúde



Concello e Consellería de Sanidade coinciden na elección dos terreos para a construción do novo centro de saúde, que podería estar situado na Avenida de América, fronte á estación de servizo. O alcalde, Fernando Suárez, ven de dirixirle unha carta ao conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, na que o informa do estado de todo este proceso e demanda apoio do persoal técnico da Consellería para axudar a resolver as dúbidas que poidan ir xurdindo.

O conselleiro informou de que consideran dúas das cinco propostas que desde o Concello se lle propuxeron na xuntanza técnica que mantiveron con el na Consellería de Sanidade, en Santiago. Desde entón o Concello encargou a uns profesionais solventes un estudo de viabilidade técnico, económico, temporal e de procedemento a seguir para poñer a disposición da Consellería de Sanidade os terreos necesarios para a construción dun novo centro de saúde.



40 lastras homenaxean ás vítimas do franquismo

O Concello colocou 40 lastras en homenaxe ás vítimas do franquismo. As Pedras da Memoria formarán parte das máis de 75.000 que a Fundación Stolpersteine leva postas desde 1997 en 20 países en toda Europa. Ribadeo é o primeiro Concello de Galicia en contar con este recoñecemento, que se celebrou no parque de San Francisco. Familiares, amigos e o artista alemán Gunter Demnig déronse cita neste acto, que foi conducido polo alcalde, Fernando Suárez, e no que interviñeron tamén familiares de vítimas ribadenses do franquismo. As Pedras da Memoria estarán situadas en lugares onde esas per-

soas homenaxeadas viviron ou traballaron. 24 das 40 lastras foron colocados por Gunter Demnig, mentres se celebraba este acto, no parque de San Francisco e o resto estarán diante dos domicilios ou lugares de traballo das vítimas do franquismo en diferentes rúas de Ribadeo e tamén unha delas en Rinlo.

A continuación proxectouse un vídeo coas testemuñas recollidas nas últimas semanas. Ducas de persoas asistiron a este recoñecemento que se celebrou no parque de San Francisco. Ao principio e ao remate profesores da Escola Municipal de Música e Danza de Ribadeo interpretaron varias pezas musicais.

Do 14 ao 22 de maio terá lugar o XV Ribadeo de Tapeo

Do 14 ao 22 de maio terá lugar o XV Ribadeo de Tapeo. Os establecementos hostaleiros que desexen participar neste concurso gastronómico teñen ata o 11 de abril para anotarse. Ribadeo retoma, despois desta época da covid, o famoso concurso gastronómico Ribadeo de Tapeo, que chega á súa décimo quinta edición e na que o prezo das tapas serán de 2 euros. Esta edición contará cunha fase previa e as semanas anteriores á celebración do evento gastronómico un cociñeiro especializado na materia, degustará as tapas presentadas ao concurso. Esta fase terá

simplemente un carácter de intercambio de impresións da elaboración e presentación das propostas desta cociña en miniatura. A estes premios concorrerán todos os establecementos inscritos no concurso. A organización resérvase a posibilidade de realizar dúas quendas de selección. Unha primeira onde se escollerán os establecementos finalistas e outra quenda onde se escollerán os premiados. Como en edicións anteriores, concorrerán todos os establecementos inscritos no concurso e os gañadores serán elixidos polo público.

O Sepes bonifica o prezo das parcelas do parque industrial

O Consello de Administración de Sepes autorizou a comercialización das 43 parcelas do parque empresarial Ribadeo Industrial, onde a 14 parcelas realizou unha bonificación do 35% do prezo e a outras seis un concesión de dereitos de superficie con opción de compra durante 30 anos. A comercialización das parcelas e a concesión de dereitos de superficie con opción de compra poderán realizarse individualmente ou por lotes, en atención á estratexia comercial que se considere conveniente. As bonificacións das 14 parcelas (A1, C1, C2, C6, C7, C11, C19, D2, D12, D6, D8, F3, F4 e F5), estableceuse atendendo aos seguintes criterios, entre eles que son de distintas tipoloxías para facilitar a instalación de calquera proxecto; moitas delas, son lindeiros con algunha das empresas con actividade no parque empresarial con obxecto de facilitar a posible

ampliación das mesmas, e en función dos tamaños de parcelas os prezos finais bonificados sitúanse entre 42,90 €/m² e o 48,75€/m². A vixencia da promoción de bonificación dos prezos finalizará o 31 de decembro de 2022. As parcelas E1 a E6 comercializaranse mediante a concesión de dereitos de superficie con opción de compra, que permita captar proxectos que ocupen maior superficie e faciliten a viabilidade dos mesmos, ao non ter que facer fronte inicialmente ao importe de compra das parcelas. O contrato recoñecerá a favor do superficiario un dereito de opción de compra gratuíta, por un prazo de 8 anos. Fixouse un canon sobre o prezo base de licitación, que crecerá progresivamente, sendo 1,5% os dous primeiros anos, 2,5% os dous seguintes e a partir do quinto ano o 3,5%.



LIMPEZA DE RÍOS. A Confederación Hidrográfica do Cantábrico finalizou os traballos de mantemento e conservación no rego Lexoso nas inmediacións de O Mondigo, municipio de Ribadeo. A lonxitude total desta actuación ascende a 1655 m de leito. Os traballos principais consistiron na retirada de árbores caídas no leito, así como a talla de árbores secas, enfermos ou con risco de caída, e realización de labores de poda.

Vega esixe ao Concello sacar a concurso os locais libres na praza

O Grupo Popular esíxelle ao goberno do BNG sacar a concurso os locais libres da praza de abastos “para xerar riqueza, emprego e como sinal de aposta pola praza de abastos”, indica o portavoz, Daniel Vega.

O popular explica que “dende o comezo deste mandato, dende o Grupo Municipal Popular apostamos polo emprego en xeral porque, sen lugar a dúbidas, Ribadeo necesita iniciativas empresariais e nós quixemos informar sobre as axudas da Xunta que poden resultar útiles para apoiar iniciativas empresariais”.

De forma máis concreta, “apostamos tamén pola praza de abastos”. De feito, a Xunta achegou 39.000 euros para mellorar o edificio e tódolos anos aporta 9.800 euros en axudas que benefician directamente aos praceiros. Seguiremos apoiando e colaborando con eles”, avanza.

Vega bota de menos “a implicación do goberno local do BNG de cara a



favorecer o asentamento de iniciativas empresarias”. E, en relación á praza de abastos, lembra que “fai dous anos os praceiros pedíronlle ao goberno local que tomara unha decisión: sacar a concurso todos estes locais que están cerrados na praza de abastos porque hai moitas persoas que teñen un proxecto empresarial, queren apostar por Ribadeo, pero o goberno local impídelle ter un pos-

to na praza de abastos”.

O portavoz do Grupo Municipal Popular lamenta que “o goberno do BNG conteste aos praceiros dicindo que non teñen tempo, que non está a iso. É unha vergonza e por iso imos levar este tema a pleno para que lles explique que pasa e porque non se queren abrir eses locais pechados, a pesar de que os praceiros levan moito tempo demandando medidas”.

Dous barrios de Vilausende melloran o subministro de auga

Deron comezo as obras de ampliación das redes municipais de subministro de auga potable en dous barrios de Vilausende, que se estaban abastecendo de traídas particulares. O investimento ascende a 40.500 euros. Trátase dos núcleos do Carbón e de Santomé. Eran dos poucos que non dispoñían de acceso á auga municipal, dado que se surtían con traídas particulares.

O proxecto contempla a extensión da acometida dun 270 metros para Carbón e 1.500 metros para Santomé. As tubaxes serán de 63 mm de diámetro, levarán válvulas, arquetas de rexistro así como dúas bocas de rego. O proxecto ascende a 40.500 euros e foi adjudicado a Construcións Saa, de Foz.

BARRIO DE SAN MIGUEL. Deu comezo a segunda fase das obras de mellora das rúas e espazos públicos do barrio de San Miguel cun investimento de 48.000 euros. Esta segunda fase de mellora afecta ás rúas e espazos públicos que quedaron pendentes do ano anterior e que levaban varios anos sen reparacións. Ademais, se vai amañar tamén a rúa Justo Barreiro.



Vaise mellorar e acondicionar o exterior da Escola de Ove

Vaise mellorar e acondicionar o exterior da Escola de Ove cun investimento total ascenderá a 13.000 euros cunha achega do Goberno galego. O equipo de goberno quere favorecer a imaxe de Ribadeo como destino turístico ligado ao Camiño de Santiago e como lugar de encontro cómodo e agradable para a veciñanza desa parroquia, segundo explicou hoxe o concelleiro de Medio Rural, Marcos Villamil. Ao pé do camiño de Santiago atópase a Escola de Ove, cuxo estado de conservación exterior non é o máis axeitado por iso queren actuar na mellora paisaxística e de embelecemento de bens e recur-

sos que se atopan no Camiño de Santiago.

Os técnicos municipais elaboraron un proxecto de mellora e acondicionamento exterior da Escola de Ove, por importe duns 13.000 euros que inclúe o pintado de todo o edificio, reparar a carpintería exterior, así como unha serie de obras de mellora que consigan o dobre obxectivo de: por unha banda, favorecer a imaxe de Ribadeo como destino turístico ligado ao Camiño de Santiago; e, por outra, a de mellorar a Escola de Ove, como lugar de encontro cómodo e agradable para todos os veciños e veciñas desta parroquia.

O PP denuncia unha falta de actuación en rúas, instalacións e accesos

O coordinador de deportes dos populares ribadenses, Tito Suárez, lamenta que “o goberno local do BNG siga sen actuar nas instalacións deportivas municipais: non o fixo no Pepe Barrera, nin no polideportivo municipal da Rúa Alfredo Deaño nin no parque biosaudable do aparcamento municipal e tampouco nas instalacións deportivas do rural”. Despois de poñer como exemplo o abandono da pista polideportiva de Rinlo, sinala tamén o mal estado da pista polideportiva de Ove “e o lamentable e vergonzoso estado do seu entorno”.

O popular explica que “seguimos á espera de que o goberno municipal se preocupe polas entidades deportivas e os lugares onde practican os seus respectivos deportes”. Condena, nese sentido, “a falta de traballo e o pasotismo deste goberno do BNG” e, máis concretamente, “do concelleiro de deportes que conta con dedicación exclusiva; é dicir, págámoslle todos os veciños para que realice este labor. Dá a sensación de que o supera a situación e o cargo”, remarca.

Pola súa banda, a popular Elena Sierra explica que “pasan os días e sen darnos conta entraremos no verán e os veciños da nosa vila atoparanse co mesmo problema que o ano pasado: os accesos á praia do Cargadero seguen sen arranxarse”. Iso a pesar de que “o goberno local leva dous anos anunciando o seu arranxa; pero, ata agora, nin rastro”.

Sierra advirte da preocupación e interese dos veciños para que se arranxen os accesos a esta praia: “mesmo chegaron a reunirse todos para pedirlo ao señor alcalde”.

Ademais, engade que “desde o inicio

deste mandato, o noso Grupo leva denunciando o mal estado no que se atopan as rúas de Ribadeo”.

“Non é un capricho que se lle ocorre ao Grupo Municipal Popular. É porque os veciños trasladánnos a súa preocupación polo estado lamentable no que se atopan as rúas da nosa vila: as nosas beirarrúas atópanse con lastras rotas e cheas de verdín que xa produciron varios resbalones, aínda que non tiveron consecuencias. Falamos de rúas moi transitadas como poden ser rúa da Alza”, manifesta a popular.

O Grupo Municipal Popular ten manifestado en numerosas ocasións a falta dun protocolo de mantemento e conservación: “falta un protocolo de limpeza no día a día.

ECONOMÍA. O voceiro do Grupo Municipal Popular de Ribadeo, Daniel Vega, advirte que “debido aos retrasos do goberno local no pago das facturas, empresas locais, empresas de Ribadeo, se plantexan deixar de prestar servizo ao Concello”.

O popular, que considera “moi grave” esta situación, adianta que “o Grupo Municipal Popular esixirá explicacións no pleno ao goberno local porque cremos que o goberno do BNG ten que dar explicacións aos veciños dos motivos polos que non se están pagando as facturas”.

Os populares levan dende o inicio do mandato denunciando o retraso do pago das facturas e as subvencións aos colectivos e piden que “se paguen en tempo e forma”.

Tamén reclaman ao alcalde o retraso na celebración dos plenos dende o inicio do mandato. O Grupo Popular pide “algo moi sinxelo: celebrar os plenos en tempo e forma”.

DEPILACIÓN con
NUEVO LÁSER
DE DIODO
de ÚLTIMA GENERACIÓN
Milesman
Efectividad
PROTECCIÓN para la PIEL

Dermatología
Centro de Estética

Foz
Cita Previa:
664 527 486

ROCKLANDS ACADEMY ...where English is fun!

CURSO 2022/2023
Foz y Lourenzá
Reservar tu plaza para el nuevo curso

Reserva ahora!
982 103 377
605 738 247
www.docklandsacademy.es

“Somos unha gran familia itinerante que goza das actividades pola Mariña”

Belén Antolín, presidenta do grupo de sendeirismo Barreiros Mar e Monte

Que é Barreiros Mar e Monte?

Pois somos un grupo de amigos que nos xuntamos para facer roteiros e comer pola Mariña e a súa contorna.

Como xurdiu este grupo?

Xurdiu como un grupo de Facebook para organizar actividades, en principio semanais... e logo atopámonos con Xesús Seivane do Café Bar Moderno, máis coñecido como o Markés, que levaba organizando hai tempo roteiros por Barreiros e unimos sinerxias.

Quen se atopa á fronte?

Parece que a cara visible do grupo son eu, pero realmente somos un equipo no que está Alberto, que está pendente en todos os roteiros de calquera incidente que poida xurdir, ademais de asesorar ao grupo; Guillermo e Bao que son os nosos guías expertos en roteiros por Barreiros; JM que sempre colabora e organiza; Suso do Moderno que nos transmite sempre a súa paixón polo Concello e sempre a anda leando; Cervantes e Marilú que son o núcleo duro... e moitos máis máis, que me desculpen se me esquezo de alguén.

Son todos de Barreiros?

Moitos vivimos aquí aínda que non nacemos en Barreiros e outros moitos veñen pasar tempadas e atópanse coa súa familia de roteiros como así nos din.

Onde se reunen?

Pois nas nosas casas e xardíns particulares e nas sobremesas das comidas semanais, de feito aí xa saíron varios proxectos.

Non temos local aínda e de feito fago un chamamento a se alguén pode ou quere cedernos un sería xenial.

Que obxetivos perseguen?

Pois realmente deixamos fluír un pouco as ideas pero en principio, achegar experiencias, roteiros, comidas, folclore, xuntanzas...

Quen forma parte ou pode formar parte?

Agora mesmo formamos parte unha chea de xente, internautas e amigos do grupo de Facebook, que son 2.100 membros. Pero que participen nas actividades, pois depende, neste último fomos 16 ao roteiro e o xantar, aínda que no aniversario e ceas de Nadal chegamos a ser ata 90.

Somos un grupo aberto, calquera persoa con boa enerxía e positivo que queira compartir o amor pola zona é benvido, incluídos os cans.

Que destacades das actividades que facedes?

Pois realmente o bo ambiente e a flexibilidade, facemos roteiros case á carta.

A Mariña conta con asociacións como a súa?

Mar e Monte realmente é un grupo de Facebook e de WhatsApp onde anunciamos actividades, compar-

timos información da zona, colgamos fotos, eventos, gastronomía e divulgamos o espectacular que é Barreiros e a súa contorna. Únenos a paixón pola zona e o bo ambiente. Sei que hai asociacións de sendeirismo pola zona, por exemplo en Foz, Lourenzá etc., pero coa nosa filosofía creo que non porque a nós diferencian sobre todo a adaptación ás demandas, o que ao final fainos ser como unha gran familia de persoas itinerantes que cando veñen a Barreiros sentes como que estás na casa, temos recepcións de benvida e despedida e todo, vemos partidos de fútbol, imos xantar, por suposto a andar, compartimos o folclore mariño, temos gaitero e todo, o noso amigo Antón.

Cal foi o roteiro máis curioso?

Non se dicir só un pois facemos algúns raros. Na festa do Samaín, por exemplo, fixemos un roteiro nocturno e subimos a pé a Santo Estevo, ceamos alí e fixemos queimada co seu conxuro a cargo do Markés. Outra curiosa foi a camiñada nocturna ás Catedrais con cea-bocadillo. E que dicir do último baño do ano no que todos os 31 de decembro nos xuntamos na praia de Altar e os que non nos bañamos animamos vestidos de monxes. E tamén imposible esquecer as ceas e comidas do Nadal, do 24 e 31 de decembro, onde nos



xuntamos 20 ou 30 persoas que nos coñecíamos moi pouco pero cos que hai un nexo especial, ou os roteiros onde durmimos fóra.

E o máis longo?

Algún con Guillermo Otero o noso guía experto de Barreiros ou o que fixemos no Val do Silencio nos Oscos de case 20 quilómetros.

O que maior participantes tivo?

Creo que foi no cuarto aniversario, o 17 de xaneiro participamos 88 persoas e houbo roteiro, xantar, gaitas con Roberto o Gaitero, teatro co rupo Trípode, sobremesa, baile, risas. Un día completo de actividades.

De cara aos vindeiros meses, teñen algún proxecto en mente?

En abril temos previstas roteiros ao Valadouro, San Tirso de Abres, o roteiro do Ferro de Riotorto e Santo Estevo do Ermo. Todas coas súas respectivas comidas e sobremesas.

Fan colaboracións con outros grupos?

Durante catro veráns colaboramos facendo de guías no bus cultural por Barreiros onde Tongo Ran-

deira, experto en historia e folclore galego fixo de guía de maneira altruísta, do mesmo xeito que nos colaboramos con outros grupos de Barreiros e arredores. Tamén axudamos co Entroido, recadación dos premios, colaboración coa carreira das praias, de Reis... axudamos coa recuperación do lavadoiro Asperavilar, limpeza de praias, etc... quen necesite colaboración xa sabe a aí estamos.

Cal é súa marca personal?

Podo dicir con moita alegría que aquí, nesta familia de Mar e Monte teño a moi bos amigos dos de verdade, e sobre todo que grazas a coñecerse neste grupo tamén se forxaron amizades das boas. Así que, que máis se pode pedir? Quen queira probar e atrevase, xa sabe, Mar e Monte en estado puro...ollo.

Como se poden poñer en contacto a xente para participar?

Pois nas nosas redes sociais Barreirosmaremonte, no teléfono e Whatsapp 622 758 079.

A Confederación limpa o río Portobragán en Villamartín



A Confederación Hidrográfica do Cantábrico finalizou os traballos de mantemento e conservación en dous tramos do río Portobragán na contorna de Villamartín. A lonxitude total destas actuacións ascende a 1043 m de leito.

Os traballos principais consistiron na retirada de árbores e restos vexetais acumulados en diferentes tramos do leito, así como a talla de árbores secas, enfermos ou con

risco de caída, e pódaa da ramaxe intensiva e arbustiva que diminúe a sección de desagüe dos leitos.

Estes traballos, cun investimento de 12.573,85 €, realizáronse a través da empresa pública Tragsa dentro do Programa de mantemento e conservación de leitos que desenvolve a Confederación fóra das zonas urbanas, nas que os labores de conservación e mantemento de leitos son competencia dos concellos.

Respaldo do Estado para facer a depuradora de San Miguel

A alcaldesa de Barreiros, acompañada da segunda tenente de alcaldesa, mantivo un encontro telemático co Secretario de Estado de Medio Ambiente, Hugo Morán, para trasladarlle directamente a problemática existente na praia de Arealonga respecto aos verquidos derivados da falta de depuración de augas residuais.

Continúan así desde o goberno municipal na busca de colaboracións que permitan levar a cabo tan importante investimento, xa que para o Concello de Barreiros é inasumible realizalo sen a implicación doutras administracións.

Ana Ermida espuxo que “é unha problemática que podería solucionarse coa construción dunha nova depuradora en San Miguel, para o que se requirirían fondos excepcionais, dado a importancia do investimento e as limitación orzamentarias do



Reunión telemática da alcaldesa co Secretario de Estado

municipio.”

O Secretario de Estado de Medio Ambiente, Hugo Morán, recoñeceu a importancia de levar a cabo dito investimento e garantiu o traballo do seu departamento para que os fondos que se transfiran á Xunta de Galicia para este fin contemplan dita

actuación.

Desde o Concello reiterarán á conselleira Ethel Vázquez a necesidade de que o departamento que dirixe considere esta actuación como prioritaria á hora de investir os fondos de recuperación que o Estado transfira ás Comunidades Autónomas,.

A DEPUTACIÓN INVISTE NAS ESTRADAS PROVINCIAIS



Mellora do firme da LU-P-3807 que une Bravos con San Pantaleón, no concello de Oourol.

A institución provincial inviste preto de 95.500€ na rehabilitación da pavimentación e a reposición das liñas e marcas viarias reflexivas brancas de boa parte do trazado desta vía, co que aumentará a seguridade e a comodidade dos usuarios e usuarias. Trátase dunha actuación importante, posto que esta estrada dá servizo a varias parroquias e é a vía que utiliza a veciñanza e os visitantes para acudir á igrexa de San Pantaleón de Cabanas, así mesmo, é a vía máis rápida que teñen os veciños desta parroquia para chegar a Oourol e Viveiro.


Uns traballos que complementan os realizados pola institución noutras catro estradas provinciais que articulan este concello. Actuacións nas que a Deputación invistiu preto de 300.000€ para a mellora de diferentes tramos da LU-P-6602, da LU-P-3805, da LU-P-3808 e da LU-P-6406.

A mellora da mobilidade é unhas das prioridades marcadas polo presidente, eido no que decidiu aumentar as partidas nun 7%, ata acadar os 17,3M€, no Orzamento deste ano. José Tomé subliña que con todas estas actuacións na rede viaria provincial, a máis extensa de España, con 4.200 quilómetros, e tres veces superior á da Xunta en Lugo, a Deputación de Lugo segue traballando "nun dos nosos principais obxectivos, como é a mellora das comunicacións viarias, necesarias para aumentar a calidade de vida dos veciños e veciñas, e favorecer a igualdade de oportunidades e o reequilibrio territorial.



A DEPUTACIÓN CONTINÚA A MELLORAR A REDE VIARIA PROVINCIAL, FAVORECENDO DESTE XEITO A SEGURIDADE, O EQUILIBRIO TERRITORIAL E A CALIDADE DE VIDA DOS VECIÑOS E VECIÑAS DA PROVINCIA DE LUGO

En CHOLO, S.L. abarcamos todos os ámbitos da obra civil e industrial; sendo as nosas especialidades as urbanizacións, canalizacións de todo tipo, pavimentacións asfálticas, desmontes, centrais de produción enerxética...



CONSTRUCCIONES
CHOLO



OBRA PÚBLICA E PRIVADA. As actividades centrais da nosa empresa son a obra civil e industrial; dirixida tanto aos diferentes organismos públicos como a clientes privados.

CANTEIRA. A nosa canteira está situada entre Rábade e Vilalba (Lugo), na estrada LU-541, 10. Nesta canteira extraemos ao descuberto materiais de orixe silíceo, como áridos para a construción e áridos para gando.

CONTENEDORES. Realizamos a retirada de residuos de construción, demolición e industriais non perigosos; e o seu posterior traslado a unha planta de xestión autorizada.



Cursos para utilizar o móbil

O Concello de Alfoz organiza para os seus veciños 12 cursos intensivos, gratuítos e en grupos reducidos para aprender a utilizar o móbil. Comenzarase con cursos de nivel básico no mes de abril e logo, no mes de maio, impartiranse os de nivel avanzado.

Van dirixido a toda a poboación pero, especialmente aos máis maiores, incluído o alumnado do Programa de Envelhecimento Activo Municipal Activamente.

Tamén se realizará un curso específico para Asociacións e Clubs de Alfoz, para axudarlles no manexo do certificado electrónico, sedes electrónicas das distintas Administracións Públicas, solicitudes de subvencións, etc.

O obxectivo principal é acurtar a chamada fenda dixital, que impli-

ca que unha parte da poboación, maioritariamente nova, manexa con soltura ferramentas tecnológicas e aproveita o seu potencial, mentres outra parte -os maiores- pérdense eses beneficios por carecer dos coñecementos necesarios.

Comenzarase con cursos de nivel básico e logo de nivel avanzado, todos en 2 sesións de 1 hora e media, o luns e o mércores na Casa da Cultura. Hai 2 horarios para elixir, o primeiro de 17.00 horas a 18.30 horas e o segundo de 18.45 horas a 20.15 horas.

As persoas interesadas poden anotarse na casa do Concello (Oficina de Rexistro) ou chamado ao 982 558 001 (ext.3). Para máis información poden chamar ao 982 558 001 (ext.2).

Estrean Coidados porta a porta

Alfoz acolle o programa Coidados porta a porta, a través da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia e Silman 97.

Este programa gratuito ofrece unha serie de servizos destinados ás persoas maiores, en unidades móbiles que percorreren diferentes concellos do medio rural das 4 provincias galegas.

Estará instalada fronte á piscina municipal de Alfoz os días 18, 19 e 20 de abril en horario de mañá e tarde e

para participar haberá que pedir cita no teléfono 622 748 283.

Os servizos, que se prestarán, preferentemente baixo cita previa, ás persoas que se acheguen, serán os de audioloxía, o de podoloxía para a prevención, diagnóstico e tratamento das principais patoloxías dos pés; e o de prevención do alzhéimer.

As unidades móbiles dipoñen de acceso para persoas con mobilidade reducida xa que conta con plataforma elevadora.

O Castelo abre en Semana Santa

Os días 14, 15, 16 e 17 de abril estará aberta ao público a OIT de Alfoz situada no Castelo de Castro de Ouro en horario de mañá 10.30 a 14.00 horas e de 16.30 a 20.00 horas.

Poderase visitar o Castelo e disfrutar das magníficas vistas desde o alto da torre, así como as exposicións das Antigas Escolas Unitarias, Pin-

tura de Hipólito Xeada e Fotografías do II Concurso Alfoz en primavera. Lembramos a disponibilidad de realizar a visita ao Castelo a través das Audioguías Teatralizadas que estarán dispoñibles en versión galega e castelá. Así como dispoñer de toda a información turística do Concello de Alfoz e a súa bisbarra na Oficina de Información Turística.

Dúas obras de teatro en abril

No mes de abril representaranse en Alfoz dúas obras de teatro para retomar a vida cultural na que o teatro é, sen dúbida, un pilar fundamental. A entrada é libre e gratuíta, mantendo as medidas de seguridade sanitaria correspondentes.

A Asociación Cultural Abrente, das Nogais, representará *As tres solteiranas* o sábado 23 de abril ás 20.00 horas no salón de actos da casa da cultura de Alfoz. Unha comedia ambientada nos anos

50 que caricaturiza a ansia dos familiares por amañar as súas herdanzas pactando casamentos, cunha trama argumental que se complica por certos intereses económicos.

A obra escrita polo párroco Ángel Eiriz, conta cun elenco de 13 actrices e actores da Agrupación Cultural Abrente que en 2016 creou este grupo de teatro.

Lume Escénico, da Pontenova, representará a obra *Cousas de Bares*, aínda pendente de fixar data.

Aumenta nun millón de euros o orzamento municipal deste ano

O Concello de Alfoz contará este ano cun orzamento de 2.281.990 euros, preto dun millón máis que o ano pasado debido á boa xestión na recadación municipal e na inclusión das axudas pendentes doutros organismos, da Xunta ou o Plan Único da Deputación.

Segundo explica o alcalde, Jorge Val, este novo presupuesto foi elaborado coa nova Relación de Postos de Traballo que foi aprobada o ano pasado e que saíran a concurso as prazas que hai, consolidar as interinas.

Onde se produce un cambio importante é no Servizo de Axuda a Domicilio cun incremento de ho-



ras que ao pasar as traballadoras a ter xornada completa.

No capítulo de ingresos, mantense a mesma liña do ano pasado xa que non se produciu ningunha su-

bida das taxas e impostos ao igual que nos gastos correntes.

O outro capítulo que varía é o aumento tamén de cartos dirixidos a investimentos aínda que faltan por confirmar as subvencións da Xunta de Galicia.

Os investimentos irán dirixidos á mellora na rede viaria, principalmente do Plan Único, varios traballos de mellora no Castelo de Castro de Ouro, o Plan Turístico e traballos de mantemento. Tamén investirán nunha rutas da Reserva da Biosfera e Red Natura, así como na rede de abastecemento de auga, melloras nas instalacións da piscina e do alumeadado.

Tres alumnas do IES Alfoz-O Valadouro triunfan no Imaxiña



Imaxe gañadora do festival

O IES Alfoz-O Valadouro alzouse como o gran triunfador do Festival Audiovisual da Mariña Imaxiña 2021 coas propostas fotográficas de tres alumnas. Na undécima edición do concurso que organiza a Fundación Imdecum, coa colaboración da Área de Cultura da Deputación de Lugo, a gañadora foi Tania Verdes, de 3º da ESO; resultaron destacadas ademais as imaxes presentadas por Carla Fernández, tamén de 3º, e Celia Fernández, de 1º.

A fotografía gañadora, de Tania Verdes, está protagonizada polo salto dunha figura humana cun horizonte de nubes e o solpor ao fondo. A maxia e o xogo de cores do luscofusco tamén emerge na instantánea finalista de Carla Fer-

nández. Celia Fernández obtivo o recoñecemento como finalista nesta edición por unha imaxe da Finca Galea.

Tras o obradoiro impartido polas fotógrafas Andrea Rodríguez e Fátima Ríos na Asociación Saúde Mental da Mariña na primavera pasada, o Festival Audiovisual da Mariña despediu 2021 coa visita dun colaborador asiduo de Imdecum ao alumnado do IES Monte Castelo de Burela, o artista multidisciplinario viveirense David Catá, que encabezou o xurado desta última edición xunto ao presidente de Imdecum, Marcelino Luna.

O Imaxiña continuará percorrido en 2022 este venres facendo parada no IES Alfoz-O Valadouro.

VIA Alfoz critica o voto en contra do PSOE á súa moción sobre os refuxiados

VIA Alfoz presentou unha moción sobre a invasión bélica que o pobo ucraíno está a sufrir no seu territorio por parte de Rusia. Desde VIA Alfoz recordouse que varios concellos da bisbarra xa se ofreceron para acoller refuxiados e que "o noso municipio tamén cumpre as condicións óptimas para tal fin". Entre outras virtudes, "dispón de vivendas de titularidade municipal baleiras, así como outros locais susceptibles de seren habilitados a tal efecto, e conta con prazas nos seus centros educativos". Ademais recordan que, "é coñecida a solidariedade da veciñanza de Alfoz polo que, dende a corporación municipal, debemos apoiar ao máximo estas actitudes".

Finalmente, estes acordos non puideron ser aprobados polo voto en contra do PSOE local. Aínda así, desde VIA Alfoz intentarán dar resposta ás peticións feitas pola veciñanza, canalizando as súas iniciativas a través de asociacións e ONG's que están colaborando co pobo ucraíno.

A Dirección Executiva de VIA Alfoz, non entende "a postura do goberno local respecto ao uso das vivendas de titularidade municipal, invístense cartos en rehabilitar as vivendas e, sen embargo, non se lles dá ningún uso". Neste sentido, desde no seno de VIA Alfoz, critican tamén a falta de operatividade do Rexistro de Vivendas Baleiras do concello indicando que "de pouco serve copiar as ideas se despois non sabemos levalas a cabo", alegan.

Preparan unha publicación sobre os vestixios arqueolóxicos locais

Dada a gran importancia dos últimos achados arqueolóxicos do municipio de Xove: círculo lítico de Lavandeiras (o máis grande de España), mámoa de Guilán, (a maior da comarca), e os relevantes resultados da primeira fase da escavación no castro de San Tirso, o Concello de Xove segue a consolidar a aposta por valorizar o seu patrimonio arqueolóxico.

A segunda fase da escavación do castro de San Tirso, proxectada para este ano 2022; a adquisición das ruínas da antiga capela e a próxima restauración que o Municipio vai acometer neste xacemento, son só algúns exemplos desa aposta do Concello de Xove polo valor histórico das súas paisaxes, e por desenvolver unha oferta cultural única e de calidade que resulte atractiva para un turismo desestacionalizado e interesado neste aspecto. Por este motivo, o Concello de Xove vén de revisar os xacementos arqueolóxicos catalogados no seu territorio.

O traballo dos arqueólogos de NOSO Cooperativa consistiu nunha primei-



Prospección arqueolóxica en San Tirso

ra fase de revisión das informacións documentais. Unha vez recompilada a información levouse a cabo un traballo de revisión in situ dos xacementos coñecidos co obxecto de localizalos correctamente, rexistrar a información relevante sobre os mesmos para a súa identificación, descrición e avaliación do estado de conservación, e documentalos fotograficamente. A información sistematizouse nunha serie de fichas de

catalogación que inclúen os datos de todos os bens, a súa delimitación cartográfica, así como un glosario catastral de cada un deles.

Coa finalidade de achegar este traballo ao público, os arqueólogos redactaron unha obra de carácter didáctico, ilustrada, para que calquera persoa poda comprender e situar historicamente os vestixios máis significativos do patrimonio arqueolóxico do municipio.

Xove felicita a Xacio Baño polo seu premio Mestre Mateo

O cineasta xovense Xacio Baño vén de gañar o premio Mestre Mateo á mellor curtametraxe con *Augas abisais*, proxecto que contou coa colaboración e patrocinio do Concello de Xove.

Dende o Concello enviaron unha felicitación a Xacio Baño e a todo o equipo de "por este magnífico galardón, e tamén por levar con tanto orgullo, polo mundo adiante, o nome do noso Concello".

"A curtametraxe *Augas Abisais* é unha peza cun potencial percorrido internacional polos festivais de cinema de máis prestixio do mundo, co valor que iso supón en termos de comunicación. O impacto en redes sociais e prensa xerado pola participación da peza no circuito de festivais de proxección nacional e internacional, implica o retorno en termos de visibilidade, prestixio e valor cultural seguro. É polo tanto, unha oportunidade de proxección da imaxe de Xove a nivel nacional e internacional", explica a alcaldesa.

A peza *Augas Abisais* fala da memoria colectiva familiar, e pescuda en lembranzas e relatos transmitidos de xeración en xeración por veciños de Xove. "Recata un patrimonio inmaterial que, levado ao cinema, permanecerá vivo para sempre", conclúe.

As caretas de Entroido xa teñen os galardóns



A Concellería de Cultura, a través da Biblioteca Municipal de Xove, puxo en marcha a finais de xaneiro deste ano unha nova edición do Concurso de Caretas de Entroido. Coma en anos anteriores, o concurso destinouse a nenos/as e rapaces/as de Xove, en especial aos alumnos/as do CEIP Pedro Caselles e do IES Illa de Sarón.

Segundo idade, establecéronse cinco categorías: Preescolar (nenos/as de 3,4 e 5 anos); 1º e 2º de Primaria; 3º e 4º de Primaria; 5º e 6º de primaria e 1º a 4º de ESO. En cada unha destas categorías concedéronse tres premios consistentes en material escolar.

Nas dependencias do Colexio Pedro Caselles, o alcalde Demetrio Salgueiro e a concelleira de cultura

Dolores Meitín fixeron entrega dos premios do Concurso aos gañadores nas distintas categorías.

Na Preescolar veceron Jimena Paleo Enríquez, Anaís Romero Suárez e Valeria Vilasa Posada mentres que na categoría 2 destacou a Jesús López Franco, David Burgos Peloché e Pablo García Val.

Na tres, para 3º E 4º De Primaria, que daron co premio Álvaro García Casabella, Nicolás Purriños García e Andrés Alcalde Fernández, completándose co último ciclo de Primaria con Alejandro Flores Escobar, Paula Sánchez Pernas e Carlota Eijo Rodríguez.

Entre os estudantes de ESO escolléronse os traballos de Uxía Gradaille Durán, Daniel Bértolo Casabella e Andrea Eijo Rodríguez.

Comeza unha campaña contra a vespa velutina

A empresa Serpas comezou a terceira campaña antivelutina en Xove na que se trata dun tramepo profesional de captura de raíñas velutinas fundadoras, que son as que crean os niños e son as que hai que erradicar como medida para, senón acabar coa plaga, feito moi difícil, si para diminuír a súa presenza no territorio.

Na primeira campaña, ano 2020, rebaixouse a presenza da velutina a un 50%, na de 2021 a rebaixa chegou ao 80%. Os obxectivos para campaña deste ano sería chegar arredor do 90%, e en todo caso evitar o aumento da mesma, ousexa, traballar para unha estabilización da velutina e que a presenza da mesma sexa mínima.

Lóxicamente, a campaña vai incidir nos lugares onde se ten constancia de que inda hai velutina, e especialmente nos entornos pobacionais e nos lugares de ubicación de frutais. Neste sentido, dende o Concello animan a toda a poboación a sumarse a esta campaña, o cal axuda moito. Todas as persoas que queiran colaborar poden colocar autotrampas



O alcalde cunha das trampas

naqueles lugares que consideren, como entornos de vivendas, ubicación de trobos de abellas autóctonas ou plantacións frutais. O Concello repartiu hai tempo entre todos os veciños que o pediron unhas botellas autotrampas, as cales incluían un folleto explicativo de como facelas, o cal é moi sencillo.

A campaña de Serpas vaixe extender ao longo da primavera e ata entrado xullo e lóxicamente, agora é o momento de facer a campaña, xa que é cando as velutinas comezan a instalar os seus niños.

Volve un ano máis o Curso de Música de Semana Santa

O Curso de Música de Semana Santa volverá a Xove entre os días 9 e 13 de abril. O curso vaixe desenvolver no salón de actos do Centro Cívico de Xove. Tanto para o curso coma para os concertos hai aforo limitado. Este ano haberá dous concertos, o martes 12, ás 18.00 horas un concerto de cámara e ao día seguinte á mesma hora, o concerto de clausura.

O curso de Música de Semana Santa comeza a súa andaina aló polo ano 1990, coa idea de poñer en contacto aos estudantes co mundo profesional dentro da música. Para levar a cabo este proxecto era preciso contar coa colaboración de profesores cunha ampla traxectoria no mundo das orquestras profesionais.

Este curso foi pioneiro pola súa concepción, xa que os cursos que se viñan ofertando consistían en clases individuais de técnica instrumental e clases colectivas para traballar repertorio, esixindo case sempre que o alumno escollera o repertorio a traballar da especialidade instrumental correspondente. O curso que se oferta é innovador xa que a base



do seu plantexamento consiste na aprendizaxe por medio do traballo dentro da orquestra, e ofrece a posibilidade de que alumnos de diferentes niveis poidan participar, xa que se establecen diferentes formacións orquestrais ou de cámara segundo os coñecementos dos participantes, facendo especial fincapé no traballo por grupos e a coordinación. A formación estará ao cargo dos profesores Nazaret Canosa; Nara Carballal, Benjamín Iglesias e Saúl Canosa, e está dirixido por Xan Carballal.

Organizan un novo curso de socorrismo

O Concello de Cervo organiza un Curso gratuito de Socorrismo en espazos acuáticos naturais con certificado de profesionalidade.

A data de inicio para este curso está programada para o 16 de maio, e terá unha duración de 4 meses, rematando o 13 de setembro. As clases impartiranse en horario de 16H a 21H de luns a venres.

A inscrición estase a tramitar na Oficina de Emprego de Burela e hai un total de 15 prazas. O curso está orientado a persoas en situación de desemprego pero poderase cubrir ata un máximo de 30% de persoas en activo. Ofrécese máis información sobre o curso, no Concello ou no 982 55 77 77.



CERTAME DE AMOR NA REDE. Entregáronse os premios aos gañadores do Certame de amor na rede, polo día dos namorados, e Versos de Rosalía, en conmemoración do Día de Rosalía de Castro. En total foron 28 os traballos presentados entre dos dous concursos. A concelleira de Cultura, Dolores García Caramés, quixo agradecer a gran participación que tiveron estes dous formatos de concursos na rede e felicitou a todos os participantes polos seus magníficos traballos.

O Concello rexeita as obras da ponte da Obriga en Sargadelos



O equipo de Goberno de Cervo non considera acertada a actuación que a Deputación Provincial realizou á hora de reparar a Ponte da Obriga, en Sargadelos.

A ponte atopábase en mal estado despois de que varias pedras que formaban o seu muro caeran ao río, provocando situacións de perigo para os visitantes da zona. A institución provincial considerou que a mellor solución posible para esta ponte – repetimos,

protexida por Patrimonio – era a de colocar un quitamedos convencional ao longo de toda a súa lonxitude, evitando así volver a devolver o muro da ponte ao seu estado orixinal.

Para o alcalde Alfonso Villares “esta actuación por parte da Deputación non se adecúa ao patrimonio natural e histórico dunha zona tan especial do noso municipio como é o Conxunto Histórico e Artístico de Sargadelos”.

o valadouro

A Plataforma presenta 4.430 firmas e 160 alegacións en contra da central

A Plataforma de Veciños Afectados pola Macrocentral Hidroeléctrica do Xistral, vén de presentar ante o Ministerio 4.430 firmas recollidas en contra da central hidroeléctrica reversible do Xistral.

Así mesmo, a Plataforma neste período de consultas que rematou onte, 9 de marzo, no que particulares e demais colectivos podían mostrar o seu rexeitamento a esta obra, axudou a presentar 160 alegacións contra o anteproxecto da central.

Dende a Plataforma temos constancia de máis alegacións presentadas por fóra da mesma, tanto a título persoal como por diversos colectivos e asociacións, pero descoñecemos o número exacto delas.

“Recordamos que os órganos consultados tiñan un prazo de 20 días hábiles dende que recibiron a consulta, polo tanto, para eles o prazo xa rematou fai varios días, non dispoñemos de información de se todos os consultados emitiron informes”, din dende a Plataforma.

Referente a polémica xurdida en canto a prazos para alegar, a intención da Plataforma “nunca foi de crear crispación nin malestar na veciñanza, simplemente nos dedicamos a informar dos prazos segundo marca a lei nestes casos”.

A valoración desta etapa que rematan hoxe “é moi positiva”, e agardan que “todo este esforzo que se fixo en tan pouco tempo teña a súa recompensa axiña”.

O representante de Desenvollos Del Malache, S.L.U., Pedro Machín, manifestou que non seguirían adiante



co anteproxecto se había oposición veciñal, polo tanto, “entendemos que queda demostrado que non queremos nin este, nin outro anteproxecto que veña a interromper as vidas e o traballo dos nosos veciños, e así agardamos que lle chegue á empresa promotora. O positivo que poidera traer, non compensa o negativo, e dende a Plataforma tivémolo moi claro dende un primeiro momento con un dos nosos lemas Renovables SI pero NON así”, din dende o colectivo.

Para o vindeiro domingo, día 13, hai convocada unha manifestación de repulsa contra o anteproxecto presentado, para que quede claro que non o queremos no noso Val.

A manifestación discorrerá entre os lugares onde irían instaladas as balsas superior en Vilacampa e a inferior en Recaré, con fin de dar a coñecer a magnitude do anteproxecto á veciñanza. Ó remate da mesma, na igrexa de Recaré, procederáse á lectura dun manifesto e darásese por

finalizado o acto. Dende a plataforma queren agradecer tamén ós diferentes colectivos e asociacións que mostraron o seu apoio presentando escritos contra o anteproxecto ou adheríndose á Plataforma.

Asociación de veciños de Recaré, Asociación de veciños Pena Abaladoira do Pereiro, C.M.V.M.C Guilifonso e Cabalar do Pereiro, C.M.C.M.C de Vilacampa, C.M.V.M.C Xestaca e Granda Vella de Santo Tomé, C.M.V.M.C do Cadramón, C.M.V.M.C de Miñotos, Seminario de Estudos do Valadouro, Asociación de veciños de Fazouro, Asociación de veciños de San Vicente de Lagoa, ANPA CEIP Castro de Ouro de Alfoz, Asociación de Sendeirismo Paso Miúdo, Asociación de veciños de San Pedro de Mor e Asociación Rebinxe.

Na seguinte fase que comeza agora, “agardamos poder dispoñer da información de todos os informes presentados, e mentras tanto seguiremos traballando e informando á veciñanza dos pasos a seguir”, din.

Ultiman en Vilastrofe a obra de saneamento



Visita ás obras de Vilastrofe

O concello de Cervo está a finalizar a obra que levará o saneamento, así como tamén unha planta de depuración de augas residuais, ao núcleo de Vilastrofe, na parroquia de San Román.

Esta actuación, que se dividiu en dúas partes, foi iniciada a finais do ano 2021. Nestes momentos, estanse a dar os últimos pasos para rematar a execución da obra.

O rexedor, Alfonso Villares, a tenente alcalde, Dolores García Caramés, e a edil de Obras, Mali Méndez, achegáronse ata a zona de actuación xunto co pedáneo e veciños de San Román para comprobar, de primeira man, o avance das obras.

Con esta actuación vaise dotar ao

núcleo de Vilastrofe de redes de saneamento de augas pluviais e fecais, substituír os tramos de canalizacións de abastecemento de auga potable existentes, así como tamén a execución dunha planta de depuración de augas residuais acorde ao tamaño do núcleo de poboación, e a súa posible expansión posterior.

Tamén se contempla a pavimentación de todo o ancho das vías afectadas, que desembocará na construción de cunetas transitables nos puntos onde sexa necesario.

O orzamento desta obra elévase a un total de 127.667 euros, financiados todos eles con fondos procedentes do remanente das arcas municipais.

O remanente municipal irá para varias obras

O Concello aprobou na sesión plenaria celebrada unha proposta de modificación orzamentaria co obxectivo de executar parte do remanente líquido de tesourería do ano 2021 para facer fronte a diferentes actuacións.

Con esta modificación orzamentaria farase uso de parte do remanente do curso anterior, para executar sete actuacións diferentes, por un valor de 925.552 euros.

As actuacións que se van levar a cabo os vindeiros meses mediante o remanente de tesourería son o paseo peonil de Sargadelos, por un importe de 499.887 euros; a mellora do camiño rural dende Rego de Outeiro ata a Corcova, Rúa, por un importe de 47.742 euros. O acondicionamento do camiño para a creación dunha pista de equitación nas inmediacións das instalacións da Bidueira, por un importe de 37.238 euros, a mellora das zonas de Penido e Cuiña, por un importe de 52.440 euros, o acondicionamento e mellora dun camiño na parroquia de Rúa, por un importe de 75.777 euros. A substitución da cuberta do clube deportivo de Río Cobo, por un importe de 48.350 euros, e a ampliación do Museo do Mar, por un importe de 164.115,40 euros.

En declaracións do alcalde, Alfonso Villares, “poderemos levar a cabo as diferentes actuacións proxectadas debido a, o que nós



Á esquerda, unha imaxe da fábrica de Sargadelos e, á dereita, o camiño en Rúa onde se farán as obras



entendemos como unha xestión responsable, do diñeiro público e, desta forma, damos resposta ás necesidades que a nosa veciñanza nos presenta no día

SARGADELOS. Vaise crear un paseo peonil que comunique a Antiga Real Fábrica de Fundición de Sargadelos coa actual Fábrica de cerámica.

O obxectivo principal desta actuación é o de separar o tráfico peonil do rodado, o que supón unha remodelación integral do vial, establecendo unha nova cuneta de formigón cos seus respectivos desaugues e cruces da vía.

Tamén se vai a renovar a rede de abastecemento de auga, propiciando a conexión coa actual fá-

brica de Sargadelos.

Establecerase unha rede de alumeadado público, respectuosa coa paisaxe, entre os dous puntos, executando as canalizacións, o cableado e as luminarias precisas para ofrecer este servizo. Por último, soterrarase o cableado existente na actualidade da rede de telefonía e renovarase a pavimentación dos tramos afectados pola obra.

PENIDO E CUIÑA. Preténdese mellorar e acondicionar as zonas de Penido e Cuiña. O proxecto contempla a creación de cunetas de formigón para anchar os viais, de maneira que se permita a circulación con máis seguridade. Levantarase, tamén, un muro de dique para a contención da estrada e

estableceranse elementos de drenaxe feitos de formigón en masa. Por outra banda executarase unha soleira de formigón para albergar os contedores e instaláranse dous suxeitacontedores de aceiro inoxidable.

CAMIÑO EN RÚA. Vaise mellorar e acondicionar o camiño que transcorre entre Madriñán-Carreiros e a intersección co camiño a Cruces, na parroquia de Rúa. A actuación divídese en dúas partes. No primeiro tramo vaise asfaltar o camiño, creando primeiro unha capa de macadam e posteriormente aplicando un tratamento semiprofundo e un dobre tratamento superficial, mellorando a seguridade e protexendo a circulación dos vehículos. No se-

gundo tramo executarase unha capa xabre e, ademais, colocáranse cinco tubos para mellorar o drenaxe ao longo do camiño.

ABRIGO. O Concello acondicionará un camiño que transcorre polo núcleo de Abrigo, na parroquia de Rúa, que dá acceso a diferentes fincas da zona.

O proxecto contempla a ampliación do ancho do camiño, de maneira que se facilite o acceso ás fincas localizadas nesa zona. Levantarase, tamén, un muro de dique para a contención da estrada, de 25m de largo e 2,5m de ancho, e así estabilizar o noiro existente. Levarase a cabo tamén unha pavimentación do vial mediante a extensión e compactación dunha capa de xabre.

Renovan a sinalización da urbanización cervense de Riocobo

Vén de renovar parte do sistema de sinalización da urbanización de Riocobo co obxectivo de mellorar o acceso e facilitar a localización para os vehículos de emerxencias. Este novo sistema, que permitirá diferenciar os catro bloques de vivendas da urbanización, está baseado nun código de cores: Rúa Catro en amarelo, Vía Láctea en vermello, Rúa Dous en verde e a Rúa de Acceso en azul.

Deste xeito, ambulancias, bombeiros e demais vehículos de emerxencia terán máis sinxelo atopar as localizacións existentes en calquera destes catro bloques de vivendas e poderán prestar asistencia a unha maior celeridade.

Alfonso Villares di que “esta nova sinalización nace froito da comunicación cos veciños, que nos viñan informando da problemática que os diferentes vehículos de emerxencias estaban a ter á hora de atopar as localizacións nesta urbanización”.

Anuncian o aumento da dotación cultural para o Museo do Mar

O Museo do Mar aumentará a súa dotación cultural mediante a adquisición dunha parcela que limita co edificio, que foi de titularidade municipal ata o ano 1942.

Naquelas datas o Concello vendeu o que os propietarios actuais lle pediron que se lles vendera, unha parcela de 1500 metros cadrados, fronte á praia do Torno, localizada nun entorno privilexiado de San Ciprián, para a construción dunha vivenda de uso vacacional.

Dende a entidade local solicitan á actual propiedade a mesma xenerosidade que no seu día mostrou a administración facilitando a venda deste solar, tan ben localizado, a esta familia.

O prezo que se ofrece desde o Concello, que ascende a 155.000 euros, é o resultado dunha valoración técnica obxectiva. Esta de-



preciación do solar nace froito do uso da parcela, posto que pasou de ser de uso residencial a uso dotacional.

Desde a entidade local lembran á Deputación Provincial de Lugo, administración encargada actualmente da xestión do museo, que xa se fixo unha petición – tras un acordo plenario a finais do ano 2021 – para que se fixera cargo

da adquisición deste solar, da cal aínda non se obtivo ningún tipo de resposta.

Alfonso Villares, apela “á xenerosidade que naquela época mostrou a administración pública vendendo esta propiedade de titularidade municipal, que ademais se atopa nunha localización privilexiada, para que a actual propiedade se mostre igual de xenerosa”.

Confirmacións para a VI Foliada de Cervo

A organización da VI Foliada de Cervo anunciou que contarán con Covagueira para a sesión vermú do 7 de maio, este grupo formado nas Terras do Ortegal e da Mariña Lucense farán desfrutar aos espectadores coa súa música. Tamén confirmaron aos grupos Os do 21, As Ferriñas do Vicedo, e as Cantareiras de Valdeflores. A foliada dará comezo a partir das 10.00 horas na praza do Souto de Cervo, sempre e cando as condicións sanitarias o permitan. Ademais de todas as actividades dentro da foliada, haberá un obradoiro de construción de pandeiros, impartido por Xosé Maceda.

Para máis información e inscricións, é necesario contactar antes do 10 de abril mediante correo electrónico fervenzadesargadelos@gmail.com ou no 678 957 554, xa que as prazas son limitadas. Para asistir á feira con posto ou con grupo será necesaria a inscrición chamando ao 649 130 873 ou mediante o formulario web.

Convocado o V concurso de debuxo e poesía Avelino Díaz

Os concellos de Meira e Riotorto veñen de convocar a V edición do Certame de Debuxo e Poesía Avelino Díaz, aberto a toda a poboación e co obxectivo de loubar a figura deste representante da cultura na zona.

O concurso dividirase en catro categorías de idade, de 3 a 8 anos, de 9 a 12, de 13 a 17 e de 18 en diante. Os máis pequenos só terán categoría de debuxo e os demais só na de poesía. No apartado de debuxo, poderán presentarse obras en formato e temática libre, mais os poemas deberán estar escritos en galego, cunha extensión mínima de oito versos e unha máxima de 80, con Arial 12pt. O prazo de presentación é ata o 17 de maio e o lugar de recollida de traballos é a Asociación Avelino Díaz de Meira. Establécense tres gañadores en cada categoría. Para os máis pequenos os agasallos serán de diplomas, lotes de material escolar ou libros. O gañador na categoría de 9 a 12 anos recibirá un libro electrónico, o seguinte unha tablet e os adultos premio económico (300-200 e 100). O fallo do xurado darase a coñecer o 30 de maio e a entrega de premios será o 11 de xuño.

Os socialistas destacan o investimento da Deputación na zona

Os concelleiros socialistas de Riotorto remarcaron o investimento de preto de 240.000 euros dos orzamentos da Deputación, “para mellorar as nosas dotacións públicas, os nosos camiños municipais, o Servizo de Axuda a Domicilio e o fomento do emprego”.

Os concelleiros revisaron os proxectos de obras que se realizarán no Concello con cargo ao Plan Único da Deputación. Explican que a través deste investimento, “a nosa vila acometera melloras en varias vías.

Concretamente nos accesos dos núcleos de Eirexa, Valverde e Pereiro, así como nos accesos do Courel, Praducelo e Galegos e no campo de fútbol da vila. E tamén se completarán obras nos accesos aos núcleos de Ermida, Navallo e Chacín”.

Outros 10.089 euros investiranse en luminarias LED para renovar o alumado, co fin de aforrar custes no consumo municipal. E dentro do programa do SAF, destinaranse outros 22.500 euros para atender as demandas dos usuarios e usuarias e as das súas familias.

Con 42.000 euros, a través do Plan Depuemprego da Deputación o Concello adicaos á contratación de persoal municipal. E outros 1.500 euros para o programa deportivo.

A Confederación actúa en leitos do Río Torto



A Confederación Hidrográfica do Cantábrico finalizou os traballos de mantemento e conservación nos leitos de varios ríos do termo municipal de Riotorto. Actuouse no río Torto, na contorna das Rodrigas, no río Machín, nas inmediacións de O Machín, e no río Ferreiravella, nas proximidades de Carboeiro e A Grova. A lonxitude total destas actuacións ascende a 2497 m de leito. Os traballos principais consistiron na retirada de árbores e restos vexetais acumulados en diferentes tramos do leito, así como a talle de árbores secas, enfermos ou

con risco de caída, e a realización de labores de poda.

Estes traballos, cun investimento de 39.585,48 euros, realizáronse a través da empresa pública Tragsa dentro do Programa de mantemento e conservación de leitos que desenvolve a Confederación Hidrográfica do Cantábrico fóra das zonas urbanas, nas que os labores de conservación e mantemento de leitos son competencia dos concellos. Durante o pasado ano 2021 investíronse en Lugo 528.178,01 € repartidos en 42 actuacións en 14 municipios.

Acometen labores de prevención de incendios en montes do municipio



Rematados os traballos preventivos en montes situados en Pol e Riotorto, no Distrito Forestal X-Terra Chá, por importe de case 50.000 euros. Ditas actuacións consistiron na mellora de cortalumes e pistas forestais. Así, a mellora de cortalumes executouse no monte de Lúa, en Pol, nunha superficie de 10,35 hectáreas. O obxectivo foi interromper a continuidade da vexetación naqueles lugares especialmente axeitados de cara a deter un posible incendio forestal.

Leváronse a cabo rozas nun total de 62,06 hectáreas, localizadas nos montes de Lúa, de Suegos e de Susá (no concello de Pol) e nos montes de Lourido, Fonseca, Borducelo, de Coto e Paleiras e Campo de Fonseca (no concello de Riotorto). As actuacións consistiron na roza mecanizada da faixa auxiliar en ambas marxes de vías de comunicación para así facilitar o tránsito polo monte dos medios do Servizo de prevención e defensa contra os incendios forestais.

A vila acollerá o Vilou Spring Fest e a reunión de Amigos de Vespa&Faba

O Concello de Lourenzá acollerá esta vindeira Semana Santa a 7ª reunión de Amigos de Vespa&Faba e Clásicos, e tamén o Vilou Spring Fest, que se celebrará o xoves 14 e que inclúe a actuación da orquestra Panorama. Estes eventos están organizados por Vespa&Faba e Clásicos e tamén da asociación Conde Santo, de Lourenzá

Sobre a 7ª reunión de Amigos de Vespa&Faba e Clásicos, a directiva, presentou de novo o cartel da 7ª concentración do seu tradicional evento que coincide coa Festa da Faba e que tivo que ser postposta pola pandemia.

A xuntanza dará comezo ás 9.00 horas coa reunión no Cantón e ás 12.00 farase unha saída de vehículos. Xa ás 13.00 horas será a sesión vermú e acto seguido os participantes farán un xantar de confraternización no restaurante Baos. Para máis información será necesario chamar aos teléfonos 660 049 416, 670 801 034, 689 008 073 ou 669 452 430.



No tocante ao festival, xunto á Panorama, ás 22.30 horas, actuarán o grupo Nueva Fuerza e os DJ Billy e Dani Rego que animarán unha noite que empezará sobre as 23.30 horas. As entradas terán un custo de 10 euros e poderán adquirirse o mesmo día a partir das 17.00 horas no despacho de billetes ou ben facelo de maneira anticipada en distintos puntos da comarca.

Cruce de acusacións entre PP e PSOE pola rehabilitación do mosteiro e os orzamentos

A alcaldesa de Lourenzá, Rocío López, considera que “é de moi mal gusto que o PP faga política coa rehabilitación do mosteiro xa que quedaramos os tres grupos en traballar unidos, para o que se creou unha mesa de traballo da cal forma parte o voceiro do Partido Popular. Parece que a única intención que ten é romper con esa mesa de traballo, na que o señor Rodríguez foi informado de que son as normas europeas as que non deixan cabida a cesións demaniais deses edificios, é dicir que os convenios de cesión que se firmaron entre os concellos e o Bispado non serviron xa que eses bens tiñan que ser de titularidade pública. De feito, parece que o voceiro popular non se decata de que non só foi o Mosteiro de San Salvador senón que tiveron que ser retirados do Plan Turístico Nacional todos os edificios que non fosen de titularidade pública de toda España”.

O outro debate foi a aprobación dos orzamentos. Dende o PP consideran que “o orzamento elaborado polo goberno municipal, presidido pola socialista Rocío López, é un corta e pega dos de anos pasados, no

que non se ten para nada en conta o escenario económico e social no que nos movemos”. Neste sentido, Rodríguez sinala: “O ano pasado dixemos que viñan cos mesmos presupostos de sempre, que ao goberno local lle daba igual que houbera unha pandemia ou unha guerra. Por desgraza acertamos e a guerra chegou, e o goberno de Lourenzá presenta unha fotocopia dos presupostos destes últimos 7 anos, nos que pouco máis cambiaron que as datas”. Indica Javier Rodríguez que, “o resultado da falta de traballo do goberno local é un orzamento que non ten en conta a crítica situación económica nin, como consecuencia, as dificultades ás que se enfrontan os veciños.

Pola súa banda, a alcaldesa contestou que considera pouco crible o ofrecemento do PP de colaborar na elaboración dos orzamentos. “O seu voceiro nin sequera asistiu á comisión económica onde se presentaron antes de levalos ao pleno municipal. Ademais cando asiste a estas comisións non aporta absolutamente nada, limitándose a levar ao pleno a resposta escrita ao ditado”. di.

“Teremos o primeiro monumento galego ás scooter e aos clásicos”

Fran Rivas, membro do club VespaFaba, que reúne a afeccionados dos clásicos

Hai tres anos que Fran Rivas tomou as rendas do club VespaFaba e Clásicos Lourenzá, un club que acolle a afeccionados de concellos tan dispares como Lourenzá, As Pontes ou Oviedo.

Cando comezou a súa andanza o club?

A asociación arrincou no ano 2015 que foi cando se fixo a primeira concentración e comezamos a pensar en que habería que formalizala e ao final no 2017 creouse oficialmente a asociación. Tamén formamos parte como club adherido de Vespa Club España.

Con cantos membros contan?

Somos máis de 20 socios de toda Galicia e incluso de Asturias, hai algún de Navia, de Oviedo e de Pontevedra.

Que fai o seu club diferente?

A máis importante é que nos nosos estatutos, e que creo que somos os únicos, e é que calquera que queira formar parte do noso club, independentemente de que non teña un vehículo clásico pode ser socio e pode colaborar. Porque pódese dar o caso de que hoxe por circunstancias da vida non teñas un pero pode que mañá ou dentro dun ano si.

Fan moitas actividades?

Somos un club pequeno pero moi activo, quizais non organizamos moitos pero si que participamos en eventos. En principio as nosas xuntanzas máis representativas son a de Semana Santa que é a Reunión de amigos de Vespa Faba, e despois en outubro durante a Festa da Faba de

Lourenzá temos a Reunión de Clásicos e Vespas. Na última reunión falamos de facer unha ruta ata Llanera ao museo de Fernando Alonso onde pódense ver 300 pezas únicas que pertencen á súa colección persoal, ademais hai un restaurante cun circuito, pero aínda non sabemos cando será. Tamén falamos de ir ao museo de Estanislao Reverter que está en Ourense e que expón trofeos, obxectos persoais, cascos e o seu coche, o Alpinche, un vehículo que conta co motor dun Porsche na carrocería dun Alpine, e o exemplo da creatividade aplicada á competición.

Algunha outra que se estea a preparar para este ano?

Neste ano queremos facer outro evento máis pois temos uns socios e coñecidos que teñen motos de 50 centímetros cúbicos e o que nos gustaría facer con elas unha ruta pola Mariña. Pero temos que ver como a cadramos e cal é a data máis axeitada para que se poda facer anualmente.

Participan en moitos eventos?

Si claro, hai moitos eventos por toda a Península e en eles créanse vínculos con outros clubs o que fai que participemos ou rodemos por outras vilas, por exemplo temos moito feeling co Vespa Club de Asturias e todos os meses fan unha saída.

Algun en mente para este 2022?

Segundo comeza o ano adoitamos ir a Palencia pero agora mesmo pola situación sanitaria acaban de aprazala. Durante primeiros de febreiro fomos a Madrid co Vespa Club España, tamén pola Ribeira Sacra e en Cantabria.

Que se pode atopar neste tipo de eventos?

Ademais de desfrutar do bo ambiente pódense ver vehículos clásicos. Nos somos un club de clásicos no que está moi arraigado a Vespa Lambretta, pero temos diferentes clásicos como pode ser un Seat Panda, un Seat 1430, un Mini, unha moto Bultaco ou unha Montesa, entre outras moitas.

Entón non se adican só ás motocicletas?

Non. Así como en España hai moitos clubs que están especializados nun só vehículo nos temos moita máis variedade.



Fran Rivas, nun dos eventos nos que participan

Cando se considera clásico a un vehículo?

A partir dos 25 anos xa son clásicos aínda que en 2017 houbo un cambio na normativa e xa se considera coche clásico aquel que foi fabricado ou matriculado polo menos hai 30 anos.

A provincia ou a Mariña conta con moitos clubs?

Na provincia si que hai moitos e por exemplo na Mariña existe o Autoclásico da Mariña e Club de Clásicos de Viveiro, Autoclub Mira e Anda de Mondoñedo e recentemente no Vicedo creouse un, aínda que seguro que me quedan moitos máis por citar. Despois en Lugo cidade hai moitos máis obviamente porque hai moita máis poboación, destaco o Vespa Lugo Equipo de Rescate do que tamén son directivo, ou o Autoclásico de Lugo, Clásicos de Sarria e o un de Seat 600, etc.

Que diferenza hai entre moto e vespa?

Unha vespa é unha scooter é dicir e unha motocicleta que ten máis accesibilidade para subir nela que a moto, a cal para acceder hai que cabalgar. Normalmente na moto convencional o motor vai diante pero na scooter o motor atópase no centro ou atrás. Quizais os vesperos somos máis tranquilos é outro mundo xa que vamos máis tranquilamente vendo as paisaxes e paseando e eu outra forma de desfrutar.

Segue sendo o motor un mundo de homes?

Sorprenderíache pero hai moitas mulleres no mundo do motor e hai moitas e moi boas vesperas. Aquí non hai diferenzas.

Con que vehículos conta no seu garaxe?

Posúo máis de 15 motos e outros tantos coches e ata unha carroceta antiga.

Contan con algún vehículo singular no seu club?

Pois o noso socio Jorge Aguirre, que ten 70 anos, e é o noso re-

presentante máis internacional porque lle gusta facer quilómetros arredor do mundo e facer viaxes moi curiosos, pode presumir de que ten un Dyane 6, alias Cirilator, na que foi a Moscú, a Senegal e percorreu todos os cabos da Península Ibérica visitando os faros durante 33 días. Esta viaxe recolleu no seu diario Uniendo Cabos e fai unha doazón con todo o que recada con este libro a unha asociación que loita contra a enfermidade de Duchenne, unha distrofia muscular de carácter hereditario.

É o máis antigo?

Creo que o posúe Jorge e é unha vespa de faro baixo que creo que era do ano 52 ou 53.

Algun proxecto en mente?

Pois temos pendente o primeiro monumento de Galicia ás Scooter e aos Vehículos Clásicos, pois colocamos a primeira pedra no 2019 e coa chegada da pandemia non se puido construír. Será un punto de referencia e parada para todos aqueles que dunha maneira ou outra, teñen, conservan ou incluso recuperan un vehículo clásico, para salvagardar ese patrimonio industrial e desfrutar con el e por suposto perderse polo mundo adiante.

En que consiste?

Será o km 0 con respecto aos seguintes monumentos que vamos poñendo nos diferentes concellos e gustaríanos que marcara tamén as distancias aos mesmo. A nosa idea é que teña a forma dunha Vespa para montarse e facerse fotos, e que tamén conte coa silueta dun coche. Esperamos en breve comezar por que xa temos todos os permisos pertinentes pa empezar a súa construción.

Algun máis?

Pois un día falando con Jorge cantoume a canción de Serrat de Algeciras a Estambul, así que imaxina o que terá en mente, pero será cando amaine un pouco o tema da covid e os conflitos que están a acontecer pois tampouco están agora as cousas como para poder facer este tipo de viaxes.



ourol

A obra 'Reino da Extinción' chega ao local social de Bravos

O domingo día 17 de abril o local social de Bravos acollerá a obra de teatro *Reino da Extinción*, unha representación teatral a cargo da compañía Amorodio e aínda sen horario confirmado.

Reino da extinción é unha comedia hilarante que conta a historia de catro persoas de diferentes épocas da historia galega que, forzadas a convivir nun alén moi distinto do que imaxinaban, poñen a proba a idea do espectador do que significa ser galegos, vivir en Galicia e falar a nosa lingua. Amorodio Teatro é unha compañía galega emerxente formada por Alba Nogueira, Carmen Facorro, Javier Castiñeira e Raquel Velasco.

Este acto está promovido pola ACRD Aturxeiros de Bravos, co patrocinio de Secretaría de Política Lingüística e a colaboración do Concello de Oroul.

A asemblea dos Aturuxeiros de Bravos será o día 16

A Asociación Cultural Aturuxeiros de Bravos informou de que o vindeiro sábado 16 de abril terá lugar a asemblea anual ordinaria no local social de Bravos.

Haberá dúas convocatorias, a primeira ás 20.00 horas e a segunda ás 20.30 horas, ademais comunicaron que xa está aberto o prazo para o pago da cuota.

FESTIVAL. A Asociación comunicou oficialmente que para o vindeiro mes de xullo será a celebración do festival Aturuxo e máis concretamente os días 29 e 30 de xullo.

O festival ourolés chegaba este ano a súa novena edición xa que o ano pasado tivo que suspenderse por mor da pandemia.



O obxectivo do Festival Aturuxo de Oroul é poñer en valor a cultura galega pois cada edición desta cita reúne a grupos e artistas de referencia no panorama musical tradicional.

Invisten 232.000 euros na mellora do colexio



A Consellería de Cultura, Educación e Universidade vén de iniciar obras de mellora da eficiencia enerxética e outros traballos de acondicionamento xeral no Colexio de Educación Infantil e Primaria (CEIP) do Vicedo, nos que inviste 232.300 euros.

Así o explicou o delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, quen visitou hoxe o centro escolar para abordar co equipo directivo os detalles do proxecto, que inclúe actuacións no bloque principal e no de infantil.

No primeiro está previsto substituír as carpinterías exteriores das plantas baixa e primeira por unhas de aluminio con rotura de ponte térmica e vidros de dobre acristalamento, baixo emisivos, acústicos e de seguridade e cámara de aire intermedia. Tamén se illará a fachada polo exterior con sistema tipo SATE e se dotará de illamento

térmico e forxado de baixo cuberta. Igualmente, mudaránse baixantes e canlóns.

Así mesmo, instalarase falso teito rexistrable nas aulas e cambiarase o sistema de iluminación por outro tipo LED de menor consumo. Pintaranse ademais os paramentos afectados polas obras; renovaranse carpinterías interiores e reformaranse os aseos do alumnado no baixo e no primeiro andar.

No tocante ao bloque de infantil, reformaranse os baños das aulas na planta baixa e substituirase a cuberta no módulo de aseos.

As obras compatibilizaranse co normal desenvolvemento da actividade escolar e en todo caso garantirase a máxima seguridade do alumnado e do persoal que presta os seus servizos no centro. En principio, estímase un prazo de execución de tres meses.

vegadeo

Arteterapia, para mellorar o benestar físico e mental dos veciños vegadenses

Vegadeo pon en marcha unha nova iniciativa para a veciñanza para mellorar o benestar físico, mental e emocional.

Esta actividade será arteterapia e utilizará a música, a pintura e a escritura para sanar desde a creatividade. Impartirase os días 5 e 6 de abril de 17.30 a 19.00 horas e estará a cargo de Eva María García Rosado, psicóloga.

A actividade será no centro social de maiores, Casa Cuervo, na rúa La Galea, e para participar será necesario anotarse antes do 4 de abril no teléfono 697 163 640.



FEIRA DE STOCK. O recinto feiral de Vegadeo acolle unha nova edición da Feira dos Stocks que terá lugar do 15, 16 e 17 de abril. Nela poderanse atopar artigos de todo tipo aos mellores prezos. O horario desta feira será de 11.00 a 14.00 e de 16.30 a 20.30 horas.

O Concello invita aos veciños a participar no deseño da zona da ría

O Concello de Vegadeo vén de propoñer aos seus veciños a súa participación no deseño da contorna da ría ao seu paso polo municipio nun proxecto denominado Eópolis.

Este proxecto permitiría facer actuacións constructivas de parques ou habilitacións de espazos que melloren zonas que agora mesmo se atopan castigadas e que non teñen uso.

Para elo faranse reunións periódicas para imaxinar e deseñar aplicando métodos participativos.

Aínda que as dúas primeiras xuntanzas, presentación do proxecto e a búsqueda de Niño, xa se celebraron a finais de marzo, as restantes estenderanse durante todo o segundo trimestre do ano.

A seguinte será sobre os planos da memoria, o 8 de abril; e despois tratarase o mapeado ambiental e social o 22 e 29 de abril; o codiseño bocetado o 6 e 13 de maio; crearanse prototipos LAB urbanos o 20 e 27 de maio e 3 de xuño; e xa por último a presentación pública farase o 9 de xuño. Ademais recabarán información



das persoas maiores así como de fotografías antigas e documentacións para ver como se atopaba a contorna anteriormente e ver se habería estruturas e ideas que se podan utilizar aínda que fose poñendoas ao día.

Por outra banda, pídesse a colaboración da xente nova para que podan aportar ideas para rexenar este espazo e poida ter un uso novo e útil.

Para participar será necesario anotarse no instituto ou nas oficinas do Concello e todas estas reunións serán no Pirulí da feira.

A curtametraxe Jakobsland proxectarase no Vicedo o 9

A curtametraxe *Jakobsland*, un proxecto a cargo da produtora Queiman e Pousa, poderase ver o sábado 9 de abril na casa da cultura do Vicedo.

O Concello do Vicedo invita a todos os veciños e veciñas á proxección gratuita, que terá lugar a partir das 19.30 horas. As persoas que queiran asisitri deberán anotarse no 982 590 195 ou no mail omix@concellodovicedo.org.

Nesta curta, a praia de San Román e o Fuciño do Porco foron inmortalizados na curtametraxe que da difusión ao pasado viquingo da zona.

Esta gravación contou cun cento de persoas, entre protagonistas e figurantes, ademais da participación do Concello e dos negocios da contorna. Esta curta contou con actores

amplamente coñecidos do audiovisual galego como son Isabel Blanco, Alfonso Agra ou Serxio Pazos, e tamén cos actores internacionais Paul Kavanagh e Tim O'Sullivan, intérpretes de Vikings e Juegos de Tronos.

SANTO ESTEVO. A comisión de festas de Santo Estevo do Vicedo organiza o primeiro bingo o sábado día 16 de abril, sábado de Semana Santa, no chiringuito Los Árboles situado en Xilloi.

Esta xuntanza será a partir das 22.00 horas e todos os participantes poderán contar con premios especiais á liña e ao cartón durante varias roldas. O cartón terá un prezo de 1 euro.

A organización informa de que se seguirán todas as medidas sanitarias vixentes e invitan a todos os veciños a participar.

“O centro de día é unha boa axuda para os nosos maiores”

Jesús Novo, rexedor vicedense, leva 21 anos á fronte do Concello

Jesús Novo Martínez é o rexedor do Concello do Vicedo dende 2001 no que colleu a batuta da Alcaldía trala dimisión do anterior alcalde.

Pode facernos un balance do ano que terminou?

A pesar de toda a situación da covid estivemos traballando en beneficio do Concello e dos nosos veciños e destacamos pola boa xestión económica que nos permitiu facer varias obras de mellora e atraer turismo. Tamén dicir que o ano pasado, o 2021, foi nun principio algo mellor que este 2022 polo tocante ao gasto en enerxía e en gasóleo pois agora mesmo hai un problema con todo isto.

Teñen moito gasto enerxético?

Nos somos un Concello pequeno que contamos con arredor de 1.000 luminarias e como sigamos a este ritmo entre luz e gasóleo poderíamos pagar 80.000 euros, e menos mal que recentemente fixemos un cambio de alumado a led senón subiría moito máis. Así que estamos preocupados como calquera veciño. Por outra banda disparáronse os prezos das obras no que o metro cadrado de aglomerado pasou de 6.30 a 8.50 co cal facemos moitas menos melloras e acondicionamentos.

Que quedaría por facer de cara a este ano?

Nos temos un remanente importante do que tiramos porque necesitamos completar o aparcadoiro do Fuciño do Porco e no cal xa temos, no orzamento deste ano, unha cantidade para mercar arredor de 3.500 metros para poder ampliálo e facer a saída por unha pista e así crear un percorrido circular. E tamén teremos que rematar a obra en si da que deberemos tirar tamén do remanente. Ademais faranse as obras do Plan Único, que serán menos pola suba de prezos, e utilizaremos arredor duns 200.000 euros dos fondos propios para continuar coas melloras.

É no tocante ao centro de día?

Temos previsto abril tanto antes pois é un servizo fundamental. Está situado na antiga Casa do Mar e contará con 22 prazas, ten cociña, comedor e dúas salas. Estivemos valorando facer unhas casas do maior pois van saír unhas axudas autonómicas pero necesitan outro tipo de condicións e non sabemos se nola concederán. Este tipo de casas ilusionárame moito por diferentes motivos, primeiro pola contratación dunha ou varias persoas co cal fomentamos o emprego directo e tamén o indirecto, e tamén porque é unha moi boa axuda para os nosos maiores.

Recentemente presentaron a curta de Jakobsland en Santiago, como foi?

A curtametraxe Jakobsland foi todo un éxito na súa presentación en Santiago pero agora toca facelo na nosa terra, por iso presentáremola oficialmente na casa da cultura do Vicedo o 9 de abril ás 19.30 horas. Tamén levarase a Miami, México, Madrid, Barcelona, Sabadell e Lleida. Creemos que é unha moi boa tarxeta de presentación para que a xente coñeza o noso Concello e as marabillas turísticas que temos.

Cal é o maior proxecto que se levou a cabo no Concello dende que goberna?

Un deles é o centro de día que estamos para abril e que é unha demanda histórica da veciñanza e por outra banda o paseo do Varadero e que a nosa idea é continuálo ata o Porto para así poder acondicionar a praia urbana de Fomento xa que é necesaria a súa rexeneración porque nela críanse constantemente unhas algas e dá sensación de abandono. Outro dos grandes proxectos é que conseguimos inicialmente foi a substitución de todas as tubaxes de abastecemento de auga que eran de fibrocemento polas de PVC e no que se fixemos un gran investimento. Xa

máis recentemente fixemos o cambio de aforro enerxético no que nos temos como mínimo o 85% de led en todo o Concello e gracias a iso as nosas facturas non son tan elevadas.

Cales son os beneficios fronte a outros municipios?

O Vicedo non é un Concello grande e que conte con moitas industrias por iso a nosa aposta dende o principio foi o turismo e enfocalo cara o noso patrimonio medio ambiental como o Fuciño ou que temos a mellor ría do mundo. Ademais contamos con moi boas festas como a de turismo rural ou a romaxe. Non pretendemos ser un Concello grande pero o que si queremos é atraer xente, desenvolver servizos e axudar aos veciños.

Que necesidades ten o Concello a día de hoxe?

Eu creo que agora mesmo necesita-

“Contamos cun caixeiro no que só se poden facer retiradas de cartos. Para os demais trámites hai que ir a Covas”

mos máis prazas hoteleiras e máis restauración xa que no verán desbordase porque non hai capacidade para tanto visitante. Pero outra das necesidades importantes son as inversións e estaría moi ben que viñeran empresas e máis negocios, é dicir, máis inversións.

Ten algún proxecto de cara ao futuro?

Temos no tinteiro o paseo que se vai facer desde O Varadero ata Moledos no que xa comezamos coas expropiacións e xa temos o visto bo de Costas. Sempre desexei abrir Vicedo ao mar e é algo polo que levamos loi-



tando dende fai moitos anos por iso espero que a obra do paseo se faga axiña.

Como van as obras do aparcadoiro do Fuciño do Porco?

Contamos que na Semana Santa este xa aberto ao público e de feito agora mesmo xa se pode aparcarse aínda que tan só faltan por rematar o camiño de acceso e algún pequeno detalle. Xa cando chegue o verán pretendemos colocar unha caseta de información turística para os visitantes.

Tamén están a remodelar o colexio non?

Si, comezaron as obras de mellora da eficiencia enerxética así como outros traballos de acondicionamento xeral nos que investíronse 232.300 euros. Substituiranse as carpinterías exteriores, illarase a fachada, cambiaranse o sistema de alumado, e reformaranse os aseos. Estímase que a obra dure uns tres meses.

Este ano haberá Romaxe Vikinga?

Polo momento temos a partida orzamentaria para a Romaxe Vikinga e o mes que vén comezaremos as reunións coa comisión para ver que e como se fará. No tocante ao resto das festas e as actividades esperamos que este ano a covid permítanos facer algunha cousiña pois creo que todos estamos necesitados de facer actividades, de desfrutar, de saír e de divertirnos.

Houbo recentemente problemas polo servizo de saúde no rural. Está O Vicedo afectado por esta situación?

No nosos centro de saúde contamos con dous médicos e cando un está de baixa ou vacacións non hai para

persoal para cubrir o seu posto. A verdade é que noutros concellos están moito peor e é unha preocupación que creo que compartimos todos.

Outros dos grandes eixos do ano foron os peches das oficinas bancarias. Afectou ao Vicedo?

Aquí podemos dicir que estamos moi afectados e enfadados pois nos contamos cun caixeiro no que tan só se poden sacar cartos, así que os veciños non poden nin facer ingresos, nin transferencias, nin pagos de recibos e a xente ten que ir a Covas para estes trámites. Por este tema foi a única vez que fun falar con Feijóo a Santiago pois molestoume e moléstame moito xa que a xente é maior e non sabe usar a banca electrónica e único que fixeron foi remitirme a colocar un caixeiro. Agora parece ser que Abanca comprometeuse a instalar outro tipo de caixeiro para poder facer todas estas operacións. Pero aínda así esta non é a solución e estou pelexándome con isto para ver se volve abrir a oficina bancaria.

O debate pola normativa do lobo segue de actualidade. Como se posiciona o Concello e os veciños?

Isto non ten amaño e aquí como en outros concellos da Mariña o lobo chegou á altura das casas e matou becerros, galiñas e cans. Eu creo que a única solución é a caza controlada porque non se pode comparar Andalucía que Galicia, e na miña opinión é un tema totalmente electoral. E no tocante as indemnizacións son poucas, mal pagadas e tarde, pois ninguén gandeiro pensa que un lobo vai matarlle un becerro.



Acouga di que a sentenza que anula o parque de Sasdónigas cuestiona o modelo da Xunta

O presidente da Asociación Galega de Consumidores e Usuarios, Acouga, Manuel Pérez Arias, asegurou que a sentenza do Tribunal Supremo que anula definitivamente os parques eólicos de Sasdónigas 1 e 2, no Concello de Mondoñedo, “abre a porta a outras accións administrativas en marcha para tentar mudar o prexudicial modelo eólico da Xunta” e serve de advertencia sobre os graves efectos que sobre o patrimonio medioambiental, cultural e mesmo turístico están a provocar os que se están desenvolvendo en toda Galicia.

O coordinador de afectados por parques eólicos de Acouga e representante dunha parte dos afectados polo de Sasdónigas, Manuel Germade, salientou á “actitude negligente e a complicidade das administracións (Xunta, Xacobeo, Concello de Mondoñedo e confederacións hidrográficas) e a empresa promotora do parque, Norvento, no proxecto e execución das instalacións eólicas

anuladas pola xustiza. A Xunta fixo de comercial de Norvento”, á que lle concederon toda caste de beneficios fiscais.

Germade fixo fincapé no dano irreparable provocado polos oito muíños, a subestación eléctrica e as vías de evacuación que compoñen este parque sobre o Camiño Primitivo de Santiago, un xacemento romano e unha turbeira que conta con protección da Unión Europea, ademais de sobre o conxunto paisaxístico da zona.

UN PRECEDENTE. O avogado Borja Colmenero, en representación da asesoría xurídica de Acouga e responsable da demanda xudicial de parte dos afectados por Sasdónigas, fixo fincapé en que a sentenza crea xurisprudencia sobre tres aspectos cruciais no desenvolvemento de futuros parques e dos que están xa en funcionamento e “crea un precedente importante para o conxunto do país”.

A instalación de fibra óptica de Adamo continúa a estenderse por Mondoñedo

A instalación de fibra óptica continúa a estenderse polo termo municipal de Mondoñedo. Así o explicaron membros do goberno local despois de manter unha reunión con representantes de Adamo e Ibiocom, que informaron que están a deseñar unha nova fase do despregamento desta tecnoloxía.

Os traballos de tendido do cable de fibra óptica para o mes de xuño permitirán dar servizo aos lugares de: O Grobe, Vigo, Santo André, Marquide, A Cabana, A Recadeira, Vilar, Ferreiría, A Igrexa, O Casal, Penamoura, A Seara, Outeiro, A Franca, O Campo do Arco, O Souto e Casa Valiña.

A instalación de tecnoloxía de banda ancha que comezou a instalarse no casco urbano mindoniense a finais do ano 2019 trala sinatura dun convenio de colaboración con Adamo, continúa polo resto do termo municipal para dar acceso a Internet de alta velocidade.

Este servizo está a supoñer un salto cualitativo na capacidade e velocidade de acceso á Internet dos fogares e empresas da localidade; “o que, sen lugar a dúbidas, supón un servizo clave para o desenvolvemento social e empresarial do concello”, destacan dende o goberno local.

Conclúe o trámite ambiental do Plan especial de protección

A Xunta non espera efectos ambientais significativos no Plan especial de protección e rehabilitación (Pepri) do conxunto histórico de Mondoñedo, polo que considera que non é necesario sometelo a avaliación ordinaria.

Deste xeito, este instrumento avanza na súa tramitación ao concluír o procedemento ambiental, tal e como se indica no informe ambiental estratéxico, emitido pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático.

O principal obxectivo do Plan é protexer, rehabilitar, conservar e poñer en valor o conxunto histórico deste concello da Mariña lucense.

Aínda que non se esperan efectos ambientais adversos, no propio informe sinalábase unha serie de determinacións a ter en conta e que se deben incorporar ao Pepri. Unha delas é atender ás medidas protectoras e correctoras expostas pola Dirección Xeral de Patrimonio



Cultural, como realizar un traballo de campo para identificar todos os bens do patrimonio cultural existentes no ámbito da actuación. Asemade, o Catálogo do Plan incluír os bens merecedores de protección identificados no traballo de campo e aqueles recollidos no Catálogo do Pepri do ano 1994.

Indícase que o plan especial deberá conter un estudo da paisaxe e un estudo específico da paisaxe urbana e, na zona inundable e na zona

de fluxo preferente do río Valiñades, a ordenación que se proxecta deberá dar cumprimento ás limitacións aos usos que o Regulamento do dominio público hidráulico e o Plan hidrolóxico de Galicia-Costa establecen para estas zonas.

Por último, outra das recomendacións que se traslada é a necesidade de estudar a ordenación dos contedores de lixo e establecer zonas de aparcadoiro que liberen de vehículos o casco histórico.

O Concello destina parte do remanente a incentivar o asentamento económico

O Concello de Mondoñedo aprobou por unanimidade a incorporación de créditos extraordinarios financiados con remanentes líquidos de tesorería para habilitar unha liña de axudas para o asentamento de actividades económicas no municipio.

Trala dotación desta partida orzamentaria, o Concello publicará posteriormente as bases das axudas para a compra de solo industrial no polígono industrial de Mondoñedo, como xa puxera en marcha noutras dúas ocasións.

“É prioritaria a captación de novas iniciativas empresariais que aproveiten os recursos propios do municipio para o seu desenvolvemento; así coma o fomento da consolidación das actividades existentes”, manifestan dende o goberno local.

INVESTIMENTO. Esta actuación da continuidade ás iniciativas do Concello recollidas na segunda fase do plan estratéxico ‘Mondoñedo, un municipio para invertir’. Este documento recolle

o compromiso do Concello para o fomento do emprendemento e a innovación co obxectivo de “atraer e fixar poboación”.

O goberno local destaca “o potencial que supoñen os recursos propios do noso municipio” que, xunto a outros factores, fan de Mondoñedo un lugar investir e fomentar a actividade empresarial: “a dispoñibilidade de recursos naturais, o sector forestal, a forte tradición cultural e turística ou o seu patrimonio histórico-artístico”. Ademais, Mondoñedo atópase nun entorno excepcional e dispón dunha boa conectividade.

De cara ao asentamento de actividade empresarial, o plan ‘Mondoñedo, un municipio para invertir. Fase II’ recolle a dispoñibilidade de solo industrial e de inmobles a prezos asequibles que o Concello recolle nun listado. Mondoñedo conta tamén cun viveiro de empresas e apunta tamén a declaración da Área Rexurbe como “unha importante oportunidade para promover inversións”.

Vaise mellorar a seguridade viaria no tramo da antiga N-634 que coincide co Camiño Norte

Vaise mellorar un tramo da antiga N-634 que coincide co trazado do Camiño Norte de Santiago ao seu paso polo Concello de Mondoñedo. A actuación, que inclúe a construción de beirarrúas e a dotación de alumeados públicos, permitirá tamén adecentar a entrada á cidade dende Lourenzá e o parque industrial.

O proxecto permitirá completar a eliminación dun punto de inseguridade para veciños e viandantes que teñen que compartir espazo co tráfico rodado. “Xa no ano 2015, ao chegar ao goberno, aproveitamos a posta en marcha do Camiño de San Rosendo para mellorar a marxe dereita”, explica o goberno local. A Xunta destina máis de 260.000 euros a este proxecto que inclúe a construción dunha rede de recollida de pluviais e dotación de alumeados públicos.

O Concello de Mondoñedo agradece o apoio económico da Xunta de Galicia que permitirá unha “importante actuación: restablecer a seguridade para viandantes e veciños” no tramo da antiga N-634 e “adecentar unha das entradas á cidade”, dende Lourenzá e o parque industrial, nos lugares de Xirós e San Paio.

Co proxecto recollido no convenio asinado polo alcalde, Manuel Ote-



ro, e o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, Alfonso Rueda; “completárase a eliminación dun punto de inseguridade existente dende fai moitos anos” a través da construción dunha beirarrúa de 2 metros de anchura convenientemente iluminada. “Xa no ano 2015, ao chegar ao goberno, aproveitamos a posta en marcha do Camiño de San Rosendo para mellorar a marxe dereita”, indican dende o goberno local.

“Son moitos os peóns que circulan pola marxe desta vía compartindo espazo co tráfico; xa que, ademais dos propios veciños da zona, a popularidade do Camiño de Santiago fai que sexan moitos os peregrinos que camiñan por esta zona”, explican.

Adxudicadas as obras de mellora do polideportivo do colexio

Xa foron adxudicadas as obras para a realización de diferentes melloras nos vestiarios e no ximnasio do pavillón polideportivo municipal. En concreto, a actuación nos vestiarios será na zona das duchas, renovando o pavimento por un novo e antideslizante, ademais de mellorar a rede de saneamento e os desagües.

No ximnasio, renovarase a maquinaria existente, como as cintas de correr, as bicicletas e os aparatos de musculación, ademais de repoñer os espellos existentes. Nas dúas actuacións nos vestiarios e o ximnasio, o Concello de Trabada investirá máis de 35.000 euros, adaptando as instalacións ás necesidades dos usuarios. “Con estes traballos, continuamos co noso plan de mellora continua das infraestruturas municipais”, asegura a alcaldesa, Mayra García Bermúdez. “Para o noso grupo de goberno, o deporte e os hábitos de vida saudables son prioritarios, polo que estas melloras no polideportivo eran moi necesarias”, engade. **AULA DE**



INFANTIL. Por outra banda, o CEIP Plurilingüe Celso Currás non ten habilitada a aula de educación Infantil. Así responderon a un comunicado da Consellería de Educación da Xunta de Galicia, a concelleira de Educación, Igualdade e Desenvolvemento Local do Concello de Trabada, Julia María Barcia, que é representante do concello no Consello Escolar do centro, asegura que “en diferentes reunións do Consello Escolar de este curso 2021-2022 se nos comunicou que a pesares de estar matriculados

nove nenos en educación Infantil, non se habilitara a aula”.

Con respecto ás rutas do transporte escolar, houbo tamén queixas ao Valedor do Pobo respecto a outra parada dunha ruta escolar ao centro de ensino.

A outra queixa foi “pola supresión dunha parada, onde recollían alumnos dende hai anos e onde existe unha marquesiña, e a principios de este curso comunicouse á familia que tiñan que utilizar outra parada onde non existe refuxio”, afirma.

En marcha, unha campaña solidaria de apoio ao pobo ucraíno

En colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), o Concello pon en marcha unha campaña solidaria de apoio ao pobo ucraíno que ten como obxectivo contribuir a paliar a crise humanitaria que está a sufrir o país.

A través desta campaña, o Concello pon a disposición dos refuxiados ucraínos as antigas escolas como vivendas dispoñibles para o seu acollemento, e habilita unha conta solidaria, coa finalidade de recadar fondos para atender as necesidades máis urxentes da poboación afectada polo conflito. As persoas que desexen colaborar poderán realizar un donativo na seguinte conta bancaria ES49 2080 0161 9531 1000 0096.

O Concello abre tamén a posibilidade de acollemento dos refuxiados por familias nos seus domicilios particulares, proporcionándolles aloxamento alternativo. Para máis información, os interesados poderán dirixirse ao departamento de Servizos Sociais do Concello.

Ademais desta campaña, o pleno aprobou unha moción impulsada polo grupo socialista para “reclamar a fin das hostilidades e o retorno á vía da negociación e da diplomacia, reiterando a necesidade de cumprir cos Acordos de Minsk e co dereito internacional”.

Queixas por quedarse o centro de saúde sen médico durante un día enteiro



O equipo de Goberno de Trabada demanda ao Sergas unha solución para que non se volva a repetir á situación na que se atopou recentemente no centro de saúde, sen médico durante un día por diversos motivos. “É unha situación que non se pode repetir, os veciños e veciñas de Trabada merecen uns servizos públicos de calidade e atención médica sen desprazarse, polo que o Sergas debe solucionar este problema de inmediato”, asegura a alcaldesa, García Bermúdez. A alcaldesa remitiulle un escrito ao director xeral de Asistencia Sanitaria da Xunta, Jorge Aboal, solicitándolle que restablezan os servizos médicos. Esta non é unha cuestión menor,

pois o dereito á protección da saúde está recoñecido na Constitución Española e tendo en conta o envellecemento da poboación do concello, cunha ampla dispersión poboacional para facer as visitas domiciliarias, faise necesario contar cun servizo asistencial ben dotado; de aí a importancia duns servizos públicos de calidade no rural.

“En Trabada sufrimos unha vez máis os recortes nos servizos públicos competencia da Xunta. No colexio suprimiron a aula de educación Infantil porque non había un mínimo de seis alumnos no seu día, agora hai nove alumnos pero seguen sin habilitala”, engade García Bermúdez.

O Concello aplica unha bonificación do 10% na taxa por recollida de lixo

O Concello de Trabada aplica unha bonificación do 10% na taxa por recollida de lixo aos seus veciños, unha rebaixa que xa fixo efectiva nos recibos correspondentes ao segundo semestre do ano 2021.

“No Concello de Trabada aprobamos fai un ano esta bonificación coa finalidade de repercutir nos propios veciños e veciñas a rebaixa que Sogama, previa solicitude do Concello, fai aos municipios por importe do 10% no prezo do tratamento e eliminación por tonelada de lixo”, explica a alcaldesa, Mayra García Bermúdez.

No ano 2021, o concello recadou polos recibos do lixo 55.120 euros, mentres que o gasto para as arcas municipais da recollida dos

residuos sólidos urbanos ascendeu a 95.089,38 euros.

“A pesar de tratarse dun servizo deficitario, dende o goberno municipal decidimos aplicar todas as rebaixas e exencións posibles, nun contexto de moitas dificultades e incertidume para as familias, as pemes e os autónomos”, engade a alcaldesa.

“Esta medida únese á bonificación do 95% do IBI das instalacións das explotacións agro-gandeiras que adoptamos no anterior mandato, e neste mandato tamén adoptamos unha bonificación do 95% do ICIO para estas instalacións, coa finalidade de colaborar cun sector fundamental para o noso concello”, remata García Bermúdez.

A CHC finaliza os traballos de mantemento nos leitos de varios ríos



Imaxe despois da limpeza no río Abres

A Confederación Hidrográfica do Cantábrico finalizou os traballos de mantemento e conservación nos leitos de varios ríos do termo municipal de Trabada. Actuouse no río Trabada, na contorna da Ribela, no río Eo, nas inmediacións de Abres, e no rego de Vidal, nas proximidades de Trabada. A lonxitude total destas actuacións ascende a 2713 m de leito.

Os traballos principais consistiron na retirada de árbores e restos vexetais acumulados en diferentes tramos do leito, así como a talla de árbores secas, enfer-

mos ou con risco de caída, e a realización de labores de poda. Estes traballos, cun investimento de 35.536,03 €, realizáronse a través da empresa pública Tragsa dentro do Programa de mantemento e conservación de leitos que desenvolve a Confederación Hidrográfica do Cantábrico fóra das zonas urbanas, nas que os labores de conservación e mantemento de leitos

son competencia dos concellos. Durante o pasado ano 2021 investíronse en Lugo 528.178,01 € repartidos en 42 actuacións en 14 municipios.

Lume Escénico actúa na vila da Pontenova o día 9



O grupo Lume Escénico representa na súa casa Cousas de bares. Poderase desfrutar deste obra o próximo sábado 9 de abril ás 21:00 horas no Salón de Actos da Casa da Cultura da Pontenova.

A representación trata dun accidente de tráfico no que está implicado un coche fúnebre, nun bar aparece un ataúde cun boleto de lotaría dentro. Esta é unha obra de ritmo trepidante e con xiros inesperados. Unha cita fronte ao cemiterio, para un espectáculo... mortal!

O BNG propón reducir a velocidade na N-640



O BNG presentou unha moción na que propón medidas para reducir a velocidade na estrada nacional 640 ao seu paso polo casco urbano da Pontenova.

O portavoz municipal nacionalista, Xosé Luís Gutiérrez, argumenta "hai consenso entre os expertos que reducir a velocidade a 30 km/h nas zonas urbanas reduce tanto o risco de sufrir un accidente, como a gravidade do mesmo de producirse.

De feito A Declaración de Estocolmo 2020, redactada despois da III Conferencia Ministerial Mundial sobre Seguridade Vial recolle na súa oitava recomendación a necesidade de establecer un límite máximo de velocidade de desprazamento nas vías urbanas de 30 Km/h".

Por outra parte Gutiérrez aclara que

"o Consello de Ministros aprobou fai máis dun ano o Regulamento de Circulación que no seu artigo 50 aconsella a redución de velocidade en núcleos urbanos".

A proposta do BNG pide a colocación de pasos de peóns elevados neste tramo da estrada xeral dada a súa eficacia para o calmado do tráfico e a substitución dos sinais de limitación de velocidade a 30 km/h.

Gutiérrez demándalle ao Alcalde "que convoque un pleno para tratar este e outros temas pendentes. Non hai razón para que levemos máis de 3 meses sen convocar un pleno ordinario incumprindo deste xeito o Regulamento de funcionamento do pleno aprobado pola maioría da Corporación que marca que se realizarán plenos ordinarios cada 2 meses".

A 43ª Festa da Troita xa ten Troitas de ouro

A 43ª Festa da Troita do Concello de A Pontenova, declarada de Interese Turístico Galego e de Interese Turístico Deportivo Nacional, xa ten preparada a súa data de celebración que será o 30 de abril e 1 de maio. A apertura para as inscricións do concurso de pesca modalidade lance comezará o día 17 de abril a partir das 20.00 horas e ata o día 23, haberá prazas limitadas aos primeiros 60 inscritos.

A directiva do Centro de Iniciativas Turísticas da Pontenova tamén propuxo que este ano a primeira Troita de ouro sexa entregada a Ignacio Rojo Herguedas, biólogo, editor e presentador do programa Caza y pesca de Movistar+.

Rojo é pescador e cazador, ademais dunha persoa moi comprometida co medio ambiente e o seu coidado. Tamén é o presidente da Asociación de Pescadores por la Conservación de los Ríos (APCR), unha asociación non lucrativa que trata de conservar e fomentar os valores do medio natural e os seus habitantes nos hábitats acuáticos. Ademais, deron a coñecer a quen entregarán outra Troita de Ouro



na edición deste ano e trátase da Plataforma Veciñal Mina de Touro-O Pino Non. As razóns que argumentan para a concesión desta distinción son que esta plataforma conseguiu paralizar a reapertura da mina de cobre. Xa a terceira será para Rubén Santos Becerro, de La Bañeza e campión de España de pesca a mosca, todo un experto na pesca dos salmónidos.

Así mesmo comunicaron que a orquesta Salsaarena estará o día 1 de maio nos actos de celebración.

En setembro de 2020 a directiva xa comunicara que o certame do salmón da Festa da Troita levará o nome de Concurso de Salmón Memorial Luís Moirón', en lembranza do compañeiro finado.

TELÉFONOS DE INTERESE

ALFOZ
Concello: 982 55 80 01
Garda Civil: 982 57 40 30
Centro de Saúde: 982 55 86 97

BARREIROS
Concello: 982 12 40 02
Garda Civil: 982 12 41 94
Centro de Saúde (cita previa): 982 12 41 05

BURELA
Concello: 982 58 60 00
Policía Local: 982 58 62 11
Garda Civil: 982 58 57 05
Centro de Saúde (cita previa): 982 58 51 29
Hospital da Costa (centraliña): 982 58 99 00
Capitanía Marítima: 982 57 51 53

CERVO
Concello: 982 55 77 77
Policía Local: 615 52 10 52
Garda Civil: 982 58 57 05
Centro de Saúde (cita previa): 982 55 75 25

FOZ
Concello: 982 14 00 27
Policía Local: 982 13 36 40
Garda Civil: 982 14 04 44
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 23 85
Agencia Tributaria: 982 13 35 12

LOURENZÁ
Concello: 982 12 10 06
Garda Civil: 982 52 19 05
Centro de Saúde (cita previa): 982 12 20 29

MONDOÑEDO
Concello: 982 52 40 03
Policía Local: 982 50 70 40
Garda Civil: 982 52 19 05
Centro de Saúde (cita previa): 982 50 74 52

OUROL
Concello: 982 55 91 09
Garda Civil: 982 56 10 39
Centro de Saúde (cita previa): 982 55 90 62

PONTENOVA, A
Concello: 982 34 22 77
Garda Civil: 982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 24 00

RIBADEO
Concello: 982 12 86 50
Policía Local: 982 12 86 50
Garda Civil: 982 12 80 48
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 01 43

RIORTORTO
Concello: 982 34 62 22
Garda Civil: 982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

TRABADA
Concello: 982 13 50 11
Garda Civil: 982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 53 00

VALADOURO, O
Concello: 982 57 40 00
Garda Civil: 982 57 40 30
Centro de Saúde (cita previa): 982 57 43 12

VICEDO, O
Concello: 982 59 00 02
Garda Civil: 982 59 01 81
Centro de Saúde (cita previa): 982 59 03 51

VIVEIRO
Concello: 982 56 01 28
Policía Local: 982 56 29 22
Policía Nacional: 982 56 17 11
Policía Nacional cita DNI: 060/982 57 06 62
Centro de Saúde (cita previa): 982 56 12 01

XOVE
Concello: 982 59 20 01
Centro de Saúde (cita previa): 982 59 24 24



TELÉFONOS DE INTERESE

Emerxencias: 112 | Incendios Forestais: 085
Urxencias Sanitarias: 061 | Garda Civil: 062



www.amariñaxa.com

AMARIÑAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Teléfono 661 464 323

redaccion@amariñaxa.com

Edición: PRENSA DA MARIÑA S.L.
Dirección: Diego E. García Ponte
Teléfono: 661 464 323
E-mail: redaccion@amariñaxa.com
Impresión: Tameiga Publicacións SL
Dep. Legal: LU 5-2019
ISSN 2660-4493

DEPUTACIÓN



A Deputación reclama á Xunta un plan para a rede de telefonía móbil

A Deputación reclama á Xunta de Galicia que elabore un plan para que os concellos poidan afrontar os gastos que traerá consigo a instalación da rede de telefonía móbil que o Goberno autonómico proxecta para 290 entidades de poboación galegas. Piden que asuma directamente estes gastos ou que elabore un plan de axudas específicas para evitar que os municipios teñan que facer fronte coas arcas locais a estes investimentos. Así o acordou o Pleno provincial deste mes de marzo a proposta do PSdeG, cos votos a favor de socialistas e nacionalistas, e a abstención do PP.

O Deputado de Cooperación e Asistencia aos concellos, Xosé María Arias, explicou que o Goberno autonómico ten proxectado a mellora do servizo de telefonía móbil para mellorar a cobertura duns 7.000 habitantes galegos, pero deixando da man dos concellos os custos de levar a acometida eléctrica ás torres de telefonía móbil. “O plan de dixitalización do rural galego e lucense dista moito da realidade. A Xunta agocha que a parte máis gravosa dos traballos vai recaer nos concellos, xa que

serán eles os encargados de atopar as parcelas para instalar as torres de telefonía, tamén terán que poñer estas parcelas a disposición da Xunta, así como sufragar todos os gastos que xurdan do proceso, tendo en conta que maioría das parcelas estarán situadas en mans privadas”, especificou.

Na súa intervención, Xosé María Arias explicou que “a Xunta saca peito de investir 3,7 millóns de euros de fondos públicos para este plan, o que supón 12.700€ para cada núcleo de poboación”, pero incide en que pola súa banda, “a Xunta reclámalle uns gastos aos concellos que poderán supoñer un cargo nas arcas municipais de entre 60.000€ e 200.000€, dependendo do concello”.

“É lamentable que case dous anos despois a Xunta non teña un plan integrado de dixitalización que estea financiado por fondos europeos, nun rural inmerso nesta enorme fenda dixital”, subliñou. “Esta é unha chapuza máis, un remendo do Goberno galego que non soluciona nada, e unha vez máis vemos como a Xunta encarga que paguen outros”. Así mesmo, afirmou que “entende-

mos que un goberno que deixa sen executar o 51% dos fondos europeos que percibe da Unión Europea, 1.400M€, non está lexitimado para reclamarlle aos concellos que asuman o custo dunhas infraestruturas básicas para o desenvolvemento de Galicia”.

Arias recordou, ademais, os anuncios de Feijóo en decembro de 2020 sobre a Estratexia Galicia Dixital 2030 que pretendía mobilizar 4.000 millóns de euros para aumentar a calidade de vida e o desenvolvemento sostible co impulso de solucións intelixentes no plano social, económico e ambiental, cunha estratexia que recollía fondos para o período 2021-2022. “O investimento para o período 2022/2023 é de 3,7M€ de fondos públicos, polo que custa crer que a ese ritmo se teñan investido os 2.400 millóns que prometera Feijóo antes de decidir que Galicia lle aburría e que era mellor marchar a Madrid”.

O Pleno aprobou unha Declaración Institucional para condenar a agresión que está cometendo Rusia contra Ucraína. Foi acordada de xeito unánime por PSdeG, BNG e PPdeG.

Aprobación do Plan Único en abril

Un Pleno extraordinario foi convocado para o debate e aprobación da relación de actuacións e proxectos que os 67 concellos da provincia propuxeron para executar ao abeiro do Plan Único 2022, que nesta anualidade conta con 21,5M€ de fondos da institución provincial.

As entidades locais danlle prioridade aos investimentos -aos que dedicarán 14,6M€, preto do 70% do total dos fondos, para acometer máis de 560 obras e subministracións-seguido da creación de emprego, á que destinan 3,5M€, cos que crearán 300 postos de traballo; e do Ser-

vizo de Axuda no Fogar (SAF), para o que reciben 3,2M€ para atender a máis de 3.000 persoas. Dedicarán tamén 200.000€ para medidas sociais e económicas de loita contra o impacto da pandemia.

Para o Plan, a Deputación achega 21,5M€, unha cantidade importante coa que o Goberno provincial reforza o seu compromiso de cooperación cos concellos para que poidan manter e mellorar a prestación de servizos á cidadanía. Este programa de investimentos inxecta en total máis de 25M€ de fondos públicos na sociedade e na econo-

mía sumando os 21,5M€ que dedica institución provincial e as achegas dos concellos.

Os concellos presentaron as súas propostas para investir estas importantes partidas económicas da institución provincial aos distintos programas establecidos: investimentos; Servizo de Axuda no Fogar (SAF); fomento do emprego; actividades culturais; actividades deportivas; actuacións/eventos turísticos; feiras e mercados; administración electrónica e protección de datos; protección civil; e emerxencia sanitaria.

Deputación e EOI ofrecen axudas para incorporar mozos en prácticas remuneradas

A Escola de Organización Industrial (EOI) xunto coa Deputación convocaron unha liña de axudas por un importe total de 210.000€ para empresas e asociacións da provincia interesadas en contar con mozos e mozas en réxime de prácticas non laborais remuneradas. O prazo de solicitude abriuse este mércores tras a publicación no Boletín Oficial do Estado (BOE) da convocatoria, enmarcada no programa Reinicia-te: Enfoca o teu futuro que teñen en marcha a institución provincial e a EOI, dependente do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, e que ten como obxectivo favorecer a inserción laboral da mocidade en profesións con alta demanda, como son as vinculadas coas novas tecnoloxías e a dixitalización, a través de formación gratuíta e prácticas remuneradas.

Estas axudas servirán para sufragar

as becas que percibirán os rapaces e rapazas por un período de prácticas non laborais de tres meses. A remuneración total que como máximo recibirá o alumno ou alumna é de 2.084,47€, o que supón 1,2 veces o IPREM mensual. No caso de persoas cunha discapacidade superior ao 33%, a contía total a percibir será como máximo de 2.431,88€ por alumno, 1,4 veces o IPREM mensual. Cada entidade ou empresa beneficiaria das axudas poderá contar con varios alumnos ou alumnas.

Poden optar a esta convocatoria todas aquelas empresas de calquera sector, asociacións e outras entidades sen ánimo de lucro da provincia de Lugo que queiran incorporar no seu equipo a mozos para prácticas non laborais e que firmen un convenio co Servizo Público de Emprego con esta finalidade.



Presentación do programa Coñece a túa provincia

Estrea da nova tempada de Coñece a túa provincia

A Deputación estreou a segunda edición do programa de viaxes gratuítas Coñece a túa provincia, do que se beneficiarán máis de 3.000 persoas de 136 asociacións e colectivos lucenses. Nesta segunda edición os usuarios e usuarias viaxarán en dúas quendas que permitirán coñecer a provincia en primavera, dende hoxe e ata o 30 de xuño, e en outono, de setembro a novembro.

A primeira entidade beneficiaria, a Asociación Provincial de Amas de Casa e de Consumidores de Lugo Lucus, visitou o Pozo da Ferida e o concello de Ferreira do Valadouro para despois seguir a ruta no castelo de Castrodouro e a Finca Galea, ambos en Alfoz. A ruta comezou cun perco-

rrido polo Pazo de San Marcos onde puideron coñecer a súa historia.

80 asociacións e colectivos da provincia participarán ata o mes de xuño nas visitas coas que percorrerán o patrimonio natural, histórico, gastronómico e cultural dos concellos lucenses”, explicou García Porto. A primeira parada de cada viaxe realizarase sempre nun espazo de titularidade provincial, como pode ser o Pazo de San Marcos, o Centro de Producción Audiovisual, a Granxa Gayoso Castro, o Centro de Interpretación Terras do Miño ou o Mazo de Santa Comba.

A institución provincial recibiu 170 solicitudes durante o período de inscrición, das que foron admitidas 135.

DEPORTES

Maio acollerá a I Media Maratón das Minas da Pontenova



A Asociación As Minas da Pontenova e o Concello organizan a I Media Maratón das Minas de A Pontenova, unha proba que se celebrará o domingo 29 de maio de 2022.

Para participar será necesaria a previa inscrición, que ten un prezo de 15 euros, e xa está aberta. Para máis información haberá que consultar a web de carreiras galegas. A proba transcorrerá pola zona das antigüas minas.

A saída e meta será na praza dos Fornos e será saída ás 10.00 horas e constará de 21 quilómetros aproximados e percorrerá camiños de terra e pistas, e estará pechado a todos os vehículos excepto os autorizados pola organización.

Volve a Copa Deputación de fútbol

O deputado de Deportes Efrén Castro presentou a XXXVIII Copa Deputación de Fútbol nas categorías senior, na que participarán 76 equipos de Liga Galega 1ª e 2ª División Feminina, Preferente Autonómica Masculina, Primeira, Segunda e Terceira Autonómica Masculina.

A competición, que arrancará o 17 de maio, ofrece aos equipos a posibilidade de participaren nunha competición de ámbito provincial, con alicientes competitivos diferentes aos das ligas, ao tempo que supón unha inxección económica para os clubs xa que a Vicepresidencia da Deputación de Lugo concederá premios aos conxuntos participantes, en función dos partidos disputados e das eliminatorias superadas (entre 385 e 450 euros por eliminatoria xogada como visitante e 450 e 600 por eliminatoria xogada como local, segundo as categorías).

Efrén Castro sinalou que “o patrocinio desta competición respon-



de ao compromiso da Vicepresidencia da Deputación co tecido deportivo, ao que se ofrece apoio económico con distintas liñas de axuda e tamén oportunidades para competir e seguir formando aos xogadores e xogadoras” e lembrou que “ao longo do ano se celebran tamén competicións de ámbito provincial noutras disciplinas como o baloncesto, o atletismo ou piragüismo con ese mesmo obxectivo”.

O deputado de Deportes sinalou tamén “que a incidencia social dun deporte como o fútbol, que

conta con moitas persoas afeccionadas, converte tamén esta competición nunha oportunidade para a dinamización das localidades que acollen os partidos”.

No acto de presentación, no que participou o vicepresidente da Federación Galega de Fútbol Carlos Méndez e o delegado en Lugo Manolo Vilachá e que contou coa presenza de persoal directivo de medio cento de clubs, realizouse o sorteo para definir os emparellamentos nas distintas categorías, que se xogarán dacordo co seguinte calendario.

Ceden as instalacións do campamento A Devesa ao FC Ribadeo

O voceiro do Grupo Municipal Popular, Daniel Vega, subliña que “dende hai tempo levamos traballando para que mellorar estas instalacións e abriñas á sociedade. Non queremos este campamento pechado, senón que funcionen durante todo ano. Por iso, asinouse un convenio Xunta de Galicia e o FC Ribadeo para cederlles as instalacións para que o equipo adestre aí. Vanse abrir os vestiarios e tamén o ximnasio”, afirmou.

Deste xeito, indicou: “Estamos traballando para que todas aquelas entidades que queiran ter unhas instalacións óptimas para facer a súa actividade e dar solución ao problema do FC que non tiña onde realizar os adestramentos. Poñemos solucións a problemas que crea o BNG, en definitiva”. Daniel Vega agradece ao equipo e ao coordinador de Deportes e a Xunta de Galicia a colaboración levada a cabo “para seguir impulsando actuacións en favor do deporte”.

O II Trail do Caolín ao Fuciño do Porco xa ten abertas as inscricións

A organización do segundo Trail do Caolín ao Fuciño do Porco, que será o 22 de maio do 2022, xa informou das novidades, o percorrido e todo o regulamento.

O percorrido da proba, estará próximo aos mil metros de desnivel e partiu do porto do Vicedo para seguir polo Caolín cara ao monte en dirección a San Román, chegar ao Fuciño do Porco e volver pola costa ata o porto.

As inscricións, que xa están abertas, poden facerse no seguinte enlace, e o trail contará con trofeos para os tres primeiros clasificados de cada categoría, para os máis veteranos e o máis novo.

A recollida de dorsais poderá facerse o sábado 21 de maio desde as 18.00 horas ata as 20.00 horas na casa de cultura do Vicedo e o domingo 22 de maio desde as 8.00 horas na zona de meta, que este ano estará situada na rúa do Porto, próxima ao porto do Vicedo. A carreira contará con dúas distancias para



trail e unha única distancia para a andaina, así, o trail curto e a andaina serán de 15 quilómetros e o trail longo de 27.

Os horarios de saída serán ás 9.00 o trail longo, seguido ás 9.30 horas da andaina e ás 10.00 o trail curto. Para o trail curto e andaina poñeráse autobuses para chegar aos participantes á zona de saída 1 hora antes das saídas.

A saída de autobuses desde a explanada do porto do Vicedo para a andaina é ás 08.45 horas, e para o trail curto será ás 9.30 horas tamén dende a explanada.

A última tirada de Bolos de Xove contou coa entrega de premios

A última tirada desta XXXIII edición do Campionato municipal de Bolos de Xove, que contou con 27 inscritos, rematou coa entrega de premios e trofeos. No tocante a liga sénior masculina o campión foi Miguel López que conseguiu a súa 9ª vitoria, a 5ª consecutiva, nas 10 últimas tiradas celebradas. Miguel consegue o seu cuarto campionato absoluto consecutivo.

A esta festa sumouse tamén o subcampión, Daniel Alonso, compañeiro e coetáneo de Miguel dende a categoría Sub-16. Daniel, xunto a Moisés Rodríguez, foron os únicos xogadores que puntuaron en todas as tiradas. Daniel mellorou moito no seu xogo, conseguindo unha importante regularidade, o cal sumado ao seu talento posibilitou este magnífico 2º posto final, que deixou a 31 puntos ao terceiro clasificado, que non foi outro que Francisco Pérez.

Francisco Pérez foi o dominador da primeira parte do campionato, pero unha inoportuna lesión a metade de temporada, mermouno nas súas posibilidades, o que lle supuxo pasar ao terceiro posto final nesta.

Dentro da liga sénior masculina de maiores de 60 anos, os tres xogadores que conseguiran máis puntos



durante a liga regular teñen dereito a tres premios e foron José González Rodríguez, José López Riveira e Arturo Rodríguez Álvarez.

Na liga feminina sénior Julia rematou a tempada cunha vitoria imponente, xa que se foi aos 304 tantos, que para súa categoría é unha cifra espectacular. Nunha carreira deportiva paralela á de seu irmán, sumou o seu 4º título consecutivo, xa que ao deste ano hai que engadirlle os conseguidos nas tempadas 18-19, 19-20 e 20-21.

En segundo posto Belén Meitín e terceira Carmen Roca, polo cal a tripla gañadora da pasada temporada consegue repetir nesta. Nesta última tirada de Sumoas quedaba por ver quen se facía coa 4ª e 5ª prazas. Finalmente Concepción Piñeiro foi 4ª e a veterana Salomé Bermúdez conseguiu a 5ª praza que daba op-

ción a premio e trofeo.

Na liga Sub16 Christian tiña unha única oportunidade de gañar este campionato era que Xenxo non participara. Pois ben, Xenxo non só participou senón que gañou cómodamente a súa última tirada nesta categoría e obtendo así o seu primeiro campionato na nosa competición, que esperemos sexan moitos nos vindeiros anos. Xenxo, que para o ano competirá na categoría senior, despídese ao grande da Sub 16.

Por detrás, e puxando moi forte, Christian Cociña, xogador xove que, o mesmo que Xenxo, representa o futuro máis inmediato deste deporte no Concello. Pola súa banda, os irmáns Cancelos, Jordi e Naia (12 e 10 anos respectivamente), siguen a súa aprendizaxe neste deporte, coa mirada e o cariño do seu pai (César Cancelos) sempre presente.

A unión entre a veciñanza e a contorna da ría coa costa

Altruán de Ribadeo, un club de piragüismo con 40 anos de historia

O Club de Piragüismo Altruán de Ribadeo naceu o 27 de abril de 1982 como unha iniciativa particular para dinamizar o piragüismo en Ribadeo e arredores. Dende a súa fundación, mantivo ao longo destes 40 anos de historia unha actividade ininterrompida, con maior ou menor presenza, fomentando tanto o piragüismo de competición como outras modalidades máis lúdicas, e dando soporte actualmente a máis de 70 socios.

Falar do Altruán, implica falar do seu secretario, José A. Fernández Fernández, persoa imprescindible no día a día do club, e que vén loitando polo piragüismo en Ribadeo dende hai máis de vinte anos, xunto ao traballo doutros socios e socias.

O club, vive neste 40 aniversario a mellor etapa da súa historia, coa mirada posta na reforma das súas instalacións na praia dos Bloques, comprometida xa polo Concello de Ribadeo e a Deputación de Lugo. Cun aumento significativo en calidade e cantidade da súa canteira de competición, formada actualmente por aproximadamente 30 deportistas dende prebenxamíns ata xuvenís, que na pasada tem-

pada 2020/2021 codearonse cos mellores a nivel provincial, autonómico e nacional.

Así, pódese destacar o terceiro posto por clubs na Liga Provincial, na que os nosos deportistas obtiveron preto de 60 metais nas seis competicións que forman a liga. Os inumerables podios e bos resultados en competicións autonómicas e nacionais de Andrea Rodríguez, Ángela Fernández e Nicolás Gayol na categoría cadete, que levaron a superar nas clasificacións finais a grandes clubs de Galicia e do resto de España aínda cun equipo moito máis pequeno. Así como o debut en competición autonómica de Elena González (Prata no Trofeo Xacobeo en Muller Alevín A), Martín Feijoo e Brais Vizoso (Subcampións Galegos en K2 Benxamin A). Ademais de toda a actividade de competición prevista para esta tempada 2021/2022, na que Nicolás Gayol, que compaxina estudos e adestramento no Centro Galego de Tecnificación Deportiva, intentará loitar por unha praza para as competicións internacionais na súa primeira tempada na categoría xuvenil, o club afronta este 40 aniversario con diversas activida-

des tanto lúdicas como formativas.

Así pois, o 13 de febreiro tiveron un curso de augas bravas no río Sor, que foi o primeiro doutros de diferentes disciplinas que anunciarán próximamente; e xa cara o mes de xullo retomarán a xa tradicional Travesía de Kaiak de Mar Praia das Catedrais.

Ademais, como non podía ser doutro xeito, o club mantén unha implicación firme co coidado do medio ambiente, fomentando isto entre todos os seus socios, que recollen calquera tipo de lixo que se atopan nas súas continuas saídas pola ría de Ribadeo e a costa do occidente de Asturias e a Mariña Lucense.

Todo isto fai do club non so un equipo de competición, senón un nexo de unión entre a cidadanía ribadense e o entorno fantástico que forma a ría e a costa. Así, cada verán deciden iniciarse no piragüismo máis nenos e nenas a través da Escola Deportiva Municipal e dos diferentes cursos que organiza o club polos seus medios cada vez máis limitados en proporción ao crecemento exponencial que está a vivir.



Troitas Bravas venceron no I aberto do Castiñeiro de Billarda

A incursión billardeira no Festival 27373, que anualmente se celebra no Club Fluvial de Begonte, foi o xerme que fixo agromar un novo equipo de billarda.

A Asociación Castiñeiro Milenario presentou un equipo mixto que debutou oficialmente na tempada 2019-2020 (tempada que por mor da pandemia rematou a falta de catro xornadas) e agora nunha nova tempada da liga regular, foron os anfitrións do I aberto do Castiñeiro.

Xuntáronse en total 71 persoas de tódalas idades que deron o mellor de si nunha fermosa e apacible mañá dominical no campo de fútbol de Pacios.

Aló vai xa máis de media tempada e semella que non hai un claro dominador. Os que comandan a clasificación están nun sube e baixa continuo. Xornada a xornada os dez ou doce primeiros intercámbianse os postos. Sirva como mostra que foron cinco xogadores distintos os que nas 7 xornadas que van disputadas se turnaron no



Os Troitas Bravas cos seus trofeos

alto da clasificación e todos teñen opcións de acadar o campionato. O gañador do aberto foi Daniel (Billardeiros Musicais) con 23 puntos, segundo Regueiro (Troitas Bravas) con 22 puntos e terceiro Basilio con 21 puntos.

A categoría de donas, segue dominada polas tres mosqueteiras do NorLeste. Aroa, Irea e Geni, que se veñen alternando nas vitorias das xornadas. Esta vez tocoulle gañar a Irea por diante das outras dúas. En infantís, os cativos de Madia Leva, Diego-Mateu, Mateu-Diego,

(que tanto monta, monta tanto), xunto con Aroa, son os que arrincan os maiores aplausos dos xerairos, día a día nos sorprenden co seu dominio do xogo.

Por equipos dominaron Troitas Bravas, segundos Billardeiros Musicais e terceiros Carabullo, que maila todo siguen como primeiros. Por outra banda, clubs da provincia de Lugo participaron na Supercopa de billarda, que se celebrou o pasado mes de marzo televisado e con participación de todas as conferencias.

Rafa Merino substitúe a Riquer no banco do Pescados Rubén

O Pescados Rubén Burela anuncia o nomeamento de Rafa Merino como primeiro adestrador tras a marcha de Alberto Riquer. A duración por esta designación como técnico principal, será ata final de tempada. O Club confía en Rafa Merino, que xa tivo un bo desempeño en Esportiu Rubí FS como coordinador da base ademais de conxuntos sénior e no Birmingham da liga inglesa como adestrador.

O club encoméndase ao adestrador tarrasense co ánimo de mellorar na última fase de competición. "É obvia a ardua situación dos laranxas en liga, que figuran como pechacancelas na clasificación", manifestou a directiva, "confiamos plenamente nas capacidades de Rafa Merino, pois é unha persoa que durante a estancia con Riquer demostrou moito traballo, e que durante os últimos dous partidos que o equipo quería loitar e gañar. Tamén é de destacar o apoio que brinda a directiva ao adestrador, pois espe-



ran que consiga os mellores resultados posibles de aquí a final de tempada".

Doutra banda, a perspectiva de Rafa Merino ante un reto difícil, é que "se ve con forzas" e "con apoio do Club e a xente", "con ganas de tentar cumprir o obxectivo". É evidente o máximo compromiso e traballo que vai achegar ao Club ata final de tempada.

Con nove xornadas por diante, o equipo buscará dalo todo por sacar puntos en cada partido, empezando contra o Jimbee Cartaxena despois deste pequeno parón.

COLABORACIÓN

O docente, figura insubstituíble

O PUPITRE



Julio Díaz

Os docentes son un pilar insubstituíble na educación por ser ademais de administradores de coñecementos, axentes que xeran profundos cambios nos seus alumnos/as.

A función do docente, hoxe máis que nunca, é insubstituíble na aula. O seu labor consiste en motivar aos seus alumnos/as, orientarlles, espertar neles unha cultura do esforzo, do traballo. Xuntos, docente e alumnos/as, deseñan, planean, descubren e emprenden co fin de avanzar e innovar.

Os estudantes hoxe atópanse cunha gran cantidade de ferramentas, de información, de opcións e ante iso nós debemos ser capaces de motivarlles a

ser constantes, a aprender a seleccionar e a orientar os seus esforzos á vez que compartimos con eles os nosos coñecementos e as nosas experiencias.

A verdade é que, aínda que o confinamento pillounos a todos por sorpresa, e cando se decretou o peche dos centros educativos, os docentes soubemos adaptarnos e en moi poucos días fomos capaces de trasladar a actividade educativa das nosas aulas ás nosas casas, convertendo as nosas habitacións en espazos que irradiaban coñecementos e os nosos salóns en verdadeiros estudos de televisión, que nos permitiron facer un seguimento e un acompañamento educativo para que ningún dos nosos alumnos/as quedasen descolgados. Perseguímolos por terra, mar e aire, todos os días da semana, sen horarios para que as desigualdades sociais non creasen brecha nos máis desprotexidos e desfavorecidos. Tivemos que adaptarnos de maneira exprés á aprendizaxe a

distancia e manexar novas ferramentas dixitais, a maioría das veces sen a formación adecuada para iso, co hándicap de carecer das infraestruturas e medios necesarios e con verdadeiras dificultades para conseguilas, dada a situación de confinamento no que nos atopábase. Os docentes estivemos na primeira liña para garantir a continuidade dunha aprendizaxe de calidade cando os nosos centros estaban pechados e desempeñamos un papel cruce ao longo de toda a pandemia, aínda que para nós apenas houberse aplausos.

Desempeñamos un labor especialmente difícil nos últimos tempos e se algo positivo deixounos esta pandemia é que puxemos de manifesto o valor do docente nas nosas aulas educativas e no conxunto da sociedade. Estivemos en primeira liña nos momentos máis difíciles, proporcionando coñecementos e sobre todo apoio socioemocional aos nosos alumnos cunha especial dedica-

ción e agarimo cara aos máis vulnerables e con menos medios.

A pandemia de COVID-19 sacou á luz as debilidades e gretas do sistema e reclámanos certos aspectos que debemos reforzar e potenciar para poder alcanzar un sistema educativo que se adapte aos nosos alumnos/as e a unha sociedade moderna e cambiante, avanzando así cara a unha verdadeira educación do século XXI.

Outra importante lectura que debemos facer destes durísimos dous últimos anos é que a presencialidade na aula é vital para os nosos mozos, pero tamén que as novas tecnoloxías achégannos unha infinidade de vantaxes, oportunidades, recursos e medios. Na miña opinión, sería temerario esquecer a experiencia vivida e desmontar os mecanismos, as pautas e as prácticas que orixinamos para manter unha educación de calidade en funcionamento máis aló da presencialidade, pero non

esquezamos nunca que non se pode pensar nunha educación que non procura a proximidade, a mirada cómplice, o fortalecemento que produce ao neno e ao adolescente crecer e amarear coñecementos e destrezas, día a día, en compañía dos seus docentes. O valor da profesión docente é insubstituíble e non van a ser a tecnoloxía, as aulas virtuais, o ensino en liña, a realidade virtual, as videoconferencias, Zoom, Teams, Meet.. as que van salvar a educación despois de dous anos de profunda pandemia, senón os docentes que estamos ao pé do canón todos os días.

É moi difícil predicir o futuro, pero desde o meu punto de vista a presencialidade é irrenunciable na profesión docente, aínda que as novas tecnoloxías brindannos multitude de vantaxes e oportunidades e sería moi positivo complementalos, permitíndonos así crear un sistema máis completo e máis robusto, aproveitando o presencial e o en liña.

Música en palabras

CULTURA E MÚSICA



Rebeca Maseda

O teatro, que será esa maxia indescribible que o rodea? Esa forza que transcende o escenario? Imaxino que non sempre se produce ese efecto tan especial, ese "non-sei-que" que non se pode explicar, pero que, cando ocorre, é un bálsamo para a alma.

Hai unhas semanas asistín a unha conferencia sobre María Casares no Museo de Belas Artes da Coruña con motivo da celebración do centenario do nacemento da actriz. Durante a conferencia proxectouse un fragmento dunha gravación teatral onde participaba Casares. A obra en cuestión era "Yerma", do gran Federico García Lorca; peza enmarcada dentro da chamada "triloxía lorquiana" xunto a "Bodas de Sangre" e "La casa de Bernarda Alba". Dende o primeiro segundo desa gravación, sentín esa maxia estraña... Non podía parar de mirar a figura de María, esa muller dun metro sesenta que cando sae a escena transfórmasse nunha deusa, nunha auténtica forza da natureza que imprime un selo único e persoal a cada palabra, a cada frase. Casares e Lorca, un binomio dramático perfecto.

Pero, quen é esa muller da Coruña? Esa maravillosa actriz que namorou a espectadores de Francia e medio mundo? Triunfou no cinema e no teatro, tivo relacións con Albert Camus, quitou pa-

peis a Marlene Dietrich e está considerada un "monstro sacro" no país veciño. Con todo, case 25 anos despois da súa morte, a súa figura aínda non é de todo reivindicada en España.

Cando en 1981 María Casares (A Coruña, 1922- Alloue, Francia, 1996) se presentou en España para falar das súas memorias, o público nacional non tiña nin idea de que aquela muller madura de melena desaliñada e trazos de aguia, á que vagamente vinculaban cun político exiliado, era en Francia unha lenda viva do cinema e o teatro. Para empezar, resultaba impensable que unha gran actriz puidera expresarse con aquel fermosísimo acento galego que conservara intacto ao longo de medio século como quen garda un tesouro da súa infancia, que é o que realmente era...

Precisamente naquel libro de memorias, titulado "Residente privilegiada", dedicaba á súa Galicia natal o espazo que merecía: falaba dunha infancia idílica entre A Coruña e Montrove, onde a familia alugaba o palacete "Villa Galicia" para pasar os veráns. A súa nai, Gloria Pérez Corrales, proviña dunha familia modesta, mentres que o seu pai, Santiago Casares Quiroga, lucía un lustroso "pedigree" político progresista. Coa chegada da Segunda República, Casares Quiroga foi requirido para diversas carteiras no novo goberno e a familia trasladouse a Madrid, o que supuxo o primeiro trauma na vida da nena Vitola (así chamaba o seu pai a María Vitoria Casares). Aínda que grazas á súa estadia madrileña, puido coñecer a xen-

te como Azaña, Largo Caballero, Lorca e Valle-Inclán, un legado que debe compensala sen lugar a dúbida.

O seu segundo trauma non tardaría en chegar. Cando a facción militar sublevada deu o golpe de estado que desencadeou a Guerra Civil española, o seu pai estaba á fronte do goberno republicano, así que tiveron que exiliarse a Francia. Só Esther, filla natural de Santiago Casares, permaneceu na Coruña, refén dos nacionais. María, seica interesada en facer valer a súa "españolidade", atribuíu moitos dos seus logros vitais a un "donjuanismo" que compartía co seu pai. Esa pulsión sedutora que lle levaba a conquistar aos seus amigos, aos directores e autores teatrais, ao público do seu novo país, á propia lingua francesa. Cando chegou a París, María Casares tiña xa catorce anos e apenas sabía falala. Antes dos vinte estaba a facer primeiros papeis nos escenarios franceses e pola súa dicción ninguén diría que non naceuse na Touraine! De feito en 1942, convertíase en protagonista absoluta nunha montaxe dirixida por Marcel Herrand de "Deirdre of the Sorrows", traxedia mitolóxica do irlandés John M. Synge pola que recibiu críticas entusiastas. Herrand quixo entón montar con ela "O Malentendido", do escritor existencialista e futuro premio Nobel, Albert Camus.

Na pantalla debutou ao grande en 1944. Xunto co seu descubridor nos escenarios, Marcel Herrand, foi recrutada polo director de cinema Marcel Carné para o elenco de "Les enfants du Paradis", superproducción escrita por Jacques

O RECUNCHO DE CANELINA



Prévert que pola súa excelencia artística, importancia histórica, duración desmesurada e tormentosa rodaxe (foi a última cinta nacional realizada baixo a ocupación nazi, e sufriu todas as restricións propias do momento) describiuse como un "Lo que el viento se llevó" francés. Inmediatamente despois traballou noutra película mítica, "Las damas del Bois de Boulogne", a segunda longametraxe dun dos mellores directores da historia do cinema, Robert Bresson. Ademais, obtería outros dous éxitos cinematográficos: unha adaptación de "La cartuja de Parma" de Stendhal e o

"Orfeo" de Cocteau, onde volveu despregar o seu magnetismo convertida nada menos que na Morte.

A pesar daqueles inicios, e cunhas poucas excepcións, non se prodigou no cinema e a cambio preferiu centrarse no teatro. Alí o público reclamábala con avidez e a crítica adorábala. Interpretou todos os grandes papeis do teatro galo, do grego e do internacional. Gañou o premio Molière por encarnar a Hécuba. Fixo a Genet con Patrice Chéreau e danzou para Maurice Béjart, que dixo dela que facía o amor en escena. Si, unha ARTISTA con maiúsculas.

MAR

“Síntome orgullosa de que o Porto de Burela conte cun colectivo de redeiras”

María Jesús Alonso, presidenta da Asociación Redeiras Cabo Burela



Como xurdiu Redeiras de Cabo Burela?

Xurdeu no ano 2009 a raíz dun curso onde coincidimos distintas mulleres que traballabamos as redes nas nosas casas, que decidimos xuntarnos e crear a Asociación de Redeiras Cabo Burela.

Cantos membros son?

Cando se formou a asociación éramos 15 redeiras, das cales 10 viñemos para a nave na que traballamos actualmente e as outras 5, decidiron ficar confeccionando nas súas casas. A día de hoxe a asociación conta con 8 redeiras.

Fan actividades formativas? Que tipo?

As actividades formativas que realiza asociación son os cursos de formación que esixe a Xunta para poder acceder ó certificado de profesionalidade e poder traballar legalmente como redeira. Neses cursos ensínanse os distintos tipos de artes: arrastre, cerco, artes menores e palangre.

Como é un día de traballo?

O traballo da redeira está condicionado á cantidade de demanda. O horario habitual é de 8.00 a 13.00 horas e de 15.00 a 20.00 horas. O noso horario é flexible, pois hai quen opta por unha xornada continua, de 7.00 a 14.00 horas. Como traballamos todos os tipos de artes procuramos distribuír o traballo de maneira que poidamos armar a maior cantidade de aparello posible. Agora mesmo a nosa maior carga de traballo son as volantas, os miños e o cerco.

Que utensilios usan?

Os utensilios das redeiras son moi simples; aparte das redes, unha redeira só necesita: agullas, tesoiras, unha navalla e unhas tenzas.

Canto tarda en confeccionar unha



Imaxes das redeiras de Burela traballando no porto

rede? canto miden?

O tempo que leva confeccionar unha rede é relativo porque depende do tipo de arte. No caso de aparellos de artes menores o tempo que se tarda pode ir desde 3 horas que leva armar unha volanta, ata 6h que leva confeccionar un miño. No caso de aparellos máis voluminosos, como poden ser os do cerco ou arrastre, a súa confección pode levar entre mes e medio e dous meses. As volantas, as volantillas, os miños, etc. son aparellos que miden 50 metros de lonxitude porque é a medida reglamentaria das cordas, o alto pode variar. No caso do cerco os aparellos poden medir desde 400 a 800 metros ou máis, dependendo do tamaño da embarcación.

Hai moita desigualdade entre mulleres e homes no sector?

Nós consideramos que hai unha desigualdade económica. Un redeiro ten un salario e a redeira cobra polo traballo que faga, se ben é certo que no ámbito laboral non consideramos que haxa desigualdades.

Que necesidades teñen na asociación?

A única necesidade que temos na asociación é máis persoal. Como

colectivo levamos reclamando o recoñecemento de enfermidades profesionais, o coeficiente reductor e o relevo xeracional.

Que respaldo teñen das administracións?

Pouco ou ningún.

De que logros, dos conseguidos, se sinten máis orgullosas?

Eu, como presidenta desta asociación, do que máis orgullosa me sinto é de que fosemos capaces de xuntámonos para traballar xuntas directamente para as embarcacións sen ningún tipo de intermediario, e que o Porto de Burela conte cun colectivo de redeiras, as Redeiras Cabo Burela.

Afectou a pandemia ao seu sector?

O sector pesqueiro foi un dos que non deixou de traballar durante a pandemia, para que nos supermercados seguise habendo peixe. No noso caso, as embarcacións para as que traballamos tampouco pararon, polo que nós seguimos traballando tamén. Así e todo, neste caso a Administración si que puxo á nosa disposición axudas de cese temporal para todas aquelas redeiras que quixesen solicitálas e acollerse a elas.

PASATEMPOS

Fácil

			9	2			
7	8	6	5		3		
		9		8		7	5
9	6		8			4	
5		3		6			8 9
			7	9	1		6
			4	1		3	
		8		5			4
3						8	5

Difícil

	6		2	7		4	5
5				8			
		4	6			9	2
						7	4
		7	5	6	4		
		3				8	2
		8				6	3
			8	3			
6	9				5	2	7

SOLUCIÓNS

8	1	9	2	8	1	5	3
8	1	9	2	8	1	5	3
8	1	9	2	8	1	5	3
8	1	9	2	8	1	5	3
8	1	9	2	8	1	5	3
8	1	9	2	8	1	5	3
8	1	9	2	8	1	5	3
8	1	9	2	8	1	5	3

Fácil

6	9	1	4	5	2	8	7
7	2	5	8	3	1	9	4
1	4	5	2	8	7	9	1
4	5	2	8	7	9	1	4
2	8	7	9	1	4	5	2
0	1	6	3	2	8	5	7
3	7	4	6	5	1	9	2
5	9	2	4	8	3	7	1
0	6	1	2	7	9	3	4

Difícil

Consulta os eventos en:
www.amariñaxa.com

AMARIÑAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Teléfono 661 464 323

redaccion@amariñaxa.com

DE RUTA EN RUTA

Burela: xeorutas

Un paseo por unha das xoias da xeoloxía de Galicia trazada ao longo de todo o litoral en catro rutas diferenciadas

Este Concello representa un lugar de interese xeolóxico a nivel internacional, xa que na súa contorna atópanse unha ampla variedade de rochas (cuarcitas, granitos, pegmatitas e conglomerados) e estruturas xeolóxicas (pregues e fallas), que nalgúns casos son moi singulares e excepcionais.

E para descubrir estes tesouros xeolóxicos propóñense varias rutas ao longo do litoral burelés. Na xeoruta da Marosa as rochas graníticas son sen dúbida algunha as protagonistas, un percorrido litoral que permitirá descubrir a orixe das pías, acanaladuras, tafonis, etc. unhas formas moi caprichosas xeneradas co paso dos anos. Do mesmo xeito observaranse as pegmatitas e aplitas, unhas rochas que en ocasións son portadoras de minerais semipreciosos e que mostran un aspecto moi chamativo. Os distintos elementos da costa granítica e a presenza de depósitos recentes completarán a visita.

A do Perdouro permite descubrir o conxunto de pregues me-

llor conservado de toda Galicia, unhas estruturas xeolóxicas de máis de 300 millóns de anos de antigüidade, e orixinadas por mor da Oroxenia Varisca, salientable acontecemento xeolóxico da Era Paleozoica. Así como os fermosos arcos rochosos do Perdouro, a rasa cantábrica, superficie achairada que comeza en Burela e se estende por boa parte do Cantábrico; ou o contacto co granito de San Cibrao na zona de Castrelo.

O paseo xeolóxico que chega ata a praia do Cantiño caracterízase por amosar inicialmente os materiais da denominada Rasa Cantábrica, superficie de erosión continental de máis de 1 millón de anos. Na cal os conglomerados e as areas son as litoloxías máis salientables. Pola súa banda, nas inmediacións do Cantiño obsérvase o proceso de formación de furnas e arcos rochosos, así como a presenza dunha importante falla na veciña

praia da Areoura, onde os materiais son totalmente diferentes.

A ruta xeolóxica Monte Castelo discorre integramente polo, o que permitirá gozar das súas espec-

taculares vistas panorámicas. Ao longo da visita chegarase ata O Buio, o teito de Burela, para coñecer a orixe destas montañas e da costa Cantábrica. A mina de caolín

será outra das protagonistas neste percorrido xeolóxico, e é que este mineral foi no seu momento uno dos pilares económicos máis importantes de Burela.



DATOS



O Perdouro: 3,2 Km.
A Marosa: 7,8 Km.



O Cantiño: 6,4 km.
Monte Castelo: 3,5 Km.



Dificultade
baixa



GALEGA

DE IMPERMEABILIZACIÓNS

Especialistas en impermeabilizacións con láminas PVC e láminas asfálticas, de aplicación en:
Terrazas, cubertas, medianeiras, revestimento de canalóns

FACEMOS DEPÓSITOS PARA REGADÍO E PARA AUGA POTABLE